SR. PÉREZ CORREA: Para nós non é un trámite administrativo menor, é sobre todo unha oportunidade para este Concello, nós queremos subliñar algunhas cuestións sobre o Plan de Auditorías que se nos presenta e o sistema de control financeiro que se propón, porque ademais efectivamente hai algún aviso, non só nas cuestións do risco senón no propio informe, primeiro, é bastante curioso e bastante triste a estas alturas despois de 40 anos de concellos democráticos que o Concello de Vigo non teñan ningunha sociedade mercantil pública, ningunha empresa pública cando calquera gran concello deste país, calquera, poñan vostedes das 12 grandes cidades deste país verá que hai sociedades públicas, sociedades públicas de xestión da vivenda, sociedade públicas da xestión da auga, sociedades públicas de transporte, debemos ser o único concello dos 12 grandes concellos deste país que non ten ningunha sociedade pública que sería tamén obxecto de fiscalización e efectivamente, claro, o Concello de Vigo pode decidir facer un plan de auditorías e un sistema de control financeiro ou pode ir pola vía ordinaria, perfecto, o que pasa que xa moitos concellos decidiron isto hai tempo, non esperaron o Real Decreto e levan facendo e presentando os seus plan anuais de auditoría e o seus sistemas ou as baremacións e as calibracións do seu sistema de control financeiro pero que ademais neste mesmo informe a propia intervención xeral di, “durante o exercicio do 2008 o Concello de Vigo non acordou establecemento dun réxime de requisitos básicos a efectos de fiscalización e intervención limitada previa para ningún tipo de gasto”, lexítimo, vostede dixo que aplican o sistema de fiscalización e control normal que teñen as administracións locais pero que di, “aplicando o seu réxime xeral de fiscalización e intervención previa para a totalidade dos gastos e obrigas o que supón un límite importante no ámbito do exercicio do control

financeiro permanente”, é dicir, o propio informe que vostedes presentan recoñecen que ir só ao sistema, por así dicilo, estandar de fiscalización non é bo, e ademais a análise de risco son oportunidades, aquí aparecen riscos probables e graves e o dicía moi ben o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, non só que os contratos menores pode que ser que non teñan fiscalización e que ademais de aquí terán que saír informes que nós pediremos regularmente, como fan en tódolos concellos, informes que fiscalizan a xestión dos contratos menores e informes que fiscalizan e auditan a obra pública e quero poñer como exemplo do que fai ben o Concello de Zaragoza, onde a fiscalización é incluso das obras, ver si efectivamente as actas de recepción de obras están dentro do que se consideraba, os tempos de execución, vostedes teñen obras paradas pola cidade e hai algunhas que están sobrepassados os tempos de entrega, os prezos, os custos, é dicir, veremos se eses informes non só que nos presenten aquí este documento senón que a fiscalización posterior da algo non, pero que tamén dentro do riscos está a baixa execución orzamentaria dos investimentos e é un risco que se avalía nisto como posible, a inexistencia e incumprimento do plan estratéxico de subvencións, nós máis que plan estratéxico nos gustaría unha ordenanza municipal reguladora, a ausencia do control dos gastos no material non inventariable, a inadecuada obtención e xustificación de subvencións e axudas públicas ou o incumprimento das obrigas na xestión e aplicación de subvencións, vostedes deste documento poden facer disto simplemente un requisito como vostede sinalaba ou facer unha oportunidade de mellora dalgunhas cuestións que xa non é que critiquemos nós e que na cuestión das subvencións hai unha crítica permanente de moitos colectivos sociais, a nós nos gustaría un documento máis ambicioso, é certo que a primeira vez que vostedes optan por esta vía, nós gustaría tamén saber se as auditorías vanse facer cun sistema de auditoría externa, se o van facer chamando a tres ou catro, ou a varias entidades certificadoras, neste caso auditoras que podamos tamén ter algún tipo de análise imparcial e tamén nos gustaría saber se de aquí vanse emitir informes que imos a coñecer, se simplemente imos aprobar isto e dicir que con isto está auditada a contratación pública e a xestión dos recursos económicos do Concello, pois imos a poñer tódalas dúbidas se logo isto vaise a cumprir ao longo do desenvolvemento deste ano.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Efectivamente é o cumprimento dunha obriga legal, un informe técnico no que se avalían unha serie de riscos probables, posibles, a nós nos parece un documento que vai a ter como se anuncia aquí no propio texto, que do resultado desta auditoría se emitirán informes e se traerán aquí, estaremos efectivamente atentos ao que pasa aquí, tamén cremos que a propia aprobación do Plan Económico Financeiro derivada do incumprimento da regra de gasto e do equilibrio orzamentario cos informes periódicos que hai que remitir á administración que ten a tutela financeira, tamén vai a contribuír dalgunha maneira á fiscalización e ao control das nosas contas pero si tamén nos resulta chamativo, cando se fai a análise de riscos pois determinados aspectos, un deles xa se puxo de manifesto aquí, que é o tema dos contratos menores outro é a baixa execución orzamentaria que é un risco posible, importante, o é, á vista do que temos na Conta Xeral e á vista do que temos no que vai de informe de execución do que falaremos despois, temos unha baixa execución orzamentaria no capítulo VI, nos investimentos. Tamén nos preocupa que haxa unha ausencia de control dos gastos do material non inventariable. O tema das subvencións isto si me gustaría que se clarexase un pouco máis, “inadecuada obtención e xustificación de subvencións e axudas públicas, o incumprimento das obrigas na xestión e aplicación das subvencións” así dito parece bastante groso non, quizais sería conveniente unha aclaración por parte do concelleiro de Facenda “inadecuada obtención e xustificación de subvencións ou axudas públicas” sería o control entendo, das subvencións que se conceden polo Concello.

En suma, é un documento técnico, nós estaremos atentos aos informes de auditoría que se emitan aquí, preocupánnos estes aspectos que acabamos de sinalar pero en todo caso, insisto, estamos relativamente tranquilos polo cumprimento do Plan de Estabilidade que lle corresponde efectivamente a outra administración, á que ten a tutela financeira.

SR. ANEIROS PEREIRA: Comezaba a miña intervención dicindo que era unha cuestión técnica, e volvo na miña réplica a facer alusión a esta cuestión técnica porque as cousas tecnicamente se chaman como se chaman, non se asusten vostedes se ven riscos porque neste ámbito se denominan así, é dicir, o que hai que controlar se denomina risco, pero non é unha situación alarmante nin moito

menos, se están familiarizados con estas técnicas agora que se denominan no sector privado “compliance”, isto do cumprimento normativo neste ámbito, no privado tamén chámanse riscos para facer referencia aquelas cuestión que se van a examinar, que se van a controlar, que se van a someter a especial control.

Polo tanto, non teñan medo de falar destes termos que se poñen negro sobre branco como dicía antes para dicir claramente cales son as cuestións que se van a comprobar.

Dicía tamén na miña primeira intervención que nada novo neste Concello, nin tutelas financeiras doutra administracións nin nada máis, é dicir, esta administración se tutela a si mesma, controla dende sempre o destino dos fondos públicos, controla sempre o cumprimento da legalidade e a intervención como órgano fiscalizador encargado de cumprir e de velar polo respecto da legalidade, vela en cada gasto que se fai, en cada aprobación nun gasto que se fai polo cumprimento da legalidade.

O que se pon neste documento, dicía, son aquelas materias concretas que van a ser especificamente de forma transparente que se vai a controlar, xa se estaba facendo, xa estamos a facer o control das subvencións, estamos controlando que os beneficiarios da subvención sexan quen a lei a as bases da respectiva convocatoria de subvencións poden recibir esa subvención, estamos controlando xa tamén que a documentación que se achega para solicitar a subvención sexa a correcta e sexa fiel á verdade, estamos a controlar tamén que a documentación que se achega para xustificar as subvencións sexa axeitada, sexa a correcta e que as actividades se fan.

Polo tanto, nada novo, dicía e insisto neste Plan de Auditoría que o único novo que engade a traer a este Pleno a aprobación deste Plan de Auditorías e por suposto traer a este Pleno os informes que deriven da aplicación práctica deste Plan de Auditorías.

O mesmo que nada novo faise co control dos contratos menores, parece que eses contratos menores son unha cuestión, non os contratos menores son legais, miren, os contratos ilegais fanse noutras administracións, quizais haberías que preguntarse se noutros concellos onde gobernen outros partidos políticos aquí tamén presentes non se fai uso dos contratos menores, así que non nos

enganemos que os contratos menores son legais aplicando os supostos nos que se teñen que facer e demais.

E respecto ao control da baixa execución, hai que entender para que vale isto do control financeiro, un dos aspectos, das facetas do control financeiro é a eficacia da eficiencia do gasto, loxicamente maior eficacia do gasto público, maior eficiencia do gasto público será se se executa o orzamento previsto.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

3(91).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO 2019, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS . EXPTE. 120/143 (REXISTRO PLENO 2071/1101)

ANTECEDENTES: Con data 9 de xullo de 2019, a Dirección Superior Contable e Orzamentaria emite o seguinte informe,

“Resumo do Período medio de pagos mensual (PMP, RD 635/2014 coa modificación operada polo RD 1040/2017) e morosidade comercial, Lei 3/2004, e 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, coa modificación incorporada pola Lei 15/2010, de 5 de xullo

Entenderase por número de días de pago, os días naturais transcorridos desde:

- a) A data de aprobación das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.

c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata a data de pago material por parte da Administración, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.

Entenderase por número de días pendentes de pago, os días naturais transcorridos desde:

a) A data de aprobación das certificacións de obra ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.

b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.

c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.

Como para as certificacións de obra sempre se tramita a factura de forma simultánea, o tratamento é o de factura.

En consecuencia, para o cálculo dos días de pago, é a data de conformidade, estado V (verificación) do RCF(Rexistro Contable de Facturas) ata o seu pago, ou se non estivese pagada o último día do período de control, último día do mes.

Para aquelas facturas que o último día do mes estivesen rexistradas pero non conformadas, o período de cálculo será o de rexistro de factura ata o último día do mes. Sempre o resultado é positivo

Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017

Por días de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2019												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	15,65	10,02	11,61	9,54	8,78	11,89						
FAIMEVI	78,9	108,26	139,02	168,79	199,56	230,69						
MARCO	42,34	29,51	49,76	42,28	39,63	27,59						

Resumo por trimestres de morosidade, en contía e número de operacións, ano 2019

Trimest.	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	31.140.443,36	3.496.035,30	198.647,18	48.731,11	177.934,05	70.207,59	9.153,72	17.282,94	269,83	23.854,18
Nº pagos	1.728		59		115		10		13	6
Segundo	38.665.659,81	5.489.560,79	351.563,92	19.653,46	161.047,64	35.794,32	19.236,27	5.099,50	145,20	23.854,18
Nº pagos	1.742	408	100	15	110	32	32	2	12	6
Terceiro										
Nº pagos										
Cuarto										
Nº pagos										

PMP: Período Medio de Pago

PMPP: Período Medio Pendiente de Pago

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 24.07.19, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta da execución do orzamento de 2019, correspondente ao segundo trimestre deste ano, é dicir, os meses de abril, maio e xuño, é dicir, para entendernos dende a finalización da Reconquista que como saben onte recibiu de novo ese referendun da publicación como festa de interese turístico nacional e a celebración das eleccións pasadas, de xuño de 2019 que impediron que nese Pleno se dise conta tamén desta execución orzamentaria. Hai que dicir que a esa data, de 30 de xuño de 2019, levamos comprometidos, pagados neste caso 99,1 millóns de euros con cargo ao orzamentos definitivo de

296 millóns de euros. Hai que dicir que os ratios de execución son axeitados, tanto no que se refire no capítulo II de gastos correntes neses servizos como no capítulo de investimentos de acordo coa programación e de acordo cos prazos da tramitación das distintas contratacións que fai este Concello, hai que dicir como xa é a habitual pero non por ser habitual deixa de ter importancia, que non se pagou ningún xuro, ningún interese por endebedamento bancario, por suposto que estamos nunha situación de débeda cero, é dicir, trátase da execución do maior orzamento que tivo este Concello de Vigo na súa historia e que pretender facer, que fai desta cidade unha cidade social, dinámica, emprendedora, cohesionada social e territorialmente tamén dentro do seu termo municipal e unha cidade habitable cos mellores servizos públicos que ten unha cidade en Galicia, así o reflicte o terceiro observatorio dos servizos públicos urbanos ao sur de 2019 que sitúa a Vigo como unha das cidades con maior satisfacción na súa cidadanía polos servizos públicos que ten a cidade, a seguridade, subministro de auga, sumidoiro, alumeadado, iluminación, estamos ampliando as zonas iluminadas e ademais reducindo o consumo eléctrico, coa recollida de lixo, coa limpeza viaria que xa acumula seis escobas de platino, que este observatorio nos coloca no podium das cidades españolas máis limpas e xunto con outras cidades do norte peninsular é cun nivel importante de satisfacción no transporte e nos xardíns, e polo tanto nesa ampliación tamén de parques para satisfacer as necesidades de esparcemento, de lecer, de xogo tamén dos rapaces cos novos parques infantís de Bouzas, de Camilo José Cela, de rúa Venezuela, de Navia, de Jenaro de la Fuente coa rúa Aragón, de Barreiro e de tantos outros que estamos a facer neste cidade, pero tamén dicía que somos unha cidade social, unha cidade que presta atención ás persoas e esta execución do orzamento do segundo trimestre permite poñer de manifesto tamén este carácter social da cidade coa execución de máis de 2 millóns de euros nese servizo de Axuda no Fogar que permite que mil persoas teñan axuda no seu fogar por parte dos servizos municipais coa atención aos maiores a través do servizo de Teleasistencia, máis de medio milleiro de persoas maiores coa atención do servizo de Teleasistencia, cos coidadores de barrio, tamén coa rede de emerxencia social que permite que as mulleres vítimas de violencia de xénero teñan tamén unha casa de acollida, que teñan programas de axuda para o emprego e tamén coas axudas ás familias a través das bolsas de libros, e de comedor para os rapaces que

estudan nos colexios desta cidade, pero tamén con outra actividade moi importante, permite que milleiros de rapaces desta cidade nesta época, no mes de xuño, gocen de campamento de verán, tanto deportivos como de xuventude, pagados integramente cos orzamentos municipais e que están como dicía que máis de 2.700 rapaces desta cidade gocen deses campamentos de verán, pero tamén dicíamos que somos unha cidade que presta atención ás persoas, con máis de 187 persoas que logramos contratar, que se inxira no mercado laboral a través das axudas do Plan de Emprego Municipal, que suple a carencia da Xunta de Galicia nas políticas activas de emprego é que permite que máis de 187 persoas se integren no mercado laboral, pero tamén transformando a cidade e mellorando as condicións de vida tanto no rural, co plan de asfaltado, coa mellora da vía rural como tamén no centro da cidade e nas distintas parroquias desta cidade, coas obras da Praza de América, rúa Camelias pero con obras tamén en rúas menores ou doutra parte da cidade, quero dicir como a rúa Escolas Públicas ou a rúa Serafín Avendaño facendo de Vigo dicía unha cidade activa con actividades deportivas como a Wolk Tour como o campionato de balonmán que se está desenvolvendo ou do campionato de baloncesto en cadeiras de rodas, a isto nos adicamos.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Se hai un elemento que mide a acción dun goberno, sobre todo un goberno que xa tiña neste exercicio ao inicio deste exercicio unha folgada maioría absoluta é o grado de execución orzamentaria, aquí non hai inimigo exterior ao que responsabilizar, aquí non hai causa allea a quen imputar e que explique como ven recollido no informe no estado de execución no segundo trimestre que apenas se teñan executado 1,5 de cada 10 euros previstos, presupostados no capítulo de investimentos, uns orzamentos elaborados polo grupo de goberno, cunha folgada maioría absoluta e un grupo con plena capacidade de obrar co e que depende de si propio para executalos, se cadra aí está o problema que iso depende de si propio. En todo caso o estado de execución o que constata para o Bloque Nacionalista Galego máis que un superávit económico do que sistematicamente se gaban ao rematar os exercicios, o que se produce no Concello de Vigo é un claro déficit de xestión, un claro déficit de acción do goberno, por parte do goberno municipal e que ao final acaba por cristalizar unha política claramente aparental, con anuncios reiterados, con compromisos

dun exercicio para outro con actuacións que se prometen e que se volven a prometer e dende logo unha xestión que se basea fundamentalmente nesa ficción do relato do que tanto se está a falar estes días por outras razóns. Entre mentres na cidade segue habendo importantes necesidades do punto de vista social pero tamén do punto de vista infraestrutural e dotacional que seguen sen ser atendidos e atendidas debidamente e non é que o diga o Bloque Nacionalista Galego, non é que o diga este concelleiro, é a resposta que habitualmente se lle da por parte aos concelleiros/as do goberno cando diferentes colectivos sociais ou veciñais acoden as diferentes áreas para reclamar que se atenda algunha cuestión, non se pode facer todo ao mesmo tempo, era bo que como mínimo fixeran aquilo que teñen orzamentado e comprometido que van facer.

SR. PÉREZ CORREA: Eu creo que sempre o digo e dende o afecto ao concelleiro de Facenda pero as súas intervencións só lle falta unha música de fondo para que sexa o spot que poida levar este Concello e recomendo ademais que faga o relato do próximo spot de FITUR o concelleiro de Facenda, está moi ben, o texto está ben, e incluso turisticamente pode ter retorno nas campañas pero eu quero falar dos números que nos poñen aquí, e pode vostede citarme a observatorios de servizos públicos, escobas de platino que curiosamente son observatorios feitos polas empresas concesionarias, tanto unha como outras no caso de Osur que preside ademais o Sr. Ramón Tamames pero que todo o mundo sabe que detrás están os loobies privados que xestionan a auga, o transporte, os servizos públicos, pode vostede poñerme as escobas de platino que é cuestión de pagalas, é como comprar, sempre o dicimos, nunha tenda de trofeos os trofeos e poñer o nome de cada un, pois iso non ten moito mérito. Nós queremos aquí falar dos números que vostedes presentan, e ademais coa pouca experiencia que temos nós despois de catro anos coa matraca non sabemos de execución porque realmente aínda que non apareza en execución son gastos comprometidos que se executan no seguinte exercicio, hai casos aquí evidentes de que é un problema de execución porque pasan e pasan os exercicios, os anos orzamentarios e non se executa e eses remanentes pasan directamente ao superávit e polo tanto despois de 5 anos non nos poden vostedes seguir dicindo que aquí o que hai é que non sabemos de economía, que son investimentos que se consignan e se fan despois noutros

exercicios porque non é certo, nalgúns casos si pero nos que queremos relatar non, en primeiro lugar claro que hai unha execución baixa e efectivamente non é un problema seu, con maioría absoluta sen ningún informe desfavorable non vou dicir sen ningún plan económico financeiro porque realmente o que tivemos pois cando menos efectivamente era simplemente polo rescate do Auditorio Mar de Vigo, 35 millóns de euros que vostedes liquidaron a través dos fondos que existían na Tesourería municipal pero bo, vostedes teñen todo o vento a favor nas velas para poder levar adiante unha execución, vostedes presupostaron 30 millóns de euros, lles sumaron 29 millóns entre o superávit e os fondos europeos, subiron a aposta dese xogo de ruleta que fan vostedes a 59 millóns de euros e a estas alturas, a metade de ano teñen 9 executados, de 59 millóns 9 é un problema de execución e é un problema ademais acabamos de ver que é un risco, si claro que os riscos non son malos, as veces analizar os riscos son oportunidades pero é un risco permanente neste Concello que no se execute, modificacións de crédito que a min me parece moi ben que un alcalde anuncie ano tras ano partidas orzamentarias, un millón de euros en parques infantís, pero que 15 días despois non se faga unha modificación de crédito e ao millón de euros de parques infantís lle resten 685.000 euros, que vostedes anuncien humanizacións que dentro de 15 días se lle quita en modificacións orzamentarias partidas porque saben que non as van executar nese ano, que vostedes teñan 3 millóns para mantemento de viais e espazos públicos e non executen a totalidade vendo como está si saímos desa burbulla que é o centro da cidade, vendo como están os viais públicos a e ademais con modificacións, vostede incluso o outro día a min me escandaliza que vostedes teñan un proxecto de fondos EDUSI como son as escaleiras de Gran Vía e pretenden que o mantemento das escaleiras de Gran Vía se financie con parte dos recursos que son para o mantemento da rede viaria e iso está no proxecto que vostedes presentaron, rúa Coutado, rúa Don Bosco, os terreos da Adif en Serafín Avendaño, a contorna do Castro, é dicir son humanizacións “vintage”, e dicir, que veñen en varios exercicios, supoño que nalgún momento claro que si, que as van a executar pero non digan que é aínda que non estea executado imos a ter este exercicio porque se vai pasando determinados investimentos de ano a ano, é unha evidencia, pero que ademais nós queremos ver á metade de ano como planifica unha cidade, home a metade de ano habería que ter executado cando menos os

recursos en materia de turismo para facer unha previsión de que modelo turístico queremos facer para que non sexa un turismo estacional en dúas ou tres datas ao ano, ter executado o plan de turismo ou os recursos que teñen que ver con planificación de emprego, xa sei que logo vostedes executan a practica totalidade das grandes partidas de emprego pero as planificacións previas que se deberían de cando menos facerse ao inicio de ano, salvo que vostede me digan que traballan con planificacións dun ano para outro, para min tamén sería discutible porque os recursos cando menos que se utilicen no mesmo exercicio, teñen un problema de execución, é que seguimos sen saben cal é o problema para executar os investimentos deste Concello, seguimos sen sabelo, xa sei que ten unha dinámica administrativa longa, pero tódolos concellos a teñen.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Sr. Aneiros, efectivamente pois a función do concelleiro de Facenda non é o responsable da execución do Orzamento, é responsable efectivamente pois de explicala aquí, que non a explicou, o que explicou aquí foi todo o que o Concello fai, tódalas políticas que pon en marcha e digo que iso é o que explicou e precisamente porque son políticas moi importantes pois nós temos que lamentar que presentándose aquí o estado de execución da metade do ano, a execución orzamentaria total pois é un terzo, un 33,45% a metade do ano imos por unha execución dun terzo, de todas esas políticas as que vostede se referiu que non son responsabilidade súa, que son do goberno, dos seus compañeiros, a súa é achuchar ao resto dos compañeiros para que executen o orzamento, esa é a súa responsabilidade, ademais de explicalo aquí que non explicou porque por exemplo, que temos que ir por partes, no capítulo IV, onde efectivamente se están a subvencionar todas esas actividades tan importantes para o Concello a execución é dun 31% e por debaixo da media, no capítulo VI investimentos é un 15%, home, e iso que era ano electoral, máis desidia imposible.

Nos, efectivamente tamén somos conscientes do que a execución se pode incrementar, teñen 6 meses para incrementar a execución do orzamento ata final de ano, nós cremos que se debe facer, nós cremos que a súa obriga efectivamente é achuchar aos compañeiros para que esa execución se incremente de aquí ao final de ano pero somos escépticos porque nese capítulo VI, ao que se estaba referindo, na Conta Xeral que falaremos despois, a execución non chegou ao 60%,

chegou ao 60% é que o que lle quedaría se segue con ese ritmo de execución, estamos no 30% chegaremos ao 60%, iso cremos que hai un amplo marxe de mellora e si cremos que debe de poñerse as pilas.

Dito iso, non hai moito máis que engadir, falaremos logo na Conta Xeral de como se rematou o ano 2018, avisamos de que corremos o risco de rematar pouco menos que así, advertimos que deben de poñerse as pilas, executar o orzamento porque se se mira ao orzamento de ingresos os vigueses/as están a cumprir, están a pagar os tributos, os impostos, están facendo o esforzo, só hai que ver as colas que hai na recadación abaixo na lonxa, por certo habería algunha vez que rematar con elas, aí están a cumprir, cumbran vostedes tamén coa súa execución orzamentaria.

SR. ANEIROS PEREIRA: A execución do Orzamento vai sobre os termos previstos, vai moi ben incluso, porque se temos que respectar os procedementos de contratación como respectamos, se temos que respectar como respectamos, os procedementos de concesión e de pagamento de subvencións como facemos, os termos de execución no primeiro e segundo trimestre do ano son axeitados aos procedementos administrativos que respectamos dende este Concello e por suposto dende este goberno municipal. O mesmo que respectamos a humanización por fases das distintas rúas da cidade, fase un, fase dous, fase tres, non é que se repita o mesmo tramo de humanización, senón que son fases distintas dunha mesma rúa que ten o mesmo nome pero non nos mesmos números que se humanizan e tamén cando se consegue cofinanciación de actuacións por parte doutra administración, loxicamente os prazos de execución se adecúan a ese prazos de achegas por outras administracións como pode ser os fondos europeos. Polo tanto, a execución deste orzamento e a execución deste goberno vai moi ben, ás probas me remito, os feitos están na rúa, se saen un pouco máis a rúa, se pasean polo cidade verán que temos o carril bici practicamente rematado, que temos a Senda Verde practicamente rematada, que as obras da nova praza América están xa en funcionamento, rematadas e en goce por parte de cidadanía, que a rúa Camelias e Venezuela está rematada en goce para a cidadanía, que os ascensores entre Isabel a Católica e Fernando o Católico están operativos, que rematamos o parque Camilo José Cela, que temos o pavillón

de Romil practicamente rematado, o pavillón de Quirós practicamente rematado, polo tanto estamos destinando os fondos públicos do Concello de Vigo a mellorar, a transformar a cidade e a satisfacer as necesidades tamén da cidadanía porque mire, se din vostedes que non executamos, pregúntenlle a esas 100.000 persoas que reciben os servizo de dependencia de Axuda no Fogar por parte deste goberno municipal, ou as 600 persoas que reciben o servizo de Teleasistencia tamén prestado por parte deste Concello de Vigo, ou as 5.000 becas de libros, ou eses 2.700 mozos que están en campamentos de verán, ou esas 900 bolsas de inglés que permiten que xeracións enteiras desta cidade cursen un idioma estranxeiro tan importante como é o inglés en Irlanda e en Reino Unido, ou pregúntelle tamén se non executamos o orzamento os máis de 60.000 usuarios que ten a biblioteca que fixemos na UNED e pregúntelle tamén á xente de Navia polos parques de Navia que puxemos en funcionamento executando os orzamentos.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

4(92).- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO ANO 2018. EXPTE. 108/143 (REXISTRO PLENO 2075/1101)

ANTECEDENTES: Con data 10 de xullo de 2019, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emite o seguinte informe proposta,

“Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2018, rendida polo Sr. Alcalde-Presidente por Resolución do 10 de maio de 2019 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión do 22 de maio de 2019, foi exposta ao público polo prazo que regula o art. 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, publicada no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra nº 103 do 31 de maio, rematando o prazo para presentar reclamacións e alegacións o 3 de

xullo, e segundo consta na certificación do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local que figura no expediente asinado o 5 de xullo, no prazo de exposición o público e oito máis, non houbo reclamación algunha, e ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 212.4 do TRLRFL, sométese a súa aprobación ao Pleno da Corporación.

O Ditame da Comisión Especial reflectía que de non presentarse reclamación algunha perante o período de exposición, polo Sr. Secretario da Comisión, previa certificación que acredite o anterior, se remitirá á Secretaría do Pleno todo o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno para a súa aprobación, e posterior remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro, data prevista no artigo 223 do TRLRFL. De terse recibido reclamación durante o prazo establecido, se informarán, e a Comisión Especial de Contas, formulará proposta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación antes do día 1 de outubro.

En execución do anterior, ao non terse presentado reclamacións nin alegacións no prazo de exposición pública e oito máis, proponse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo, que é coincidente coa proposta que se formulou a Comisión Especial de Contas..”

Deseguido o concelleiro emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 24.07.19, ditaminou favorablemente dita proposta

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta da Conta Xeral do Orzamento do 2018, neste caso os 29 indicadores que se teñen en conta polos órganos de control externo, é dicir, polo consellos de contas e tribunais de contas do Estado para avaliar as contas públicas dunha administración, nos atopamos con que os indicadores desta Conta Xeral, desta execución, desta liquidación da Conta Xeral do 2018 son positivos tamén para este Concello e polo tanto, para este goberno municipal do goberno de Vigo, eses indicadores financeiros patrimoniais e

orçamentarios que se teñen en conta polos organismos de control externo para avaliar a eficacia, a eficiencia e a legalidade da execución dos orçamentos nunha administración pública.

Me deterei primeiro nos indicadores macro para acudir despois digamos aos aspectos máis tanxibles desta Conta Xeral do ano 2018.

O primeiro que hai que dicir é que o resultado orçamentario foi positivo, positivo nun importe destacable que permite pola súa parte a incorporación de remanentes, precisamente usamos remanentes porque a liquidación e o resultado orçamentario é positivo e polo tanto, iso nos permite incorporar remanentes que seguimos executando nos anos seguintes, tamén hai que destacar o nivel de solvencia deste Concello, o que se chama aforro neto foi positivo, a liquidez inmediata foi positiva, a solvencia a curto prazo foi positiva e o grado de cobertura tamén foi positivo.

Polo tanto, indicador positivo que se ten en conta para avaliar a xestión económica deste goberno, indicador positivo que se ten en conta para avaliar tamén a solvencia e a eficacia no gasto público que se desenvolve por parte deste goberno municipal. Hai que destacar tamén a ausencia de débeda pública, hai que dicir que no ano 2006 cando gobernaban outros, este Concello tiña 66 millóns de euros de débeda pública, estamos nunha situación dende hai xa anos con este goberno de débeda cero, polo tanto, é un indicador tamén moi positivo por parte deste Concello de Vigo, das contas públicas do Concello de Vigo. Como tamén é positivo que o pago a provedores no ano 2018 se situou nunha media nacional da contorna dos 12 días, polo tanto, a volta dunha semana os provedores deste Concello cobran.

Pero tamén é moi positivo que a execución do orzamento do ano 2018 está por enriba do 80%, case no 90% polo tanto, tanto nos investimentos no capítulo de investimentos que contaba con 34 millóns no Orzamento do 2018 como as políticas de subvencións, con máis de 33 millóns de euros están executadas, cunha importante achega nesas orçamentos de 2018 para á área de Benestar con máis 14 millóns, para a área de Cultura con máis de 13 millóns, para Deporte con máis de 16 millóns, para o Comercio con máis de 5,4 millóns, o Emprego e a Educación. Hai que dicir que neste senso se facemos unha comparativa histórica, vou ao ano 2006 cando gobernaba outro partido ou un partido co apoio doutro, se temos esa

comparativa no ano 2018 o orzamento do departamento de Benestar respecto do ano 2006, está por enriba dun 280%, dito doutro xeito, no ano 2006 se investía nas persoas un -280%; en Educación respecto ao 2006 a 2018 investimos máis dun 66%, un 66% máis que no ano 2006, en Emprego un 124% que no ano 2006, polo tanto, esas son as cifras de liquidación dese orzamento de 2018 que amosan que tódolos recursos públicos deste Concello se destinan á cidadanía, a garantir eses servizos públicos, tódolos servizos públicos que como dicía antes, reciben recoñecemento por parte do observatorio dos servizos públicos, da organización de consumidores, e polo tanto, tamén polas persoas desta cidade pero tamén para adicar eses recursos a esa cidade solidaria no 2018, con esas máis 845 usuarios no servizos de Axuda no Fogar, con as máis de 1.000 axudas de emerxencia, ou cos máis de 1.300 bonos sociais de autobús, e tamén coa transformación da cidade a través das obras que estamos a realizar, polo tanto, os pagos do exercicio do 2018 como se fai referencia nesa Conta Xeral foron 252,9 millóns de euros, eses 252,9 millóns de euros adicados totalmente á satisfacer as necesidades da cidade, adicados totalmente a satisfacer ás vigueses/as que como se dicía contribúen cos seus impostos a que realicemos esas importantes políticas sociais que se reflicten nesa Conta Xeral que hoxe aprobamos aquí.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Estas contas son o resultado, son a aplicación dun orzamento que en primeiro lugar nós dende o Bloque Nacionalista Galego queremos lembrar que foi elaborado sen contar con máis ninguén que o Partido Socialista, sen incorporar ningunha emenda, sen incorporar ningunha alegación, nin de forzas políticas, nin de colectivos sociais e polo tanto é a aplicación dun orzamento que define un modelo de cidade ao que nós en moitos aspectos non podemos estar de acordo.

Estas contas o que reflicten, en consonancia co que xa viñemos abordando nos puntos anteriores é que hai un déficit de execución, de xestión municipal e por iso se xera remanentes pero non é maxia, si un orzamento non o aplica acaba xerando un superávit que acaba indo para remanente, non é unha cuestión de boa xestión senón de falla de xestión por parte do goberno municipal e o que vemos no transfondo e por entrar e como parece que a discusión non é sobre o aspecto económico senón sobre o aspecto político e clave propagandista, dende logo o que

subxace detrás desta Conta Xeral é a falla dunha política municipal real atenda que as necesidades reais da cidadanía e detrás destas contas hai cero vivenda social, detrás destas conta hai case 1.000 familias que recibiron cero euros da súa solicitude de cheque social, detrás destas contas hai un 25% máis de gasto nas luces de Nadal que no Plan Municipal de Emprego durante todo o ano, nunha cidade con case 24.000 persoas no paro rexistrado e detrás desta Conta Xeral o que hai tamén é a permanente desatención das necesidades dotacionais e infraestruturais das nosas parroquias e dos nosos barrios.

E por último como hai unha tendencia nos últimos días a facer alusións veladas a outras etapas o que quero dicir é que a única formación política das 4 que estamos aquí que aprobou un orzamento municipal cos votos do Partido Popular foi o Partido Socialista.

SR. PÉREZ CORREA: Se hai algún senso ou algunha capacidade que ten a Conta Xeral é que é unha rendición de contas, no formato da nova política a rendición de contas, pero isto é un documento que rende contas do que se ten feito durante o exercicio que fai referencia, nós queríamos citar algunha cuestión que non é menor, a Conta Xeral tamén introduce cando nós aquí traemos datos sobre a situación económica da cidade sempre sometida a discusións previa se os datos son falseados ou non, a Conta Xeral é un documento interesante para calquera cidadá non vou a dicir que empreguen o seu mes de agosto en ler una conta xeral do Concello porque sería case defender a tortura, pero se alguén ten algún tipo, ou algún cidadán ten algún tipo de inquietude, na Conta Xeral aparece todo, o que vostedes sistematicamente negan, o que a oposición lle puxemos enriba da mesa, dende a situación económica, os datos globais na comarca, Vigo pasa do ano 2009 de significar o 23% do PIB galego a apenas o 17%, é dicir, unha situación importante de redución da capacidade económica da comarca de Vigo, da cidade de Vigo con respecto ao resto de Galicia pero ademais é que hai datos, o cadro de persoal en 10 anos pasou de 1.021 funcionarios a 825 e de 502 laborais a 342 laborais, é dicir, perdemos tamén emprego público, cuestións están sempre en discusión e que cando aparecen nunha Conta Xeral é importante poñer e ademais esta Conta Xeral está marcada por unha cuestión que non é menor, é que vostedes tiveron que facer un Plan Económico Financeiro que vai rexer cando menos dende

o 2019 e tamén o exercicio do 2020, o incumprimento ten causa na indemnización imputada ao orzamento do ano 2008 da resolución ditada do auto mercantil do xulgado número 3 de Pontevedra con sede en Vigo no que se declara extinguido o contrato de concesión de obra pública do Pazo de Congressos de Beiramar, e home, que tivéramos 100 millóns de euros nas arcas municipais a agora teñamos 60 porque vostedes tiveron que facer cargo a 35 millóns de euros, pois cando menos debería ter algún tipo de mención nunha conta xeral, creo que é importante que se poña, ademais aparece cunha modificación de crédito das máis importantes, é dicir, unha Conta Xeral é unha Conta Xeral marcada por unha xestión nefasta dunha infraestrutura pública que veremos se remata aquí, porque vostedes seguen a pensar que hai unha xestión excelente, seguen tendo convenios directos de medio millón de euros con empresas e aquí hai unha cuestión que non é menor e ademais hai afortunadamente unha Conta Xeral que pon enriba da mesa algunhas cuestións que vostedes negan, e é o custe do servizos públicos, porque claro o custe dos servizos públicos evidentemente aquí nesta Conta Xeral aparecen 29 millóns de euros de ingresos con respecto ao transporte fronte a 27 millóns de custos directos, é dicir, ingresamos máis polo transporte público do que gastamos pois ao mellor entón é que non pensemos en adxudicalo a unha empresa privada no ano que ven, fagamos unha empresa municipal pública porque tería remanente positivo e beneficios, aparecen efectivamente o que gastamos dos servizos públicos, iso está na Conta Xeral, non é información que eu me estea inventando, aparece na Conta Xeral o que custan os servizos e aparece evidentemente que en servizos sociais vostedes poden dicir que hai un incremento pero hai un incremento brutal dos custes derivados da xestión de empresas concesionarias privadas nos servizos públicos esenciais e eu creo que tamén ese debate ten que estar na Conta Xeral porque este ano, esta lexislatura imos a ter que falar de como queremos xestionar cando menos dous servizos públicos importantes como é o transporte e a auga.

E nos gustaría ademais, é bo, que a Conta Xeral se coñecera e que a Conta Xeral se explicara, porque tamén aquí aparece moitas veces cuestións que non son menores como é tamén os grados de execución e as subvencións públicas que se reciben, logo falaremos diso, que se recibe do Estado, da Xunta de Galicia e que

servizos damos con respecto a esas subvencións e esas transferencias que fan as outras administracións.

Nós nos imos abster como fixemos sempre na Conta Xeral porque a Conta Xeral non é un trámite administrativo máis, non é simplemente consolidar unha serie de documentación que vai referida a un ano orzamentario senón que aquí tamén se ve a xestión orzamentaria de todo ano e as decisións políticas que se toman sobre a xestión orzamentaria, non é o resultado pois dunha lei natural e polo tanto a Conta Xeral non hai ningún tipo de implicación, aquí como digo nesta Conta hai decisións, agora temos unha Tesourería por debaixo do 60 e pico millóns de euros en base a unha decisión política tomada no seu día e isto tería que ter para nós tamén un percorrido e se claro que o resultado é positivo porque fixeron todo o posible para que o resultado fora positivo, se fora negativo os 35 millóns de euros do Auditorio contarían.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: A Conta Xeral está rendida en prazo, completa, será fiscalizada polo Consello de Contas e dende o punto de vista formal, nada que dicir. Pero si o reflexo da xestión que se fixo durante o ano 2018 e ofrece información e contribúe tamén pois a racionalizar o debate con datos e nós nese senso o que queremos poñer de manifesto son varias cuestións, en primeiro lugar que a forma máis gráfica ou definitiva do que foi o exercicio do 2018 é como chegamos ao orzamento que estamos executando este ano, orzamento inicial 257,5 millóns de euros incorporamos todo o non executado o ano pasado 38,9 e nos poñemos en 296,5 millóns de euros, ese é o resultado da execución orzamentaria, financeira do Concello que se reflicte nesta Conta Xeral, 38,9 millóns de euros que hai que incorporar. Logo poñemos tamén de manifesto determinadas cuestións relativas aos ingresos, algunhas anecdóticas por exemplo, procedentes da Xunta de Galicia 11,8 millóns de euros, de acordo que 6,5 millóns son por participación e ingresos, pero miren, Plan Concertado de dependencia 3 millóns, CEDRO 1,1 millóns, Emprego e Formación case 900.000 euros en subvencións correntes, estou a falar, Deputación de Pontevedra subvencións correntes 900.000 euros, pouco máis ou menos o que pon a Xunta de Galicia en materia de emprego e formación, o que puxo no ano 2018, 5 millóns de euros fronte a 900.000 euros, máis ou menos, iso si tamén é verdade hai unha subvención de capital de 2,6

millóns de euros para facer por exemplo, Balaídos, cun magnífico resultado en termos de confortabilidade que estamos vendo nos últimos días e que suscita esa relación epistolar entre o Concello e o Celta. Con todo iso as achegas da Deputación de Pontevedra non chegan aos 3 millóns de euros.

Máis sobre ingresos, ingresos tributarios por habitante, ano 2007, 452,31; ano 2017, 558,18, un 19% máis, presión fiscal no mesmo período, 2007, 398,55; 2017, 510,84 un 18,5% de presión fiscal máis, pagamos moito máis polo mesmo, non nos perdoaron nin nos peores anos da crise, vese perfectamente o diferencial, fíxese, o diferencial entre os dereitos recoñecidos e os ingresos, ten aí un cadro fantástico durante varios anos, durante a crise o diferencial chegou a ser do 20%, é algo dramático, é evidente que Vigo non podía pagar os tributos cos que lle estaba a cargar o Concello, agora é de apenas 6 puntos, os vigueses estamos a cumprir, temos un comportamento exemplar como dicía, só hai que ver as colas que se forma na lonxa para pagar, ese non é o servizo que queremos dar.

Pola contra, insistimos, remanentes, non se executan os créditos, remanente de crédito non comprometido 33,1 millóns de euros, obrigas recoñecidas no capítulo VI, o 60%, o 40% do previsto quedou sen executar e logo pois con estes resultados de Conta Xeral incrivelmente, con estes ingresos que se cumpren e con estes gastos que non se executan temos unha desviación de estabilidade orzamentaria do ano 2018 de 3,7 millóns de euros e incumprimos a regra de gasto en 13,5 millóns de euros, que non aparece en toda a memoria da Conta Xeral o “elefante na habitación ao que ninguén mirar” e que efectivamente o rescate de 35 millóns de euros do Auditorio, por iso tivemos que aprobar aquí o Plan Económico Financeiro que foi aprobado e que pasamos como o resto dos concellos de Pontevedra que están nesa situación, miren que liga estamos a xogar aquí, concellos que teñen Plan Económico Financeiro de Estabilidade aprobada pola Xunta de Galicia, Bueu, Campo Lameiro, Cañiza, Caldas de Reis, Covelo, Fornelos de Montes, Moraña, Oia, Pazos de Borbén, Porriño, Rodeiro, O Rosal, Salceda de Caselas, Silleda, Tui e Vigo, esa é a liga na que estamos a xogar agora mesmo, ese é o nivel. A Xunta de Galicia ten que facer un seguimento das contas.

Hai un Plan Económico Financeiro aprobado, estamos sometidos á tutela doutra administración, perdemos señores, a autonomía financeira e orzamentaria porque estamos tutelados e temos que remitir información cada seis meses.

SR. ANEIROS PEREIRA: O Sr. Marnotes demostra unha bo coñecemento de xeografía preto a Vigo pero se esquece selectivamente que a Xunta de Galicia estivo en pez durante o mandato como conselleira de Facenda da Sra. Muñoz Fonteriz, non sei se esquece selectivamente, se se lembra dela, por certo, está no Senado premiada polas súas tarefas pero a Xunta de Galicia estivo en Plan Económico Financeiro durante a etapa da Sra. Muñoz como concelleira de Facenda, non só estivemos en pez senón que tivemos un hospital privado tamén na cidade gracias á Sra. Muñoz.

A tarefa da oposición está claro cal é, os tres grupos da oposición coinciden neste caso de pintar que todo está mal, ningunha proposta, todos son dúbidas incluso hai alguén que con un concelleiro pretende gobernar como se fose con 27 e di que o Orzamento se fixo con mais ninguén, o Orzamento se fixo pactado coa cidade, os orzamentos de Vigo están pactados coa cidade, escoitamos día a día aos cidadáns desta cidade, son os cidadáns os que nos piden actuacións e respondemos ás peticións e ás actuacións que nos piden os cidadáns da cidade.

Mire, é que non só facemos máis con menos porque no orzamento 2018 conseguimos quedarnos co Auditorio Mar de Vigo, conseguimos quedarnos con ese auditorio que adxudicou o Partido Popular pero conseguimos quedarnos por unha cifra simbólica cun auditorio que vale máis de 100 millóns de euros, e que estamos adicando á cidade porque entre outras cousas aí se celebran obradoiros de emprego, que celebramos nunha instalación pública municipal como é o Auditorio Mar de Vigo, celebramos concertos de bandas de música, corais, todo para a cidade, gratis, por 34 millóns de euros temos aí unha instalación pública de referencia para a cidade onde tamén están as aulas da UNED e esa biblioteca que usa máis de 60.000 persoas neste Concello de Vigo pero mire, dicía que ademais se imos aos números o que reciben cada cidadán son, de acordo cos datos, son 1.090 euros, cando a presión fiscal é moito menor, 496 euros, isto significa unha regra moi sinxela Sr. Marnotes e señores da oposición, se temos en conta cal é o importe das partidas para os servizos públicos obrigatorios deste Concello, 131,5 millóns de euros, e a dividimos entre as persoas censadas nesta cidade, se facemos esa conta tan sinxela temos que pagaríamos cada vigués 447 euros, quero dicir que a presión fiscal en Vigo é moi baixa, mentres que o cidadán recibe

de gasto corrente 900 euros e de investimentos 188 euros, polo tanto, 1.090 euros que reciben os cidadáns de Vigo cos impostos que pagan de media, moito máis por menos.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2017), correspondente á Entidade Local e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).

SEGUNDO.- Aprobar a dotación de amortizacións na entidade por unha contía de 6.551.929,08 euros e 6.732.235,26 euros nos estados consolidados.

TERCEIRO.- En aplicación do previsto na Base 54ª das de Execución do Orzamento, aprobar a dotación a saldos de dereitos de difícil recadación por unha contía de 54.835.913,361 euros na Entidade é 56.430.802,75 euros para os estados consolidados.

CUARTO.- Aprobar a Reclasificación da débeda en relación coa liquidación negativa da cesión de tributos e FCF dos anos 2008/2009 de longo prazo a curto prazo polas compensacións que corresponden ao ano 2019.

QUINTO.- Ditaminar inicialmente a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, integrada pola Conta da Entidade e a do seu Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de

Urbanismo correspondente ao ano 2018, composta polos seguintes estados e contas anuais:

- Balances.
- Contas de resultados económico-patrimoniais.
- Estado de cambios no Patrimonio Neto.
- Estado de fluxos de efectivo.
- Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios.
- Memoria, coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2018.

A remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, farase tendo en conta a Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais, para a súa remisión por procedementos telemáticos para a rendición das contas, coas modificacións introducidas polas polos Acordos do Pleno do Tribunal de 30 de xuño de 2009 e de 20 de xullo de 2010 e o Acordo do Pleno do Consello de Contas de data 3 de maio de 2011 relativo ao formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición, Acordo do Pleno do Tribunal de Contas de 26 de novembro de 2015, en relación co formato da Conta a partir do ano 2015, así como o Convenio asinado entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das contas xerais das Entidades Locais.

En relación co formato, terase en conta a Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado de data 13 de novembro de 2015.

5(93).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTOS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO ANO 2019. EXPTE. 21917/541 (REXISTRO PLENO 2076/1101)

ANTECEDENTES: Con data 10 de xullo de 2019, o tesoureiro municipal emite o seguinte informe,

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (entrada en vigor o 1 de abril de 2018).

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I Ámbito subjectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Asimismo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del periodo medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El prazo de pago que debe cumprir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica

2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, escomezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendiente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as dispoñibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 1040/2017 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FAcE ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre. Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.

- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 2º trimestre do ano 2019.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2019 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco Convention Bureau e FAIMEVI.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda e Función Pública, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C.	F.FAIMEVI
Pagos feitos no trimestre					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	1.726	100	64	21	12
Importe dos pagos	38.599.169.43	351.563.92	73.453.26	16.734.04	145.20
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	16	0	46	11	0
Importe	66.490.38	.00	87.594.38	2.502.23	.00
PMP (período medio de pago do trimestre)	14.08 días	17.85 días	40.63 días	76.89 días	9.17 días
Intereses de demora pagados no trimestre					
Nº de pagos	.00	.00	.00		.00
Importe	.00	.00	.00		.00
Pagos pendentes ao remate do trimestre					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	390	15	15	2	0
Importe dos pagos	5.463.171.04	19.653.46	15.877.33	5.099.50	.00
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	18	0	17	0	6
Importe	26.389.75	.00	19.916.99	.00	23.854.18
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	13,63 días	5,27 días	39,01 días	39,13 días	2.065,86 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimest.	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Días		Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	16,28	12,59	25,46	12,70	50,64	33,13	133,57	17,66	4,90	2.034,36
Segundo	14,08	13,63	17,85	5,27	40,63	39,01	76,89	39,13	9,17	2.065,86
Terceiro										
Cuarto										

En contías e nº de pagos

Trimest.	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	31.140.443,36	3.496.035,30	198.647,18	48.731,11	177.934,05	70.207,59	9.153,72	17.282,94	269,83	23.854,18
Nº pagos	1.728		59		115		10		13	6
Segundo	38.665.659,81	5.489.560,79	351.563,92	19.653,46	161.047,64	35.794,32	19.236,27	5.099,50	145,20	23.854,18
Nº pagos	1.742	408	100	15	110	32	32	2	12	6
Terceiro										
Nº pagos										
Cuarto										
Nº pagos										

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e

Novemb.										
Decemb.										
Total	69.714.247,01		550.211,60		343.122,84		28.392,99		366,63	

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura ata o pago ou ata o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 24.07.19, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para conta do pago á provedores por parte deste concello neste segundo trimestre de 2019, recordamos que os concellos, as administracións públicas teñen a obriga de facer o pagamento das súas facturas nun prazo de 30 días dende que esas facturas ingresan non rexistro telemático de facturas, coñecido como FACE, no rexistro telemático de facturas, polo tanto, información transparente e información que non é manipulable posto que cando un provedor deste Concello presenta a súa factura a través do rexistro telemático a partires de aí comeza a computar a prazo de pago. E o que fai este Concello é minimizar os custos financeiros para as empresas facendo un pronto pago das facturas que son correctas, que están e que se corresponden co pactado nos contratos e que se corresponden cos servizos e coas obras que están contratadas. Polo tanto, trátase de evitar tensións de tesourería para as empresas, para os autónomos, para os provedores e tamén de facilitar esa reactivación económica poñendo cartos fácil en circulación pero amosa tamén a existencia dunha caixa sólida e solvente por parte desta administración e tamén a existencia dun Plan de

Pagos axeitado por parte dos órganos deste goberno e desta administración municipal.

Se temos en conta que neste segundo trimestre do ano o período medio de pago en España para as corporacións locais que representan en torno a un 44, 45% dos pagos que se fan nas administracións públicas estivo en máis de 60 días, os prazos de pago deste Concello serían uns prazos de pago record como están a ser nos últimos anos posto que pagar en 9 días é un prazo moito máis baixo do que teñen a maioría dos concellos no contexto de España, hai que dicir tamén que se nos remontamos a outro ano, ao ano 2006 estaríamos nesa media, máis incluso, 66 días de pago á provedores no ano 2006, 9 días de pago no ano 2019, polo tanto, hai que poñer tamén en valor que só dúas cidades teñen un prazo de pago tan baixo como o de Vigo que son Barcelona e a propia cidade de Vigo, polo tanto, nos situamos como referente dos máis de 8.000 concellos de toda España como referente tamén das principais cidades de España sexan ou non capitais de provincia. Polo tanto, somos de novo un referente. Se temos en conta que en Madrid pagan en 20 días, Barcelona en 12,87 días, Valencia en 26 días, Sevilla en 36 días, Zaragoza en 21 días, Málaga en 29,5 días, Las Palmas de Gran Canarias en 59, Palma en 34, Murcia en 24, Alacante en 25, Valladolid en case 12 días, polo tanto, os termos de pago de Vigo son moito máis razoables e nos colocan á cabeza das principais cidades de España, nos coloca como referente polo tanto, das principais cidades de España e tamén doutros municipios que sendo menores en poboación, menores en actividade económica tamén teñen prazos de pago digamos demasiado elevados, cidades como pode ser Granada que ten uns prazos de pago de 178 días, Vigo polo tanto, está á cabeza na xestión, á cabeza na solvencia, á cabeza no modelo de reducir ás tensións para ás empresas, autónomos e para as sociedades que contratan servizos, obras ou digamos cuestións que se lle encargan dende esta administración municipal, o período medio de pago no mes de abril foi de 9,7 días, no mes de maio de 9 días, e no mes de xullo de 12 días polo tanto, como digo e como reflicten os datos moi por debaixo do resto das principais cidades de España, moi por debaixo das capitais de provincia do contexto do estado e polo tanto, liderando digamos o pago á provedores que non é outra cousa que liderar a economía, liderar a xestión e mellorar as condicións de pago.

No contexto galego, A Coruña paga en 44 días, Santiago de Compostela en 55 días, Ourense en 77, Lugo en 13, Pontevedra en 22 e como dicía Vigo na contorna de 9 días, isto significa que mentres Vigo paga nunha semana, Ourense paga en 11 semanas, A Coruña en 6,3 semanas, Santiago de Compostela en 7,9 semanas e Pontevedra 3,1 semanas, polo tanto, o Concello de Vigo amosa xestión, amosa solvencia e amosa atención á economía das empresas e á economía dos autónomos que contratan con este Concello de Vigo, polo tanto, pagos moi por debaixo tamén doutras localidades da contorna como poden ser Mos que paga en 62 días, ou Baiona que estaba a pagar en 62 días, polo tanto, o Concello de Vigo atende a solvencia, á economía, atende a reducir os custos para as empresas e provedores deste Concello de Vigo.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Si de verdade o goberno municipal escoitase á cidade como dicía antes o concelleiro de Facenda non terían que estar colectivos sociais agora mesmo na porta cantando algunhas verdades que non se queren escoitar, probablemente un nexo do absolutismo, o concepto de absolutismo lles une e aquilo que nas monarquías absolutas era aquilo do que “o estado son eu”, agora converteuse en “a cidade somos nós”, e nós non lle negamos que sexan parte importante da cidade, máis a cidade é moito máis que a base electoral do Partido Socialista e cumpre non esquecerlo e por iso dicimos que efectivamente non se elaboran as contas contando co conxunto da cidade senón apenas co seu criterio. Entrando na cuestión dende logo, dende o Bloque Nacionalista Galego valoramos positivamente o feito de que se teña avanzado na axilización dos pagos e que efectivamente o Concello de Vigo teña nese senso unha xestión case exemplar a respecto de axilizar o pagamento aos provedores, non en tanto si que temos que trasladar dúas cuestións que se nos teñen manifestado por parte de diferentes colectivos sociais e é que esta mesma axilidade no pago de facturas, esta mesma axilidade de record, exemplar deberá tamén aplicarse e practicarse por exemplo, no pagamento das axudas sociais, do cheque social, mesmo na concesión e execución das axudas de emerxencia e non teñamos que seguir a vivir as demoras que provoca situacións ás veces límite e que esta mesma execución áxil no pago ás facturas e a provedores tamén deberá terse na aplicación, na liquidación das subvencións a entidades non lucrativas, a colectivos que prestan obxectivamente

un servizo público de primeiro nivel na cidade e que dependen en gran medida do financiamento público e que moitas veces ben estrangulada a súa capacidade de actuación por esas demoras.

En todo caso a pregunta é se a execución orzamentaria fose moito maior ou significativamente maior da que ano tras ano acaban por concluír, este goberno se podería manter, esta axilidade nos pagos ou non, probablemente non.

SR. PÉREZ CORREA: Eu creo que non a esas alturas as comparacións, efectivamente os números son os que son, pero as comparativas con outras cidades nos últimos anos eu creo que non é bo facelas porque a redución do período medio de pago dos concellos nos últimos anos ten sido brutal e neste mesmo Pleno hai non moito tempo tamén se argumentaba pois o que pagaba Madrid, Barcelona, precisamente como exemplo do que non se facía hoxe en día a redución do período medio de pago en gran parte dos concellos deste país é brutal, reducións incluso do 40 ou do 50% nos tempos dun ano a outro, é dicir, o esforzo que están a facer os concellos é bastante importante, vostedes agora gobernan en A Coruña, supoño que ese mantra que durante anos nos dicían en A Coruña que o período medio de pago era un desastre por culpa da Marea Atlántica, pois agora goberna o Partido Socialista e supoño que por arte de maxia se reducirá como se non existira unha herdanza envelenada por moitas xestións, é dicir, nos concellos o período medio de pago moitas veces non ten nin sequera que ver coa xestión que colle un goberno senón con as grandes herdanzas. En todo caso eu felicito aos concellos que están botando o peito para que precisamente que ese períodos medios de pago se reduzan. Nós no informe si que nos gustaría e no sucesivo porque así como se publica no Ministerio de Facenda, así queda tamén no portal de transparencia, ese desglose de cantos pagos son en gastos de bens correntes e servizos, cantos son en inversións reais, gustaríanos que ese desglose tamén aparecera no momento de levar ao Pleno o informe trimestral, sabemos que logo aparece, a posteriori, pero que o formato tamén o desglose, podamos saber canto ten que ver con investimentos porque seguramente non é o mesmo o que os tempos de pagamento cando se trata de investimentos reais, cando se trata de operacións comerciais ou cando se trata de bens correntes e servizos, aí cambia notablemente os números e é bo que o teñamos enriba a mesa.

Pero que tamén os esforzos por pagar en tempo a provedores teñen que ter e seguimos dicindo para nós a correlación tamén das comprobacións, e esperamos que serva o Plan de Auditorías, o informe de control de financeiro para facer un muestreo, se pode facer, hai concellos que os fan, que seguen a execución da obra, que seguen tamén a emisión de facturas e que fan unha correlación e fan muestreos e fan de maneira aleatoria para saber, vostede di que está todo comprobado, que moitas veces se comproba, pero non deixamos de ver moitas obras e servizos rematados que para nós non se están a cumprir dentro dos acordos do prego do contrato ou de concurso, nos gustaría tamén que esa celeridade fora análoga pero ademais hai unha cuestión, para nós reducir o tempo de pago a provedores ou reducir a débeda non é unha cuestión case de ONG, senón que vostedes o fixeron de maneira orquestrada como moitos concellos para poder utilizar o superávit toda vez que se quitou a débeda, toda vez que se puxo o pago a provedores en tempo real, poder pasar ao terceiro suposto que é as obras financeiramente sostibles o que vostedes interpretan exclusivamente como humanizacións, é dicir, tamén hai unha estratexia de saquémonos estes dous criterios do exministro o Sr. Montoro, que seguen vivente por desgracia porque o Partido Socialista non é quen de modificar ou polo menos de dicirlle a Unión Europea que quere outro criterio para a avaliación do gasto público, e vostedes reducen tempos a provedores e débeda pública para pode utilizar eses recursos en humanización, e lexítimo ou non? Creo que levamos tempo pedindo que poidamos utilizar o superávit noutras cuestións, en emprego, e ademais xe lle dixo ao presidente da FEMP por parte de tódolos concellos que os concellos querían utilizar eses recursos en servizos sociais e en emprego, non sei ata o de agora onde está esa solicitude dos concellos do Estado español. Nós felicitamos que se reduza, pero non se compare con concellos que tiñan unha situación financeira brutal e que fixeron tamén un esforzo importante e que creo que ademais hai que felicitar ao conxunto dos concellos porque mentres as comunidades autónomas e os chiringuitos do Estado se lle permite períodos de pago brutais, somos os concellos os que estamos asumindo o cumprimento desa, para min, cando menos abafante herdanza do Sr. Montoro que parece que non nos queremos quitar de enriba.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Como xa dixemos, efectivamente a información que se remite e completa, é unha información que por suposto que non é manipulable, só faltaba, é completa ademais ata é positivo que se traian varios puntos da orde do día para ter unha foto completa de como está a situación orzamentaria, como foi no ano 2018 e como está sendo no ano 2019, e como estamos a pagar, esa foto completa o que nos permite é dicir que, imos a ver, con tanto cartos na caixa sen gastar con ese Remanente de Tesourería e cunha execución este ano de só o 30% só fallaba que non pagásemos, imos a ver, claro que están a pagar ben pero é que claro, con cartos na caixa e o orzamento cunha execución do 30% só fallaba que non se pagase, iso está ben, claro que si, eu non teño nin idea de cal é a execución orzamentaria ou a situación financeira do Concello de A Coruña, ou de Santiago de Compostela ou de Ourense, é que non o sei pero sei cal é a nosa porque veu aquí, moi completa, e a nosa é a que é, hai cartos en caixa e hai orzamento executado ao 30%, o cal é lóxico que se pague ben, só fallaría que non se pagara, máis nada.

SR. ANEIROS PEREIRA: Pois mire, nós estamos a cumprir como dicía anteriormente por traer de novo tema que parece que está de moda por parte dos grupos da oposición, estamos a cumprir coa execución do orzamento iso se amosa tamén no importante volume de pagos que se están a facer trimestralmente, unha media de 30 millóns de euros no trimestre, 30 millóns de euros no primeiro trimestre, 30 millóns de euros no segundo trimestre deste ano, polo tanto, levamos pagados efectivamente máis de 60 millóns de euros e como dicía temos na fase de obrigas que están pagadas máis de 99 millóns de euros, estamos polo tanto a executar o orzamento, o amosa este período de pago a provedores, 1.700 pagos nos trimestres por máis de 30 millóns de euros, executando os orzamentos de acordo co prazo previsto. Mire, falan das subvencións, as subvencións se pagan cando se xustifican polo tanto, para pagar primeiro hai que facer a actividade que se subvenciona, parece que vostede queren librar os cartos directamente e logo xa veremos non, o procedemento da Lei de subvencións é moi concreto, hai que facer actividade, xustificala e unha vez xustificada a actividade se paga esa subvención, polo tanto, estamos a cumprir co procedemento da Lei de subvencións, cumprindo, nin máis nin menos, cumprindo escrupulosamente coa Lei de subvencións, cumprindo exactamente.

Os investimentos, as humanizacións que lle repetín dúas veces anteriormente, Plaza de Amércia, rúa de Venezuela, Camelias, rúa Escolas Públicas, Serafín Avendaño, Senda Verda, carril bici, sego? Todas esas obras se pagan cando se presentan as certificacións de obras, é dicir, cando a obra está feita, cando a intervención comproba materialmente a execución desa obra e cando se corresponde co pactado e polo tanto se paga cando se ten.

As axudas sociais se pagan cando se solicita, se verifica e se paga inmediatamente porque a necesidade de comer non pode esperar, a necesidade de luz non pode esperar, a pobreza enerxética tampouco pode esperar, pero miren, está ben que falen diso porque este Concello ten unha importante política social, a máis importante política social de tódolos concellos de España así o reflicten os números, quizais se nos imos a outros concellos como pode ser Pontevedra, claro, pagará rápido as dúas axudas sociais que ten, non hai máis que ir ao comedor dos Franciscanos á hora de comer para ver que alí non hai ninguén, claro pero aquí si, aquí estamos con máis de 2.600 solicitudes para as axudas de pobreza enerxética, estamos con máis de 1.000 persoas no servizo de Axuda no Fogar, con máis de 600 maiores que precisan de Teleasistencia, que pagan os orzamentos deste Concello, que non paga a Xunta de Galicia, que pagan os orzamentos deste Concello Vigo, polo tanto, aquí si que hai política social, aquí si que se paga rápido os pagos aos provedores están nun tempo record, 9 días de prazo, dicía antes Vigo paga nunha semana, Pontevedra en tres, Ourense en 11 semanas, A Coruña en 6 semanas, iso amosa que temos caixa, solvencia, xestión e preocupación por atender as necesidades da xente.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

6(94).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A SOLVENTAR AS GRAVES EIVAS DOTACIONAIS E DE RECURSOS DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DE VIGO. REXISTRO PLENO 2108/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2019, número 2108/1101, a concelleira do grupo Mixto, Sra. Méndez Fuentes, formula a seguinte,

MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A SOLVENTAR AS GRAVES EIVAS DOTACIONAIS E DE RECURSOS DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DE VIGO

As sucesivas medidas económicas e legislativas que se teñen aplicado en Galicia e na nosa cidade dentro do ámbito do sistema educativo público teñen sido presentadas como accións ineludibles orientadas a optimizar o funcionamento dos centros educativos en aras dunha suposta excelencia e dunha racionalización dos recursos. A Lomce, as decisións enmarcadas nos sucesivos orzamentos da Xunta de Galicia e dos gobernos centrais, as zonificacións escolares arbitrarias e as redimensión do cadro de persoal docente xustificáronse como decisións estratéxicas e ineludibles, pero a realidade do que estamos a vivir na cidade de Vigo amosa outras aristas preocupantes. Nada pode xustificar a merma de recursos educativos e de consensos na comunidade educativa.

Co remate do curso escolar numerosos centros educativos de Vigo se teñen atopado con casuísticas variadas de recortes educativos e falla de planificación escolar. Nuns centros a problemática é pola merma de atención educativa como no Eduardo Pondal, no barrio de San Paio, cunha nada despreziable matriculación de 75 nenos e nenas para o curso 2019/2020, e onde sufriron a eliminación do servizo de apoio pedagóxico para os nenos e nenas con diversas problemáticas que precisan deste servizo complementario á tarefa docente do/da profesor/a-titor/a. Noutros centros a situación é máis grave ao eliminarse este servizo coa promesa de restablecelo, sen novas ate o día de hoxe.

Na totalidade da demarcación educativa de Vigo a Consellería segue sen abrir un diálogo franco e participativo sobre a necesaria nova zonificación escolar. Zonificación que permita dunha vez por todas considerar o transporte escolar

coma un servizo público e que sexan as necesidades dos centros escolares as que unicamente determinen as necesidades dese transporte e non ao revés.

En varios centros da cidade, tamén no anteriormente citado Eduardo Pondal, asistimos a unha negativa permanente a restablecer as liñas retiradas para o próximo ano en Primaria, e cunha escaseza de docentes que se cronifica curso a curso.

Son exemplos dun modelo de xestión educativa que fai augas, especialmente nunha cidade onde gaña espazo a educación privada e concertada fronte á educación pública (temos xa unha matriculación maior nos primeiros que nos centros públicos).

Polo exposto, o Grupo municipal da Marea de Vigo-Son En Común presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede o seguintes:

ACORDOS:

1.- O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a aumentar sensiblemente as dotacións educativas dos centros educativos de Vigo, recuperando liñas educativas, dotando de docentes permanentes e en todos os centros para o alumnado con necesidades educativas especiais nos centros que, como o Eduardo Pondal, foron privados destes servizos en datas recentes e naqueles que non o teñen actualmente.

2.- O Pleno do Concello de Vigo insta á Consellería de Educación a abrir urxentemente o diálogo coa comunidade educativa viguesa, co consello municipal de educación, con Foanpas, etc.. de cara a artellar unha axeitada e consensuada nova zonificación escolar para Vigo.”

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo político municipal do Partido Socialista, Sr. Gómez Díaz presenta a seguinte emenda de engádeda:

“Instar á Xunta de Galicia a incorporar unha partida nominativa de 3 millóns de euros no orzamento do 2020 para infraestruturas educativas no Concello de Vigo.”

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sra. Méndez Fuentes, a Presidencia somete a votación os acordos seguintes:

ACORDOS:

1.- O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a aumentar sensiblemente as dotacións educativas dos centros educativos de Vigo, recuperando liñas educativas, dotando de docentes permanentes e en todos os centros para o alumnado con necesidades educativas especiais nos centros que, como o Eduardo Pondal, foron privados destes servizos en datas recentes e naqueles que non o teñen actualmente.

2.- O Pleno do Concello de Vigo insta á Consellería de Educación a abrir urxentemente o diálogo coa comunidade educativa viguesa, co consello municipal de educación, con Foanpas, etc.. de cara a artellar unha axeitada e consensuada nova zonificación escolar para Vigo.

3.- Instar á Xunta de Galicia a incorporar unha partida nominativa de 3 millóns de euros no orzamento do 2020 para infraestruturas educativas no Concello de Vigo.

DEBATE:

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Efectivamente, eu súpome ao que apuntaba o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, o diálogo coa cidadanía está afora, ese é o seu diálogo coa cidadanía.

Co remate do curso escolar, como sabemos, numerosos centros educativos de Vigo se atopan con casuísticas variadas de recortes educativos e de falla de planificación escolar, nuns centros a problemática ben polo redución na atención educativa como no caso do colexio público Eduardo Pondal no barrio de San Paio onde sufriron recentemente a eliminación do servizo de apoio pedagóxico para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e noutros centros a situación é se cabe máis grave ao terse eliminado xa este servizo coa promesa de restablecelo sen novas nese senso ata o día de hoxe.

Na totalidade da demarcación educativa de Vigo, a consellería segue sen abrir un diálogo franco e participativo sobre a necesaria nova zonificación escolar, é dicir, segue sen atender as demandas urxentes que lle foron trasladadas por parte da Federación olívica de pais e de nais do alumnado de Vigo, de sindicatos, de colectivos da comunidade educativa e tamén na propia Marea de Vigo, é necesaria unha nova zonificación que permita dunha vez por todas considerar o transporte escolar como un servizo público e que sexan os centros escolares, ás súas necesidades, quen determinen as necesidades do transporte e non ao revés, non

obstante as relacionadas co transporte non son as únicas restricións que afectan unicamente aos centros públicos, tamén acontece que en ningún centro público da nosa cidade se ofrece un proxecto educativo continuo, é dicir, ESO a continuación de primaria, en numerosos centros da cidade tamén no anteriormente citado Eduardo Pondal existe unha negativa permanente a restablecer as liñas retiradas en primaria para o próximo ano, o que se engade unha escaseza de docentes que se cronifica curso a curso. Ademais moitos centros públicos da infantil e primaria non poden garantir unha praza de comedor a tódalas familias solicitantes, mentres os centros públicos de secundaria directamente non contan con servizo de comedor.

Por outra banda o importe das axudas municipais escolares, o material escolar e o comedor leva sendo o mesmo dende hai dúas lexislaturas a pesares de que os datos de renda familiar das persoas en situación de vulnerabilidade son cada vez máis acuciantes a pesares tamén de que asistimos a un encarecemento do prezo da vivenda e dos servizos básicos nos últimos anos, pero ademais é que, o máis chamativo poderíamos dicir, son algunhas das modificacións que se fan desta volta no prego xa que non están orientadas á educación pública senón á concertada, aumentando os criterios para as subvencións na educación concertada como por exemplo, a subvención do uniforme. Dende a Marea de Vigo seguimos considerando como prioritario aumentar os importes das bolsas e ampliar os supostos subvencionables como os importes de actividades extraescolares ou excursións que se fagan por parte do centro.

Por último, unha cuestión, os centros públicos de secundaria máis próximos aos núcleos de poboacións, é dicir, os mellor comunicados tamén por medio de transporte público presentan unha pirámide de poboación estudantil invertida, é dicir, ofertan unha maior cantidade de prazas para cursar bacharelato que para cursar a educación secundaria obrigatoria, algo que acontece mais sabendo que non todo o alumnado que remata a educación secundaria continua a estudar bacharelato, pois unha parte elixe ciclos formativos ou outras vías dado que o ensino obrigatorio é só ata os 16 anos. Isto supón un problema, esta maior oferta de prazas para o bacharelato que para a secundaria supón unha clara discriminación no ensino público fronte ao concertado cando un alumna de primaria vese obrigada a desprazarse a quilómetros de distancia tanto do seu

domicilio como do seu colexio de primaria para cursar a ESO debido a que os institutos máis próximos non dispoñen de prazas suficientes para a educación secundaria por adicalas ao bacharelato recollendo demanda dos centros educativos privados e concertados, somos conscientes de que o alumnado que cursou toda a súa etapa educativa anterior nos centros privados e concertados, ten dereito a cambiarse aos centros públicos pero debe ser prioritaria a realidade dos escolares que entran a cursar a educación secundaria fronte aos que cambian de centro en bacharelato.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Comezar lamentando a ausencia do Alcalde que maila a non ter nada en axenda pública ata unha da tarde, debe ter algo máis importante que facer que asistir a un Pleno da Corporación municipal e escoitar aos representantes de tódolos vigueses/as.

PRESIDENCIA: Lémbrolles que o que se está é a traballar e por sorte ou por desgracia o volume de traballo deste Concello non ten equiparación no resto de Galicia e ademais o Pleno continúa con tódalas garantías.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Aquí tamén estamos a traballar e de feito exercendo se cadra un dos máis importantes desempeños que é representar as viguesas/es que nos votaron.

Ben, dende o Bloque Nacionalista Galego concordamos coa moción presentada pola Marea de Vigo, é evidente que assistimos a unha política reiterada de desmantelamento do ensino público por parte da Xunta de Galicia do Partido Popular, vemos como mentres se fechan ou se recortan unidades educativas nos centros públicos, se manteñen ou mesmo se amplían na privada e concertada, e fronte a iso dende o Bloque Nacionalista Galego o que reclamamos é unha aposta decidida polo ensino público, tanto da Xunta de Galicia como tamén por parte deste Concello de Vigo e por iso reclamamos un compromiso claro por parte do Concello rompendo esta ambivalencia na que se ten instalado nos últimos anos, equiparando os centros públicos e os privados e concertados como se pode ver mesmo na web escolar municipal e dende logo facendo que o Concello de Vigo se implique a eito en promover a matriculación nos centros educativos públicos, é

evidente tamén que hai unha importante necesidade de servizos complementarios que ao final son a clave, son a pedra de toque que determina ese fluxo, esa perda de matriculación na pública en relación aos centros privados concertados, os servizos como xa se comentou de autobuses, os servizos de comedor, os servizos extraescolares, etc., que dende logo permiten facer máis atractiva a oferta da escola pública, máis tamén queremos dicir unha cuestión, é certo que enfrontamos unha baixada demográfica que necesariamente vaise traducir nunha redución no número de alumnas/os, máis dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que ese non é un problema en si propio, aproveitemos que hai menos alumnado e iso é algo que a Xunta de Galicia e o Partido Popular non quere facer, aproveitemos que hai menos alumnos para reducir efectivamente a ratio e para prestar unha mellor atención por parte do profesorado e ofertar unha aínda mellor atención educativa para que haxa unha aínda maior excelencia na escola pública, non. Dende o Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta moción facendo en todo caso un inciso que entendemos que se infire no texto que cando se fala de aumentar as dotacións educativas nos centros educativos nos interpretamos e entendemos ese é o sentido da moción que se refire aos centros educativos públicos, e nese sentido e polo que apoiamos esta moción.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En primeiro lugar gustárame deixar claro unha cousa que escoitei agora por parte do voceiro do Bloque Nacionalista Galego que é o desmantelamento do ensino público por parte da Xunta de Galicia é totalmente falso, vostede falou aquí realmente dos temas que se presentan nesta moción que van relacionados coa zonificación, si é verdade que fai falla unha nova zonificación en Vigo, falámolo moitas veces neste Pleno, o grupo municipal do Partido Popular esixiulle á Xunta de Galicia que fixera ese estudo, esa nova zonificación porque a realidade social muda e é necesario reubicar ás persoas e aos nenos, ademais correspondendo coa realidade social que temos hoxe en día e a realidade demográfica e polo tanto, comezou o diálogo ese diálogo permanece aberto, nós nese punto segundo da moción de Marea de Vigo cremos que está fora de lugar porque realmente si que está aberto ese diálogo, pode haber moitas discrepancias, segue habendo discrepancias pero é verdade que hai que optimizar os recursos e os centros que temos xa en Vigo construídos, a Xunta de Galicia ten compromiso

con Vigo e ademais está a cumprir investimentos, facendo modificacións, obras, melloras e centros novos adaptándose como digo á realidade social e tódolos nenos e nenas de Vigo teñen garantida unha praza nun centro público nesta cidade e o compromiso coa Xunta de Galicia é ese, iso tamén, a liberdade dos pais e das familias de elixir o centro ao que queren levar aos seus fillos tamén está enriba da mesa, polo tanto, nun primeiro lugar dicir que é falso ese desmantelamento, que é falso ademais en moitos casos que se estea esquecendo e que se teña compromiso co ensino público porque iso non é verdade e a min gustaría presumir do sistema educativo de Galicia, que é un éxito de todos, non é un éxito do Partido Popular, é un éxito de todos porque o sistema educativo de Galicia permítenos que tódolos nenos estean en centros en condicións e non en barracóns como están noutras comunidade autónomas, e polo tanto, eu creo que iso é un logro de tódolos galegos e de tódolos vigueses. Falaremos de Vigo, falamos de Vigo non temos ningún problema de falar de educación, de necesidades, de servizos, e de investimentos que ten a Xunta nesta cidade porque son moitos, polo tanto, eu quería tamén contextualizar esta moción e o voceiro tamén do Bloque Nacionalista Galego falou do problema demográfico, temos unha realidade que afecta a Vigo, a Galicia, a Europa, a toda España e polo tanto, temos que adaptarnos a iso, nugalá tivéramos que construír moitos centros educativos e aumentar as aulas porque tivéramos exceso de nenos, pero hai un problema de natalidade, hai un problema de envellecemento da poboación e polo tanto non é nin desprezo nin é falla de diálogo, é un realismo e adaptarnos a unha realidade porque a verdade que os datos de demografía e os datos e as expectativas ademais de aumento de natalidade non son moi aláguenas.

Eu creo que vostede nalgúns casos fan demagogia coa educación, porque eu creo que teñen que saber primeiro que a zonificación está enriba da mesa e ese plan e o diálogo están enriba da mesa, coas ANPAS, coa comunidade educativa, coa propia Xunta de Galicia e con tódolos pais e nais afectados neste tema, e piden vostedes na súa moción un aumento sensible das dotacións educativas, eu creo que si que é verdade que se pode achegar máis sensibilidade na toma de decisións, é verdade, pero o compromiso eu insisto, a urxencia e as necesidades están cubertas, a min gustaría lembrar algúns datos porque en primeiro lugar os servizos de apoio pedagóxico dos centros acórdanse entre as direccións tamén

dos propios centros e as xefaturas territoriais, no Eduardo Pondal agora hai unha queixa enriba da mesa que hai que sentarse, xa faláron e a delegación territorial e os propios directivos do centro para buscar unha solución, si é verdade que hai que buscar unha solución e polo demais o diálogo como digo eu está enriba da mesa.

Gustaríame destacar que hai 22 millóns de euros dende o 2009 ata agora, xa que se fala desta Xunta de Galicia tan malvada, en Vigo, investimentos en centros públicos, hai un novo centro Virxe do Rocío de 2.500.000 euros de investimento, ampliouse o Alfonso Rodríguez Castelao porque a verdade que a maior parte dos nenos de Vigo están en Navia, residen en Navia, hai un compromiso para facer alí un instituto, hai unha ampliación do IES de Teis tamén, estamos a falar ademais de obras programadas entre 2019-2021 co superávit, falamos de contas na primeira parte deste Pleno, eu quero falar que a Xunta de Galicia co superávit do que dispón se pode investir, vaino investir en educación para tódolos galegos e para tódolos vigueses, no Manuel Antonio un novo pavillón para talleres, o superávit no CEIP García Barbón coa rehabilitación integral que xa se está a facer, xa está en marcha, poden vostede ir a visitalas obras se queren, superávit no IES Santo Tomé Freixeiro cun millón de euros de investimento e superávit tamén para IES Santa Irene coa rehabilitación integral, é verdade que hai que adaptar a zonificación de Vigo á realidade social que temos, a realidade das infraestruturas que temos xa en Vigo e á realidade demográfica.

Polo tanto, pola nosa banda imos absternos nesta moción porque todo o que están a pedir vostedes está en marcha pero non podemos permitir que digan que se está a desmantelar a educación pública porque non é certo.

SR. GÓMEZ DÍAZ: Sra. Egerique, parece que vive nun mundo paralelo, a realidade dos datos que lle darei despois non teñen nada que ver co que nos está a contar neste Pleno, esta moción que presentan súmase as numerosas que foron presentadas por este grupo Socialista nos últimos anos, este goberno leva 12 anos denunciando publicamente neste Pleno o maltrato da Xunta de Galicia ao ensino ao público desta cidade e incumprindo a súas competencias. Levamos anos amosando a nosa preocupación pola zonificación, na que se leva anos traballando da man da comunidade educativa e social de Vigo, e nunca se nos tivo en conta, falan de diálogo de de que escoitan, non sei en onde.

Falemos de competencias, o Concello debe asumir, segundo as competencias que ten atribuídas, e cito textualmente, a conservación, mantemento e vixilancia dos centros públicos de educación infantil, primaria e educación especial. Esta competencia propia implica un investimento anual do Concello de Vigo de 7 millóns de euros e 84 millóns de euros nos últimos 12 anos. Este goberno está asumindo as súas competencias, todo o contrario que a Xunta de Galicia do Sr. Feijóo, e falemos de datos e de cifras, que está a facer o Alcalde deste goberno, nos último 8 anos puxéronse en funcionamento 5 escolas infantís municipais, Tomás Alonso, Mestres Goldar, Navia, Casiano Martínez e a próxima apertura en Bembrive, neste mesmo período de tempo o que fixo a Xunta de Galicia foi pechar unidades, centros educativos e abrir unha soa escola infantil de 0 a 3 anos, e por certo, cabe recordar que as familias das escolas infantís da Xunta de Galicia pagan de taxa o dobre que nas escolas infantís municipais. A Xunta de Galicia debería abrir novas escolas infantís e así incrementar o número de prazas de 0 a 3 anos porque hai unha demanda importante. Este goberno está a asumir compromisos que debería asumir a Xunta de Galicia ao ser a súa competencia, como por exemplo e sigo cos datos, a cubrición dos patios escolares, cun investimento deste Concello de 1.300.000 euros en cinco centros públicos, como son o Virxe do Rocío, Canicouva, García Barbón, CEIP Balaídos, Pintor Laxeiro e contando actualmente con 14 en lista de espera, vese que a Xunta de Galicia está a facer o seu traballo, este goberno está a asumir a xestión dos comedores escolares, facendo obras de construción, mellora, adaptación e ampliación de máis de 18 comedores entre 2008 e 2019, e contraendo por outra banda un convenio de colaboración con FOAMPAS, nos dialogamos, por un importe de 600.000 euros, dando servizo de comedor a máis de 2.000 comensais diarios de máis de 800 participantes nas aulas matinais e "Programas Madruga". Ademais das becas que se tramitan dende Benestar Social, por certo.

O Concello ven asumindo o transporte escolar en dous centros públicos de Vigo aos que a Xunta de Galicia non lles presta servizo como son Bembrive e o Praixal ademais de ofrecerllo a Eduardo Pondal que a Xunta de Galicia tampouco lle presta o servizo, e mentres tanto que está a facer a Xunta de Galicia e o Sr. Feijóo o que está a facer e no reformar, non adecuar, non modernizar as instalacións dos centros públicos que son da súa competencia, o que está a facer a Xunta de

Galicia é pechar liñas, centros, na cidade de Vigo suprimíronse 39 unidades escolares en 18 centros públicos nos últimos 9 anos, e aquí cumpre salientar como comentaban negativamente o peche da escola de Zamáns e a drástica redución de profesorado no Eduardo Pondal, o que está a facer o Sr. Feijóo non é xestionar os comedores escolares, o que está a facer a Xunta de Galicia do Sr. Feijóo e non atender as numerosas demandas en canto a cubrición de patios escolares, o que está a facer a Xunta de Galicia e non asumir o transporte escolar en tres centros públicos de Vigo, señores/as do Partido Popular, Sr. Feijóo, o que está a facer a Xunta de Galicia é non cumprir coas súas competencias, por todo isto proponho unha emenda de engádega a súa moción, instando á Xunta de Galicia a incorporar unha partida nominativa de 3 millóns de euros no próximo orzamento para infraestruturas educativas no Concello de Vigo, por certo, a mesma cantidade que están a empregar en Santiago de Compostela pero parece que Vigo xoga noutra liga. Fronte a esta falla de compromiso da Xunta de Galicia do Sr. Feijóo está o goberno de Vigo, afortunadamente, e o compromiso do Alcalde e deste goberno é claro, ante os recortes do Sr. Feijóo máis apoio e investimento, e señores/as do Partido Popular, Sr. Feijóo, invistan nos colexios públicos de Vigo, invistan en educación e recorden o máis importante, a educación non é un gasto é un investimento de futuro e por certo, por clarexar e para rematar, o diálogo señor concelleiro coa cidadanía creo que quedou claro o 26 maio cun 70% do voto.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Si o diálogo coa comunidade educativa por parte da delegación de educación estivese activo, quizais non estaríamos aquí tratando esta cuestión, tratando esta moción porque agosto é un mes inhábil e polo tanto, ese diálogo debería estar xa concluído e deberían estar xa poñéndose en marcha as demandas urxentes por parte da comunidade educativa de Vigo e da súa área, por tanto, máis ben o que acontece é que a delegación de educación está vetando o diálogo con FOAMPAS. Ben, iso por unha parte, por outra parte a administración debe pasar a unha acción real, demostrando responsabilidade co ensino público con feitos obxectivos, o centro de Vigo, Sra. Egerique está ocupado por centros privados e concertados, estes centros están favorecidos polo que se coñece como “sobreconcertación”, pois segundo datos da propia administración, máis dun millar de prazas de primaria poderían ser absorbidas polos centros públicos existentes,

para garantir que existise unha liberdade de elección real e non sobre o papel, unha condición indispensable sería que as zonas escolares estivesen deseñadas de modo que se garanta ás familias o acceso a prazas públicas con tódolos servizos e ao mesmo tempo permitise aos centros situados alí onde as sucesivas administracións decidiron, permitise aos centros achegarse aos lugares onde existe poboación infantil, doutro xeito están condenados ao peche.

Unha axeitada zonificación polo tanto, permitiría unha continuidade sen sobresaltos que como aludín na miña intervención anterior non existe na escolarización do alumnado entre as diferentes etapas nomeadamente entre a educación primaria e a educación secundaria. Son exemplos estes aos que me remitín que son propios, poñen de manifesto un modelo de xestión educativa que fai augas, un modelo especialmente nunha cidade onde gaña espazo a educación privada sobre a educación pública, temos xa, hai que lembralo, en Vigo unha matriculación maior nos centros privados e concertados que nos centros públicos, polo tanto, nos aceptamos e asumimos a emenda de engádeda que propón o concelleiro do Partido Socialista e non obstante un par de cuestións, os comedores escolares non están sendo xestionados nin polo Concello nin certamente pola Xunta de Galicia, a maior parte deles están en mans, levándose e xestionándose por parte das asociacións de pais e nais. Outra cuestión é que non se debería poñer como exemplo quizais a escola infantil de Bembrive, construída, pagada e entregada por Amancio Ortega a este Concello, de maneira que quizais ese non é o mellor exemplo.

PRESIDENCIA: Entendo que aceptan a emenda de engádeda que imos ler. Si Sra. Egerique.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Que como manifestei antes a nosa intención de absternos coa inclusión da emenda imos votar en contra.

PRESIDENCIA: No momento da votación xa se pronuncian. Imos dar lectura do texto que di a emenda para que vaia acompañada do texto da moción orixinal, propónse engadir o parágrafo “instar á Xunta de Galicia a incorporar unha partida

nominativa de 3 millóns de euros no orzamento de 2020 para infraestruturas educativas no Concello de Vigo” isto é a emenda, entón pasamos á votación.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.07.2019 (Rex. Nº 2108/1101), pola concelleira do grupo Mixto, Sra. Mendez Fuentes, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(95).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO MINISTERIO DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E Á REDE ELÉCTRICA DE ESPAÑA PARA QUE CUMPRAN COA PLANIFICACIÓN VIXENTE 2015-2020, AO OBXECTO DE INICIAR A CONSTRUCCIÓN DUNHA SUBESTACIÓN PARA ATENDER Á DEMANDA INDUSTRIAL DE BALAIÓDOS E CONECTAR A VIGO Á REDE DE TRANSPORTE DE 220 KILOVOLTIOS. REXISTRO PLENO 2098/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xullo de 2019, número 2098/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Ministerio para a Transición Ecolóxica ven de ignorar a petición reiterada da industria de automoción viguesa de conexión do Polígono de Balaídos á rede de 220 kilovoltios e lle permita competir en igualdade de condicións que o resto das plantas de España e Portugal. Esa rede de moi alta tensión garantiría tamén unha subministración eléctrica competitiva, estable, fiable e sen perturbacións.

Trátase dun proxecto que debe autorizar o Ministerio de Transición Ecolóxica a través de Rede Eléctrica de España e que permitiría acometer a liña desde Atios a Balaídos e construír a subestación.

O proxecto, cun investimento aproximado de 70 millóns de euros, está incluído na planificación vixente 2015 - 2020 de Rede Eléctrica de España para desenvolver novas infraestruturas da rede de transporte, contando co respaldo da Xunta de Galicia.

Planificación que foi sometida ao Congreso dos Deputados e aprobada por acordo do Consello de Ministros do Goberno de Mariano Rajoy. Sen embargo, o actual equipo da Secretaría de Estado de Enerxía, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica, segue sen aprobar a declaración de excepcionalidade por parte do Goberno central que resulta necesaria para autorizar esta actuación.

Trátase, polo tanto, dunha decisión do Goberno socialista que volve ir en contra do desenvolvemento e o emprego industrial en Vigo, xa que a planta de PSA en Balaídos é actualmente a única gran fábrica española de coches sen subministro a mais de 220 KV.

Cómpre recordar que o sector da automoción xera 22.300 empregos directos en Galicia, a maior parte deles en Vigo.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica e a Rede Eléctrica de España para que cumpran coa planificación vixente 2015-2020, sometida ao Congreso dos Deputados e aprobada por Acordo do Consello de Ministros do anterior Goberno de Mariano Rajoy, levando a cabo todas as medidas necesarias para desbloquear este investimento e iniciar a construción dunha nova subestación para atender a demanda industrial de Balaídos e conectar a Vigo á rede de transporte de 220 kilovoltios, facilitando unha subministración eléctrica moderna con capacidade de ofrecer estabilidade ao servizo, tal e como estaba previsto”.

DEBATE:

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Como dicimos na moción o Ministerio para a Transición Ecolóxica e Rede Eléctrica de España ven de ignorar e rexeitar a petición reiterada da industria da automoción viguesa de conexión do Polígono de Balaídos pois á

rede de moi alta tensión de máis de 220 kilovoltios que lle permitiría non só competir en igualdade de condicións co resto das plantas de España e Portugal senón tamén ademais é que o máis importante ter unha subministración eléctrica estable, fiable e sen perturbacións, é un proxecto que está na planificación vixente da rede eléctrica de España que tiña o respaldo do Parlamento, do ministerio, da Xunta de Galicia, que debería autorizar o Ministerio de Transición Ecolóxica a través da Rede Eléctrica de España para acometer a liña de Atios a Balaídos e construír a subestación e mesmo había ata un compromiso da Zona Franca para que así se pagase a subestación. Esta era unha decisión que lamentamos, que volve e vai en contra do desenvolvemento do emprego industrial, pois a planta de Balaídos agora mesmo é a planta de PSA é a única fábrica española de automoción que non conta con ese subministro e aquí convén lembrar a importancia que ten esa industria no tecido da cidade, da área e mesmo da comunidade autónoma. Nós queremos poñer en valor a necesidade de autorizar estacionalidade, queremos instar a que se reflexione, queremos que non se prexudique á cidadanía á industria e queremos, tal e como dicíamos, que se cumpra coa planificación vixente que xa está aprobada e non teñamos que esperar máis anos a que se produza este investimento tan importante para garantir a competitividade da industria e os empregos que temos aquí.

PRESIDENCIA: Antes dinlle tres minutos Sr. Pérez Iglesias, comprenderá que foi un erro e non un regalo, entón doulle os dous minutos que lle corresponden.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Pensei que era un acto de xenerosidade democrática, en todo canso cinguireime ao tempo.

Compartindo a reivindicación de fondo que eu entendo que toda corporación imos compartir e respecto de dotar a Vigo dunha subestación que atenda á demanda do polígono de Balaídos e que nos permita conectar a cidade coa rede de 220 kilovoltios, dende logo dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que a moción que se presenta por parte do Partido Popular ten un enfoque deliberadamente incompleto e que se me permiten raia algo no cinismo, dicíamos que raia algo no cinismo, en primeiro lugar porque o Partido Popular non asume a necesidade de que se recoñeza o status de industria electro intensiva, nin que se

promova polo tanto unha nova tarifa eléctrica industrial estable, con variacións predicibles e que libere esa industria electro intensiva do pago de peaxes eléctricas que non ten unha valoración directa co que é o sistema eléctrico, co funcionamento do propio sistema como son as primas de renovable, os custes extrapeninsulares, o déficit tarifario, unha reivindicación por parte dunha parte importante do que esa industria electro intensiva, en segundo lugar porque o Partido Popular non ten feito absolutamente nada por dotar ao noso país que somos produtores netos e exportadores de enerxía eléctrica dunha tarifa eléctrica galega que permita reducir o custe da factura tanto ás empresas como ás familias e en terceiro lugar, porque o Partido Popular tense amosado claramente contrario do rescate para o sistema público dos saltos e dos aproveitamentos hidroeléctricos que están instalados no noso país o que tamén suporía unha importante avantaxe competitiva. Non se pode pedir unicamente unha solución parcial en forma de reproche partidista ao novo goberno do Estado español se antes non se asumen, non se comparte e se antes non se empurran estas tres cuestión que veño a defender que son o recoñecemento da industria electro intensiva, unha tarifa eléctrica galega e o rescate público dos saltos e aproveitamentos hidroeléctricos que están instalados en Galicia.

SR. PÉREZ CORREA: Non é nin a primeira nin será a última vez que as necesidades da planta de Balaídos, da PSA chegan a este Pleno e parece que todo o mundo ten que poñer enriba da mesa sempre algunha necesidade que sempre é urxente, é límite e quero lembrar que tamén hai que pedirlle de vez en cando á PSA que teña un pouco de coidado cos vigueses/as e digo que esta empresa despois de esforzos titánicos do cadro de persoal asumindo flexibilidades que rozan case o sistema de produción dunha planta asiática, acaba de meter un ERTE para o conxunto de varias liñas de produción, é dicir, está ben as prioridades se fixemos 50.000 infraestrutura pero lembremos que esta compañía segue sen cumprir cos vigueses/as no que ten que ver con dereitos laborais e enriba agora con sentencias. Nos parece ademais que o debate caeu porque como estamos sempre falando de solo industrial, que o problema do solo industrial, un dos motivos que o ministerio de industria portugués recoñece que está chamando a grandes industrias e a construtores e a empresas auxiliares ao norte de Portugal, máis alá

do prezo do solo, máis alá das cuestións que teñen que ver cos salarios, é precisamente a conexión en moi alta tensión, 220, de tódolos polígonos ao norte de Portugal e iso nos debería preocupar porque é un dos reclamos ademais nun momento en que O avance ou suposto avance, dende logo máis tímido do que se esperaba, do coche eléctrico é unha evidencia, é o novo tipo de fábrica, as fábricas adaptadas á industria 4.0, todas esas cuestións están enriba da mesa, a nós nos parece bastante cínica esta moción porque é o Partido Popular o que sistematicamente di que a planificación da rede eléctrica no estado español é en aras a unha mellor distribución, en aras a unha distribución equitativa e non baixo a petición dun gran consumidor, e isto son expresións do Partido Popular no Congreso dos Deputados, nos conflitos de Alcoa, nos conflitos que tivemos en moitos centros sempre se di o mesmo, “non, é que a planificación é esta e non pode ser en base a un gran consumidor” agora si se propón con PSA, polo tanto, aplíquese o conto tamén ao resto das casuísticas que para nós tamén son importantes.

Nos estamos a favor porque ademais non é só que a subestación que se propoñían entre Atios e Pazos de Borbén, mellorase a cuestión da PSA senón que vai a mellorar o futuro, non só do sector industrial, senón tamén da nosa rede eléctrica ante eventuais emerxencias, pero tamén é certo que esta planificación dende o ano 2013 que estaba proposta nunca se puxo enriba da mesa como unha planificación urxente senón que ía e gobernaba naquela altura o Partido Popular e tempo tivo a pedir que esa planificación fora sometida a unha excepcionalidade ou unha urxencia, cousa que non se fixo e polo tanto, agora mesmo Rede Eléctrica española e o Ministerio están seguindo tamén unha folla de ruta que está marcada dende o ano 2013 e aquí tamén hai que dicir que as urxencias ou se marcan cando un goberna ou non se lle poden esixir logo a paso cambiado.

Nós estamos como digo a favor, non temos ningún problema e ademais creo que pode facilitar incluso a instalación de novas industrias que arraxadamente están instalándose no norte de Portugal, o que nos gustaría é que as expresións que se din con respecto a isto tamén se digan no Congreso dos Deputados cando se reclaman determinadas cuestións e no momento en que se podía facer o encaixe como digo da excepcionalidade, que o Partido Popular estivera atento e o tivera presentado naquela altura no Congreso dos Deputados.

SR. LÓPEZ FONT: A verdade é que Sr. Marnotes, non deixa de sorprendeme porque que a súa primeira moción nun Pleno ordinario sexa unha crítica ao goberno do Sr. Rajoy e ao goberno do Sr. Feijóo, pois certamente é sorprendente, porque é verdade que fai vostede un relato do que se pediu, do que se acordou pero claro neste relato vostede oculta a parte máis importante e a parte máis importante e aludíuse é que todo isto arranca en 2013, e vostede fala da aprobación por parte do goberno, do Sr. Rajoy e demais e quere vostede contarnos toda este relato pero a pregunta Sr. Marnotes que ten que responder aquí é que fixo o goberno do Sr. Rajoy dende o 2013 ata o 1 de xuño do 2018 en que o goberno corrupto do Sr. Rajoy cae por unha moción de censura, iso é o que nos ten contar, o que nos ten que contar é que esta plan de 2015-2020 pero insisto, arranca no 2013 a pregunta é esa, por que en seis anos non se fixo absolutamente nada e isto certamente resulta contundente, estas presas de cando se cambiou de goberno dirixirse ao goberno central que leva un ano gobernando, insisto que aínda resulta sorprendente, porque dígame cando se reclamou isto dende a Xunta de Galicia?, dígame que actuación concreta fixo o goberno do Sr. Rajoy para preocuparse dun problema tan importante para o emprego porque é que ademais estamos en Galicia, vostede estivo nesa consellería e a política industrial en Galicia lle corresponde á Xunta de Galicia e é unha competencia absolutamente en exclusiva, co cal díganme tanta preocupación e tanta necesidade en todos estes anos cando se manifestou, por iso xa digo, me sorprende que vostede se estree con esta moción, o que pasa é que ten a súa coherencia.

Mire, a súa antecesora no cargo de voceira que non aprendeu absolutamente nada nos catro anos que estivo, converteu nunha mañá un hospital público nun hospital privado, converteuno nunhas horas e lamentablemente vostede vai pola mesma liña, a vostede lle deron esta moción deseñada pola consellería, imaxino que polo conselleiro na que era vostede director xeral ata hai 4 días, insisto, reclamando algo que nunca fixeron e que polo tanto, se lles debería caer a cara de vergoña, pero mire, hai algo peor, son vostedes uns irresponsables pero uns irresponsables totais, por politizar todo o relativo a PSA-Citroën e ao sector da automoción, por politizar, por traer aquí unha cuestión intentando que o aprobe un goberno cando vostedes non fixeron nada, e son uns irresponsables por politizar unha cuestión,

dio vostede na súa moción, que afecta a 22.300 empregos directos, iso si, aquí o único que lles preocupa e hai unha liña de continuidade cos catro anos anteriores é seguir as ordes do Sr. Feijóo e para os seus intereses partidistas.

Mire, quérolle tranquilizar, Citroën-PSA ten un interlocutor para todo aquilo que necesita, lévao tendo 12 anos e é o Alcalde de Vigo, pero tamén ten un aliado, que é Zona Franca e polo tanto eu me imaxino que en todo este batiburrillo da moción, non sei se vostede non tivo tempo ou de esa parte non lle informaron, que o que vostedes aquí propoñen xa o propuxo, xa se posicionou claramente o Alcalde, en concreto o día 5 de febreiro deste ano, para si isto lle resulta fácil buscalo, pero claro o Alcalde de Vigo denunciaba que o goberno do Sr. Rajoy non fixera absolutamente nada, que non se trasladara este problema e o que fai o Alcalde o día 5 febreiro é propoñer a situación, dirixirse aos organismos que se ten que dirixir, ao goberno da nación e aí é onde temos certamente a seguridade de ser atendidos nesta cidade polo goberno do Sr. Pedro Sánchez, como é coñecido o que atendeu a absolutamente a todos, xa me gustaría que vostedes atenderan á gobernabilidade deste país.

Nós instamos na moción de engádegas a que primeiro, se asuman responsabilidades políticas e dimita o conselleiro.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Evidentemente non aceptamos a engádegas Sr. Font, imos a ver, este tema non se politiza agora, non me referín para nada na miña intervención, cando salta en febreiro en 2019 o Alcalde e se erixe en bandeira e di que se vai autorizar e que vai facer todo o posible para que se autorice dío nun momento e nos decatamos despois das eleccións que non foi así, quen politiza isto?, nós non dixemos nin “mu”, o primeiro que saltou con este tema foi o Alcalde que dixo que ía a falar co Secretario de Estado de Enerxía, que fixo a Xunta de Galicia a favor desta liña de alta tensión, desta conexión e desta subestación? Pois mire, incluía na planificación eléctrica e enviala ao goberno, iso é o que fixo e vaino volver a facer pero aquí temos que ter efectivamente prudencia e eu creo que a verdadeira irresponsabilidade política non está en que traíamos nós esta moción, foi que en febreiro do 2019 tres meses antes dunhas eleccións o Sr. Abel Caballero dixo que instaría ao Secretario de Estado de Enerxía que se aprobase esa excepcionalidade e ata xuño do 2019, pasadas as eleccións non nos decatamos de

que nos ía autorizar, por iso trouxemos esta moción aquí, irresponsabilidade política ningunha, non imos a confundir os termos desta moción, fixen unha intervención creo que cauto, non fun irriente, vostede efectivamente reaccionou con virulencia e eu lle digo o que lle digo ao Sr. Caballero en febreiro do 2019, eu de verdade lle digo, a que foi a Madrid? A dicirlle que lle resolvera despois das eleccións que non dixeran que non antes, a iso foi a Madrid, párame este tema porque venme mal, a iso foi a Madrid, non? A dicirlle ao Secretario do Estado de Enerxía “non mo fagas agora, si valo a denegar non o digas agora que me fas polvo”, iso foi ao que foi a Madrid, non o sei pero iso foi o que dixon en febreiro do 2019, dixon que instaría pero nunca nos dixon que nos ía autorizar, nos decatamos pola prensa curiosamente. O que lle dixen é que a Xunta de Galicia o incluíu na planificación do 2020 e voino incluír na nova e sería bo que se aprobase, é máis se aquí me houbera ofrecido algún tipo de garantía do tipo “oia imos facer unha xestión, imos confiar no Alcalde, dáme tres ou catro meses”, nós retiramos a moción inmediatamente, con que me responde vostede? Cunha emenda para pedir a dimisión do Conselleiro de Industria que foi o que meteu na planificación esta subestación, en fin.

Polo demais, non estamos a falar de industrias electrointensivas, por agora a automoción viguesa non o é, o estatuto cando se aprrobe que lle corresponde ao Ministerio dirá o que son as industrias electrointensivas e non ten nada que ver isto cos rescates das hidroeléctricas, aquí o que se pide é que se vote unha man á industria viguesa e que se hai un interlocutor pos que se mova.

PRESIDENCIA: Entendo que non aceptan a engadega do grupo Socialista.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezanove votos abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Expinosa Mangana,

Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.07.2019 (Rex. Nº 2098/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(96).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CONSIGNAR NOS SEUS ORZAMENTOS A MESMA CANTIDADE POR HABITANTE QUE SE ASIGNA A SANTIAGO DE COMPOSTELA, DE XEITO QUE SE CONTRIBÚA A PALIAR A DÉBEDA HISTÓRICA QUE A XUNTA DE GALICIA MANTÉN COA CIDADE DE VIGO. REXISTRO PLENO 2109/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2019, número 2109/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Consello da Xunta de Goberno de 11 xullo de 2019 aprobou conceder a Santiago de Compostela 2,3 millóns de euros como capital de Galicia.

Esta importante aportación se suma a outras xa coñecidas como os 3 millóns de euros para os Concertos do Monte do Gozo, o edificio para oficinas no Monte Gaiás, outros 3 millóns de euros para o entorno de “Concheiros” no camiño francés de entrada a Compostela, e outras actuacións de importes considerables para unha das sete cidades de Galicia.

Os cidadáns de Vigo, como cidade máis poboada de Galicia, como cidade con maior peso en comercio internacional de valor engadido, con maior área de influencia non permanecen impasibles e resignados a inxente aportación de recursos públicos, ano tras ano, a una parte do territorio de Galicia con menor poboación e, polo tanto, con menor necesidade de servizos públicos.

Non se trata de confrontar persoas senón de reclamar que o destino dos recursos dos galegos cheguen proporcionalmente aos territorios nos que desenvolven a súa vida e o seu traballo. Dende a perspectiva da cidade máis poboada da Comunidade Autónoma non pode admitirse a falta de atención á sanidade pública, ás infraestruturas de servizos públicos básicos, as infraestruturas deportivas, ás persoas en situación de dependencia, á cultura e ao lecer dunha cidade que é moito máis que os case 300.000 cidadáns censados nela senón que tamén é lugar de residencia para moitas persoas que traballan de xeito permanente nela e que é dinámica e emprendedora.

A inxustiza que xenera ver que se recentraliza nunha sola cidade a inversión, as transferencias correntes e mesno o gasto corrente non pode pasar inadvertido para un Goberno e unha Corporación como a de Vigo que cos seus Orzamentos, e polo tanto cos impostos das persoas que viven nesta cidade, abona custos que a Xunta de Galicia non quere sufragar cos seus Orzamentos nin cumprir coas súas competencias.

Por todo isto, se solicita á Corporación Municipal adoptar o seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a consignar, anualmente e con carácter adicional á participación ordinaria nos ingresos da Comunidade Autónoma, nos Orzamentos da Xunta de Galicia a mesma cantidade por habitante que se asigna a Santiago de Compostela (24,117 euros por persoa, é dicir 7.081.765 euros) de xeito que se contribua a paliar a débeda histórica que a Xunta de Galicia mantén coa cidade.”.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Se dicía onte, no día de Galicia en Castrelos que Vigo é Galicia, esta evidencia que non necesitaría ademais constatación non se reflicte no investimento que a Xunta de Galicia fai na cidade, quizais a nosa orixe como tamén se dixo onte, non está ao redor dun centro relixioso, non está ao redor dun centro administrativo senón que o noso centro relixioso, a nosa catedral son as Illas Cíes que están aí, á vista de todos na saída da ría e os nosos centros administrativos son as fábricas, as factorías ou é o mesmo a lonxa de Vigo que sorte de peixe aos principais restaurantes e mercados de toda España, esa é a nosa forza, a forza dunha cidade de máis de 100 quilómetros cadrados, de preto

de 300.000 habitantes rexistrados no padrón de habitantes pero tamén a forza dunha cidade que encabeza unha área metropolitana de máis de 500.000 habitantes, e a forza dunha cidade que está á cabeza dunha eurorexión, nunha contorna de 100 quilómetros ten máis de 6 millóns de habitantes.

Vigo, como principal cidade da economía de Galicia, o PIB de Vigo representa máis do 10% do que representa a segunda cidade de Galicia por un valor de máis de 7.200 millóns de euros, cun total de empresas que representa ao 20% de toda a comunidade autónoma de Galicia, con máis de 124.000 ocupadas que encabezan os postos de traballo de Vigo, cun valor engadido bruto de máis de 3.000 millóns de euros para a Comunidade Autónoma de Galicia, cun peso nas exportacións de un terzo respecto da exportación de Galicia, non entende como esa potencialidade que amosan os datos da cidade, como ese peso demográfico, económico, emprendedor que representa á cidade non supón unha integración plena en Galicia, xa non dicimos máis que o resto das cidades de Galicia senón polo menos o mesmo que reciben o resto das cidades de Galicia por parte dos orzamentos da Xunta de Galicia.

Miren, todos temos traballo, todos temos familia noutras cidades de Galicia e cando nos reunimos coa familia, cos compañeiros de traballo, coas persoas que habitan noutras cidades de Galicia, vemos o que a Xunta de Galicia inviste noutras cidades de Galicia, pos non quedamos sorprendidos. Nesta moción non se trata de confrontar territorios, non, non se trata diso, trátase de reivindicar a igualdade entre tódolos cidadáns de Galicia, non se trata de confrontar, trátase de reclamar a igualdade de tratamento co resto das cidades de Galicia, o mesmo peso poblacional que teñen outras cidades que reciben 2,3 millóns de euros que proporcionalmente o reciba esta cidade, a cidade de Vigo.

Por iso propoñemos que eses 24 euros que perciben noutras cidades de Galicia tamén se destinen de forma adicional a esta cidade de Vigo para paliar esa débeda histórica que ten a Xunta de Galicia con esta cidade.

Miren, a Xunta de Galicia en infraestruturas viarias inviste cero nesta cidade, nos reclaman unha obra menor de 300.000 euros nunha estrada, as últimas obras en infraestruturas viarias foron no goberno do Sr. Touriño da Sra. Maria Caride como concelleira de Infraestruturas, en infraestruturas aeroportuarias a Xunta de Galicia inviste cero, infraestruturas portuarias nos portos de Galicia, nos portos de

competencia en Galicia como o de Canido cero, en administracións, en edificios administrativos cero, en centros de saúde aínda estamos agardando polo centro de saúde de Bouzas, e ademais crean un hospital privado cun repago no aparcadoiro para tódolos vigueses nesta cidade, pero mire, é que a ausencia da Xunta de Galicia tamén é palmaria no departamento de Benestar, cubrimos cos orzamentos municipais a falla de atención da Xunta de Galicia pero que máis, a Xunta de Galicia obriga a cofinanciar Centros de día e obriga a cofinanciar escolas infantís, nós pagamos as nosas 9 escolas infantís e ademais cofinanciamos dúas da Xunta de Galicia, as nosas taxas en escolas infantís son a metade das da Xunta de Galicia e aínda así temos que cofinanciar as escolas da Xunta de Galicia. Pero miren, a ausencia da Xunta de Galicia tamén é palmaria, a ausencia fora do estadio de Balaídos non financia nada, non cofinancia nada nese novo estadio de Balaídos, tampouco nas pistas de atletismo que están aledañas ao estadio de Balaídos e tamén é palmaria a ausencia da Xunta de Galicia nas políticas activas de emprego nesta cidade.

Polo contra, vemos que outras cidades reciben 12,3 millóns para o túnel do Parrote, que en Ourense o sector vitivinícola recibe 7 millóns de euros e que Santiago de Compostela recibe 17 millóns de euros na cidade da cultura, 4,5 millóns para a universidade, 3,4 para centros educativos na cidade.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Fai ben o Concello en advertir que non se trata de confrontar porque supoño que o propio concelleiro decatouse de que o texto da moción indicaba algo distinto. Aínda que nós dende o Bloque Nacionalista Galego discrepamos do enfoque da moción que adoce dun evidente hiperlocalismo e que incide nunha vertente algo demagóxica, digo algo demagogia porque estou certo de que o Sr. Bugallo, Alcalde de Santiago de Compostela terá cumpridamente informados/as ás súas colegas do estatuto de capitalidade de Compostela que xustifica en grande medida que teña un incremento de investimento galego e que contou co apoio entusiasta do propio Partido Socialista. Non entanto, o certo é que nós concordamos co fondo da moción, concordamos no que ten a ver na denuncia e en reclamarmos ao fin da política de deliberado e continuado abandono que a Xunta de Galicia do Partido Popular aplica contra a principal cidade de Galicia e que se traduce non só na falla de investimento público por parte da Xunta de

Galicia senón tamén na permanente desatención das súas competencias no noso termo municipal.

Dito isto, o certo é que entendemos que si de verdade o grupo socialista estivera preocupado por mellorar o financiamento local, tería abordado o verdadeiro problema de base que ten que ver coa aldraxe que para as cidades galegas e especialmente para Vigo supón o actual sistema de reparto da chamada participación nos ingresos do Estado, ese sistema que fai que Málaga con 570.000 habitantes ingrese 8,5 millóns máis que as sete cidades galegas xuntas, ese sistema que fai que as viguesas/es ingresemos por parte do Estado 50 euros menos de financiamento que a media estatal, dito isto nós insistimos dende o Bloque Nacionalista Galego, coincidimos en esixir que o goberno galego desista desa política de abandono da cidade de Vigo, que asuma o exercicio das súas competencias e que transfira os recursos que a esta cidade lle corresponden.

SR. PÉREZ CORREA: Efectivamente a moción cando menos está formulada xa non cunha cuestión de localismo ou non, senón como case o primeiro paragrafo, o Consello da Xunta de Galicia deu 2,3 millóns de euros á capital de Galicia, como se isto fora o asasinato dos primoxénitos de Exipto, quen defendeu dunha maneira vehemente o estatuto de capitalidade, a lei que o permite incluso e logo falaremos a posibilidade de que nas reformas estatutarias, xa sei que ninguén se lembra de que se abordou a reforma do Estatuto Autonómico de Galicia, pero o Partido Socialista o que defendía que isto estivera incluso dentro do Estatuto de Autonomía e que o actual Alcalde de Santiago de Compostela que repite, daquela tamén actual Alcalde, dicía “a nosa aspiración é que o Estatuto recolla a definición de Santiago de Compostela como capital nos mesmos termos que o Estatuto de Capitalidade, pois Santiago de Compostela efectivamente ligado a un centro relixioso, non só senón que o Camiño de Santiago ten que ver con moitas cousas máis que o centro relixioso, ligado a unha decisión tamén política tomada nos albores da transición, de colocar alí a capital de Galicia, discutible ou non, si parece que é moito 2,3 millóns de euros quero lembrarlles que quen achegou máis recursos a isto foi o goberno do Sr. Touriño que no ano 2006 deulle 2,5 millóns de euros e ninguén, vostedes polo menos, os deputados naquela lexislatura e na lexislatura anterior que aprobou o estatuto de capitalidade de Santiago de

Compostela puxeron ningún tipo de pega, podemos discutir que 2,3 millóns de euros é moito, pois non, porque ademais a propia Universidade de Santiago, hai un estudo, eu voulo pasar ao concelleiro de Facenda, os custes da capitalidade, estudo dun caso do catedrático de economía Luís Caramés Viéitez feito pola Universidade de Santiago de Compostela, cifra en 7 millóns a débeda histórica que ten os custes que lle supón á Santiago de Compostela exercer a capitalidade de Galicia, se o que se está a propoñer é que Vigo sexa capital de Galicia pois abórdese e digamos tamén en que liga queremos xogar cando levamos este tipo de mocións. Vostede fala de débeda histórica da Xunta de Galicia con Vigo, con tódolos concellos, se vostede me di que está sobredimensionado as axudas que a Xunta de Galicia fai con Santiago de Compostela quero darlle moitos exemplos de incumprimentos, porque nós temos unha estación depuradora verdade? Santiago de Compostela acaba de perder os fondos porque non se fixo a estación depuradora, nós temos en desenvolvemento unha estación intermodal, Santiago de Compostela aínda seguen coa matraca da estación intermodal, quero dicir que con Santiago de Compostela, co Concello de Santiago de Compostela claro que hai unha débeda, como que non? Gustaríame que isto que se trae aquí se lle informara ao grupo de goberno do Partido Socialista de Santiago de Compostela porque creo que se están a poñer enriba da mesa como se Santiago de Compostela fora unha cidade premiada con respecto a Vigo, cousa que é rotundamente falsa porque vostedes cando estaban na oposición polo menos, defendían o mesmo que eu estou defendendo, outra cousa é que defende agora o Alcalde de Santiago de Compostela.

Nós imos a absternos porque non entendemos este tipo de mocións, e cando vostedes poñen números enriba da mesa pois gústame que non se faga como se houbera un agravio comparativo con respecto a 2,3 millón de euros con Santiago de Compostela que como digo a propia Universidade de Santiago de Compostela recoñece que son absolutamente insuficientes para os custes de asumir a capitalidade de Galicia e ademais neste estudo que agora mesmo voulo remitir por correo electrónico, deixa claro cales son os custes de verdade, que supón para unha cidade ser capital e efectivamente cando abordemos o debate da reforma fiscal que teñen que ter os concellos, de asumir máis competencias, de cumprir aquilo que se dicía fai 25 anos na Federación Española de Municipios e Provincias

que os concellos tiñan que recadar o 33%, o terzo da torta dos impostos para poder dar os servizos, o 40 dos servizos, vostedes lle chaman bolsas de inglés, pero se chaman gastos impropios, ese son gastos impropios dun concello, que pinta un concello dando un millón e pico de euros en bolsas de inglés, nada, e que iso é un gasto impropio ademais de libro, non pinta absolutamente nada e ademais o seu grupo parlamentario no Congreso dio abertamente que os concellos non temos competencias en materia de becas educativas, porque logo falamos das competencias que nos interesa porque me fago a foto con mil nenos ou as que non me interesan porque significa asumir servizos sociais, claro. Ese debate creo que é, non é que sexa localista, é que este debate é ridículo, eses 2,3 millóns de euros que lle supón a Santiago de Compostela é déficit nos servizos que teñen que asumir unha capital e pregúntelle vostede ao seu alcalde do Partido Socialista se está de acordo con esta moción, que por certo, Compostela aberta xa vai levar o seguinte Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Menos mal que non buscamos a confrontación. Aquí estamos a falar de que queredes que adique a mesma cantidade por habitante que se lle da a outra cidade e pedides 7.081.765 euros, a isto vimos aquí? Pero si na Conta Xeral xa che dixen que van 11,8 millóns de euros en subvencións correntes da Xunta de Galicia, a ver, ou eu non entendín ou aquí hai un erro ou non sei, 7.081.765 euros para paliar a débeda histórica, 11,8 millóns na Conta Xeral, ou sexa con 7 millóns ao ano se palia a débeda histórica se van 40 millóns na Cidade da Xustiza, home, quero dicir, imos a ter un pouco de racionalidade no debate, sabe o que pasa pois que efectivamente Santiago de Compostela terá concertos, A Coruña terá o Parrote e nós temos a Cidade da Xustiza e cada un ten as necesidades atendidas e xa está, entón vostede o que non me pode dicir é eu quero os concertos de Santiago de Compostela e Santiago de Compostela quererá os xulgados de Vigo e a depuradora tamén que lle metemos 100 millóns, entende, tódalas cidades teñen xulgados pero ningunha ten un edificio xudicial como este, por algo será, non imos a discutir, se estades de acordo ademais. A depuradora a metade do orzamento o puxo a Xunta de Galicia, cento e pico de millóns de euros.

Imos a votar en contra e non imos a estender máis o debate porque cremos que non conduce a nada, conduce a alimentar outra cousa que non é o momento eu creo e menos se vai arranxar para paliar a débeda histórica con 7 millóns de euros, non cremos que sexa esa a maneira de afrontar os investimentos que ten que facer a Xunta de Galicia, con 7 millóns de euros ao ano cando van moito máis en educación, en sanidade e demais.

Dito isto nós imos a votar en contra, non imos a confrontar nin o máis mínimo con isto, nos parece unha moción, que cada un a valore como queira pero aquí creo que é inoportuna.

SR. ANEIROS PEREIRA: O que resulta palmario deste debate é incontrovertido que tanto o Partido Popular como Marea apelidada de Vigo, como o Bloque Nacionalista Galego cando se trata de Santiago de Compostela defenden a Santiago de Compostela, é increíble que uns concelleiros elixidos pola cidade de Vigo, polos votantes de Vigo se alcen en defensa doutra cidade, Santiago de Compostela. Quizais deberíamos de preguntar se non terían que participar nas eleccións por Santiago de Compostela pero como estamos en Vigo imos a falar de Vigo.

Dise na moción claramente no último parágrafo que non se trata de confrontar territorios, trátase de reclamar a igualdade absoluta entre tódolos cidadáns desta comunidade autónoma que se chama Galicia, igualdade absoluta entre tódolos cidadáns desta comunidade autónoma, por iso reclamamos o mesmo, non máis que o que reciben noutras cidades sinaladamente Santiago de Compostela.

Miren, é certo que hai unha lei de capitalidade publicada no Boletín Oficial do Estado, de xullo do ano 2002, que non asina o Partido Socialista eh! Saben quen a asina? O Sr. Manuel Fraga Iribarne, polo tanto hai que corrixir algunhas cuestión que se dixeron neste Pleno.

Mire, o que di esta Lei é que terá unha dotación nos orzamentos da comunidade autónoma, tamén Vigo quere ter unha dotación nos orzamentos da comunidade autónoma como merece, non é de recibo que sexamos a última cidade en ter unha Cidade da Xustiza, non é de recibo, a cidade máis poboada, a cidade con máis nivel por poboación de litixiosidade xudicial non é de recibo que sexa a última, o mesmo que tampouco é de recibo que a Xunta de Galicia nos obrigara a expropiar un patatal por 4 millóns de euros para non construír aí nada era, para construír o

que ía ser a Cidade da Xustiza ao carón dos actuais xulgados cando logo fixo un cambio de proxecto radical e nos enviou a outro lugar, vale, eses 4 millóns de euros estaría ben que a Xunta de Galicia nos compensase, igual que estaría ben que nos compensase por eses 3,4 millóns de euros que adica aos centros educativos en Santiago de Compostela e que non adica a Vigo porque Vigo paga o mantemento, o gasóleo, a calefacción, paga tamén as 1.000 bolsas de inglés para os rapaces, pero Santiago de Compostela non paga, a Xunta de Galicia non paga. E tamén estaría ben que a variante de Aradas, sabe onde está? Para saír do polígono do Tambre estrada de Carballo, eses 6 millóns de euros tamén estarían moi ben investidos en infraestruturas viarias nesta cidade, na cidade que como dixen na miña exposición é a cidade que encabeza o PIB de Galicia, as exportacións de Galicia, que encabeza a poboación activa de Galicia e o valor engadido de Galicia, polo tanto sería que a Xunta de Galicia investise en Vigo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.07.2019 (Rex. Nº 2109/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

9(97).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á INTEGRACIÓN ORGÁNICA DE CEDRO NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, E MENTRES NON SE PRODUZA A INTEGRACIÓN ORGÁNICA, A ASUMIR O CUSTO TOTAL DESTE SERVIZO ASISTENCIAL. REXISTRO PLENO 2110/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2019, número 2110/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Dende o ano 1998 viñéronse asinando convenios de colaboración entre a Consellería de Sanidade e diversos concellos da Comunidade Autónoma para a realización de programas e actividades no eido das drogodependencias.

Ata o ano 2010 a Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo asinaban un convenio para a cofinanciación dos gastos derivados da asistencia a drogodependentes en CEDRO.

Xa nos derradeiros anos a Xunta de Galicia ven asinando convenios coa FEGAMP como representante única de todos os concellos que dispoñen de servizos de atención sanitaria de trastornos aditivos, programas de protección e promoción da Saúde de titularidade municipal, polo que os concellos teñen que adherirse a eses convenios entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP se queren dispoñer dos recursos económicos para estas actividades prestacionais de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma.

O concello de Vigo, para o sostimento do Centro de Drogodependencias e outras adicións, referencia en toda Galicia, ten que solicitar a adhesión ao texto do convenio, sen participar na súa redacción.

É dicir, que o financiamento dunha competencia propia da Comunidade Autónoma, como é a prevención das drogadicións depende dunha solicitude rogada dunha subvención pública en réxime de concorrencia competitiva á Xunta de Galicia.

Non é unha competencia propia dos concellos a prestación de asistencia sanitaria especializada, como é este o caso, e a Xunta de Galicia non só non asume a dita competencia propia, senón que tampouco a financia, tal e como esixe a Lei.

É máis, a Xunta de Galicia ven reducindo a súa achega económica ano tras ano, obrigando ao Concello de Vigo a asumir ás dúas terceiras partes do custo do servizo, que non é de competencia municipal.

Esta situación, decidida dun xeito unilateral e en precario por parte da Xunta de Galicia, obriga ao Concello de Vigo a incrementar, ano tras ano, o seu esforzo orzamentario para manter adecuadamente este servizo asistencial especializado imprescindible.

Ademais da obriga legal que ten a Xunta de Galicia de financiar íntegramente este tipo de prestación sanitaria de carácter especializada, é que todos os expertos (véxase a ponencia de expertos elaborada pola comisión mixta Congreso-Senado do ano 2011, que foi ratificada por unanimidade por ámbalas dúas Cámaras) sinalan de forma taxativa que este tipo de centros deben integrarse funcional e orgánicamente nos servizos de atención primaria das CCAA, ou de ser o caso, de atención especializada -saúde mental-.

A principal conclusión desta ponencia de expertos, ratificada por unanimidade polo Congreso e o Senado, sinalaba que: “Ao tratarse de enfermidades, o lóxico é que sexa o sistema sanitario público o responsable de ofrecer a atención necesaria, en igualdade de condicións que a calquera outra enfermidade. O Sistema Nacional de Saúde debe asumir a asistencia ao drogodependente en termos de igualdade e equidade co resto de pacientes”.

A propia Estratexia Nacional sobre Drogas estima que en materia de asistencia aos enfermos drogodependentes a principal aposta radica en que ésta deberá realizarse a través do Sistema Nacional de Saúde.

Asimesmo, a Oficina de Nacións Unidas para o Control da Drogas e a Prevención do Crime tamén considera esencial a integración dos servizos de tratamento e rehabilitación de drogodependentes nos sistemas sanitarios xerais, rexeitando a creación de redes paralelas.

A drogodependencia é un problema de saúde e non un problema moral ou social e, polo tanto, require de modelos integrativos, tratando a drogodependencia como unha consecuencia de diversos factores de índole biolóxica, psicolóxica e social.

CEDRO é un centro que ten evolucionado non só cara ao tratamento das drogodependencias, senón que é un centro referencial en toda Galicia de tratamento doutro tipo de adicións, sen substancias, que incapacitan ás persoas psíquica e socialmente. CEDRO presta un servizo básico asistencial á comunidade.

Os usuarios de CEDRO son persoas enfermas que teñen dereito á prestación sanitaria que lles corresponde. Debemos insistir, ano tras ano, para que a Xunta de Galicia cumpra coa súa obriga, en sexa mediante a integración orgánica de CEDRO no SERGAS, que é o desexable, ben, entanto isto non se produce, coa asunción do custo ao 100% deste servizo.

A Lei 5/2014, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na súa disposición adicional quinta establece que:

“Para os efectos da Lei 27/2013, tendo en conta o disposto no Acordo de Cooperación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), polo que se establece o contido do Pacto Local que rexirá na CCAA, esta asumirá de FORMA PROGRESIVA, comezando en todo caso no ano 2014, nun 20% anual, a xestión da atención primaria de saúde”.

Estamos no ano 2019, é dicir, que no exercicio 2018, a Xunta de Galicia tería que ter asumido o 100% do custo de CEDRO, o que dista moito da realidade actual.

Pois ben, a realidade é ben distinta. O custo de CEDRO no exercicio 2018 ascendeu a 1.321.798,64€ e a Xunta, dunha forma rogada, a través de subvencións non estables e non garantidas, aportou 529.745,93€

Independentemente do modelo de integración que decida a Xunta de Galicia, de integración nos servizos de atención primaria ou ben nos servizos de atención especializada, queda claro que se trata dunha competencia exclusiva da CCAA.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

“Instar á Xunta de Galicia á integración orgánica de CEDRO no Servizo Galego de Saúde e, entanto non se produza a dita integración orgánica, a asumir o custo total deste servizo asistencial”.

DEBATE:

SRA. AGUIAR CASTRO: Quero comezar a defensa desta moción dicindo unha obviedade e a obviedade ben da man da necesidade de lembrar que a drogadicción é unha enfermidade e así dino os expertos na materia, dio a organización mundial da saúde, dio o panel expertos que se constituír no seu día no Congreso e o Senado e dino tódolos coñecidos expertos nesta materia. Polo tanto, as persoas drogodependentes son enfermos e ademais son pacientes, a adicción ás drogas xera unha alto nivel discapacitante segundo os rankings estadísticos só por detrás da depresión sendo igualmente alta a porcentaxe de pacientes que non reciben tratamento, e por isto a ponencia aprobada no seu día e votada por unanimidade de tódolos grupos políticos representados no Parlamento, incluído o Partido Popular, quero lembrar, e foi contundente na afirmación de que o tratamento das

drogodependencias debe integrarse necesariamente na redes xerais de saúde e en particular nas redes de saúde mental.

O Real Decreto ademais da carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde inclúe, entre a prestación de servizos necesarios, a prevención, a atención e o tratamento ás adiccións e ás condutas aditivas en xeral, ademais hai que dicir que estas competencias foron transferidas ás comunidade autónomas e a integración no sistema sanitario susténtase no diagnóstico e tratamento en igualdade de condicións con calquera outra patoloxía, pois ben, cal é a situación en Galicia? Resúmese moi ben, é exactamente todo o contrario, a situación en Galicia é que a propia Lei da Xunta de Galicia 5/2014, de medidas urxentes para a entrada en vigor da LARSAL dicía literalmente “a comunidade autónoma asumirá de forma progresiva, comezando en todo caso no ano 2014, nun 20% anual a xestión da atención primaria da saúde” pois ben, CEDRO depende funcionalmente do SERGAS dende o ano 2007, concretamente do responsable de saúde mental da área sanitaria de Vigo, pero curiosamente non depende organicamente e non o financia a Xunta de Galicia, é dicir, que en virtude desta disposición a Xunta de Galicia tería que ter asumida a xestión de CEDRO ao 100% dende o ano 2018, cousa que evidentemente non fixo nin ten previsto facer. Porque o centro de prevención e Atención á Drogodependencia de Vigo está a ser financiado polo Concello de Vigo nun importe nada máis e nada menos que de 1.400.000 euros ao ano, en tanto que a Xunta de Galicia achega mediante unha subvención rogada, é dicir, que ten que solicitar o Concello de Vigo tódolos anos, a través da adhesión a un convenio Marco, a cantidade só de 500.000 euros dunha competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

Todo isto, tratándose dun servizo, insisto, de carácter asistencial, é dicir, dun problema de carácter sanitario porque haberá de tratarse dunha forma distinta a unha persoa drogodependente dunha persoa que ten un problema de carácter renal, por exemplo, ámbalas dúas son patoloxías, ámbalas dúas son persoas enfermas e ámbalas dúas son pacientes.

Trátase dunha competencia exclusiva como digo da comunidade autónoma pero o Sr. Feijóo decidiu unha vez máis, discriminar a Vigo esquecéndose dun colectivo de persoas enfermas, non é competencia de ningún concello de Galicia tratar

enfermidades, e polo tanto, o goberno do Sr. Feijóo está a facer unha grave desleixo das súas competencias en funcións nesta área sanitaria.

A modificación legal da Lei de bases de réxime local a través da LARSAL, pretendeu evitar duplicidades, pois ben, o Concello de Vigo sufraga servizos sanitarios, por vontade evidentemente do Sr. Feijóo, o Concello de Vigo esixe polo tanto que a Xunta de Galicia deixe de discriminar a esta cidade e aos seus enfermos, é unha competencia exclusiva garantir a asistencia sanitaria a tódalas persoas.

Este é o modelo asistencial que o Sr. Feijóo quere impoñer en Vigo e nós lle reclamamos unha sanidade pública, gratuíta, universal e igual para todos, tamén para as persoas drogodependentes e con outras adiccións que se merecen formar parte do sistema público de saúde e ser atendidos en igualdade de condicións con outras persoas con outro tipo de patoloxías. Non se trata de que a Xunta de Galicia financie ao 100% as competencias que lle son propias, só fallaría, trátase de algo moito máis importante, trátase da igualdade de dereitos das persoas enfermas, trátase de que estas persoas enfermas poidan ser atendidas nunha rede asistencial única de cobertura universal, cunha atención integrada normalizada, profesional e intensiva pero nós xa sabemos para que utiliza o Sr. Feijóo a súa maioría parlamentaria, utiliza a súa maioría parlamentaria para facer leis contra Vigo e para que Vigo pague despois de que o Sr. Feijóo invite.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o Bloque Nacionalista Galego coincidimos no senso da moción, o certo é que a integración de CEDRO no sistema xeral do SERGAS é unha reivindicación histórica e o que procura é normalizar o que é unha anomalía non, que sexa un concello quen ten que xestionar e financiar en grande medida un centro de atención a drogodependencias e adiccións. Con todo si que dende o Bloque Nacionalista Galego queremos formular dúas advertencias aínda que imos votar a favor desta moción.

En primeiro lugar que a integración de CEDRO no SERGAS non vai a supor ningunha merma na dotación económica, material, de persoal e de servizo que presta o centro, precisamente porque sabemos das mañas da Xunta de Galicia do Partido Popular e en segundo lugar, co aforro de ese 1,4 millóns que vai supor

para as contas municipais a integración no SERGAS, se manteña dentro de partidas de gasto social.

SR. PÉREZ CORREA: Eu creo que é bo que veña esta moción ao Pleno, é máis creo que é bo que abramos debates que quedaron parece ser que no tempo postergados pero que nalgún momento tiveron un debate profundo non só neste Concello senón tamén no debate dos servizos sociais, no debate dos profesionais dos servizos sociais, incluso no debate e na senda política da propia Xunta de Galicia que asumía, polo menos eu non me quero esquecer tampouco do centro Alborada, é dicir, a integración do centro CEDRO e Alborada e a integración directa no catálogo de servizos do SERGAS, polo tanto, ademais de que a exposición de motivos é longa, extensa e está moi ben fundamentada, nós estamos completamente a favor porque é recuperar un debate que quedou postergado no tempo, outra cousa é o debate sobre os servizos sociais o que temos que asumir os concellos, as competencias que son da Xunta de Galicia e dos concellos nós aquí sempre dicimos o mesmo, o debate non é que competencias poida asumir un concello, que un concello pola Lei de bases pode asumir tódalas competencias que redunden no benestar do cidadá e polo tanto, tamén en servizos sociais, senón que o debate é o financiamento e nós aquí si tamén queremos que se sexa rigoroso, é dicir, acabamos de aprobar unha Conta Xeral, unha Conta Xeral que di que o Concello de Vigo recibe 1.143.929 euros anuais por parte do financiamento do CEDRO, do Plan Nacional sobre drogas e unha partida a maiores de 184.875 euros, é dicir, iso figura na Conta Xeral e eu entendo que cando se di que só se recibe medio millón, home, o CEDRO ata onde nós sabemos incluso cos profesionais do CEDRO practicamente a totalidade da subvención financia os servizos, agás que nós nos equivoquemos e os servizos están aquí catalogados como que entre custe de persoal, gastos financeiros e servizos exteriores, sobre todo a compra de opiáceos que é a parte máis importante do gasto 1.534.000, eu quero sabe se a Conta Xeral que consigna 1.143.929 está mal, porque cando menos aparece iso e aparece na proxecto orzamentario da Xunta de Galicia e aparece como efectivamente ingresada no Concello de Vigo, outra cousa é o debate que tamén se abriu no seu día que non era un debate menor, que era como se integraba porque o argumento que dicía a Xunta de Galicia naquela altura era,

claro pero si integramos CEDRO na Xunta de Galicia van a vir tódolos concellos que teñen os servizos iguais e van a pedir o mesmo, e a solución da Xunta de Galicia en vez de buscar precisamente unha paulatina integración foi derivalo á Federación Galega de Municipios e Provincias, creo que é un erro, e esperar que sexa un convenio bilateral entre unha estrutura, o lóxico sería asumir que ese servizo ou ben é financiado ao 100% ou ben é consorciado e cando falo de consorcio falo de consorcio 100% público, non a chiringuitada do consorcios públicos-privados que se xeraron é que deron tal mal resultado, senón un consorcio, a figura máis habitual do consorcio que son entre administracións públicas que asinan un consorcio, por que o digo? Porque eu subscribo o que dixo o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, non me fío do CEDRO integrado na Xunta de Galicia e se hai algo que esta cidade pode poñer como exemplo ao resto da cidades de Galicia é como profesionais sanitarios, dos servizos sociais practicamente sen axuda de ninguén sacaron adiante un centro punteiro no conxunto do Estado español referencial ademais no traballo de loita contra a drogodependencia e que ademais funcionou e foi capaz de converterse nunha cousa singular, disolver o CEDRO na estrutura do SERGAS a min particularmente dáme medo porque hai exemplos ademais de instrumentos que tiñan os concellos en materia de políticas sociais que se foron eliminando para integralas na rede xeral do SERGAS e significou a súa desaparición, a cuestión é o financiamento, é suficiente este financiamento ou é real, na Conta Xeral aparece, polo tanto entendemos que ese financiamento que ronda o 1,300.000 debe de existir nalgunha parte.

En todo caso, nós estamos completamente de acordo porque se volva, hai que lembrar que xa estaba practicamente no ano 2006 pechada a integración, estaba practicamente feito, e só un cambio de goberno a posteriori impediu que se fixera, a min me gustaría que se nos clarexase por que na Conta Xeral se fala dun millón e pico e aquí se fala de 529.000 simplemente esa cuestión, pero nós estamos a favor desta moción.

SR. LÓPEZ ROMÁN: Gustaríame comezar a miña intervención dicindo que non nos sorprende esta moción, xa que este Pleno se adica continuamente a facer ataques á Xunta de Galicia, pero por outra banda dicir que esta moción nos brinda

a oportunidade para dar a coñecer a tódolos cidadáns todo o traballo que dende a Consellería de Sanidade se fai na nosa cidade, no ámbito de drogodependencia. Antes de entrar en detalle gustaríame informarlles que a Consellería de Sanidade a través dun grupo de traballo integrado por representantes do Servizo Galego de Saúde, o Director xeral xeral de asistencia sanitaria, Director xeral de recursos económicos, de recursos humanos, membros da FEGAMP e representantes de tres dos 13 concellos que contan con unidades asistenciais de drogodependentes para asumir os diferentes programas asistenciais para estes usuarios con recursos humanos e materiais dependentes do Servizo Galego de Saúde, para a subscripción do convenio, para o desenvolvemento de programas se remite á FEGAMP o borrador do texto para expresar a súa conformidade, en segundo lugar queremos agradecer dende aquí a todo o traballo feito pola Consellería de Sanidade en materia de prevención, sensibilización, información, consumo responsable, xa que en relación aos datos de número de persoas atendidas, volume e o número de persoas novas que inician tratamento, admisións na unidade de CEDRO, non observamos un incremento, no ano 2009 existían 336 admisións, e no ano 2018 houbo 171, é un dato gratificante e temos que recoñecer a importante labor que fan día a día os profesionais deste centro, así como a que fai a Xunta de Galicia cos seus programas de prevención, como por exemplo o Plan de trastornos aditivos, isto nos anima pero debemos seguir traballando por e para tódolos usuarios, so con que exista unha persoa con problemas de adicción o traballo se debe seguir levando a cabo. Polo tanto, debemos seguir traballando por e para as persoas, non podemos nin debemos excluír as nosas responsabilidades, en terceiro lugar, sinalar que ademais da contribución económica feita a través do convenio que mencionei ao comezo, o Servizo Galego de Saúde proporciona as seguintes prestacións para o desenvolvemento da actividade asistencial de CEDRO nos seguintes aspectos, subministros de reactivos e equipamentos necesario para a determinación de mostras biolóxicas, de metabolitos de diferentes drogas, posta a disposición do persoal sanitario de CEDRO a aplicación informática IANUS co fin de que os profesionais sanitarios poidan incluír a información clínica recollida nesta e se inclúa na historia clínica electrónica do usuario, subministro do fármaco Metadona, formación continuada dos profesionais, a través da axencia para a xestión do coñecemento en saúde, finalmente apuntar que o pago de persoal

sanitario e social que depende do Concello págao a Xunta de Galicia, máis de 400.000 euros. Comecei a miña intervención dicindo que non nos sorprendera e que nos brindan a oportunidade de poñer en valor todo o que a Concellería de Sanidade está a facer en Vigo, a Xunta de Galicia, señores, inviste en Vigo, apoiando o desenvolvemento doutros programas no ámbito de adiccións, voulle poñer algúns exemplos de tódolos investimentos que se fan, Unidade asistencial de drogodependencia, Unidade de día e comunidade terapéutica xestionada pola entidade Alborada, por un valor de 1.400.000 euros, financiamento de programas de prevención de drogodependencias a través dunha subvención plurianual ascendendo a 118.000 euros, para o desenvolvemento de programas de incorporación social a través de vivendas para persoas con adiccións, se outorgan no ano 2018 axudas por un valor de 120.000 euros, podería seguir, pero señores a Xunta de Galicia inviste en CEDRO e noutras asociacións e a nós nos gustaría que este Concello fose moito máis ambicioso e completase estes programas que desenvolven dende outras administracións.

SRA. AGUIAR CASTRO: En primeiro lugar, gracias polo apoio á moción por parte do Bloque Nacionalista Galega e de Marea de Vigo e clarexarlle Sr. Pérez Correa que eu tamén teño medo de que a Xunta de Galicia asuma esta competencia porque probablemente sufriría os mesmos recortes aos que nos teñen acostumados o goberno do Partido Popular en materia de sanidade pública gratuíta e universal. En segundo lugar, Sr. Pérez Correa clarexarlle que o figura na Conta Xeral está correctamente reflectido, é dicir, o servizo custa 1.400.000 euros dos que nós recibimos mediante unha subvención rogada por parte do Concello de Vigo 529.000 euros por parte da Xunta de Galicia, iso quere dicir que nós pagamos o servizo nun 60% e a Xunta de Galicia para unha competencia que é exclusiva da comunidade autónoma dános unha subvención rogada do 40%.

con respecto a intervención da Sra. López teño que dicir que responder a esta moción é falar de “churras e merinas” porque non contestou vostede a nada do que se propón nesta moción.

Mire, non se trata do que vos magnanimamente dende o grupo Popular, do goberno da Xunta de Galicia lle dean ao Concello de Vigo de forma magnánima, pagan a Metadona, é que é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia, non é

unha competencia municipal, os concellos non prestamos servizos sanitarios polo tanto, non venda vostede como un gran logro da Xunta de Galicia que paguen a Metadona, só fallaría e non venda vostede aínda por enriba que nos deixan a aplicación informática do IANUS home, para unha competencia propia e exclusiva da comunidade autónoma, non, miren, vostedes o que teñen que facer é financiar ao 100% unha competencia exclusiva da comunidade autónoma e déixese xa de máis historias, non hai máis. Que pasa, o Partido Popular cando se lle fala dende Vigo de que teñen que investir en Vigo e pagar os servizos que son da súa exclusiva competencia, vostedes póñense nerviosos e claro votan en contra, porque sempre votaron en contra. É unha magoa Sra. López, que vostedes non entenderan a contundente mensaxe que lle deron os cidadáns nas urnas hai escasamente dous meses, non entenderon nada e que os cidadáns de Vigo non lle van a perdoar de novo a vostedes catro que saíron dunha lotería, o 4 o 11 o 18 non sei que, que saíron dunha lotería, non lle van a perdoar que vostedes volvan a facer o mesmo que fixeron no mandato anterior, é darlle de costas aos cidadáns de Vigo e non veñan aquí a vender máis lavadoras, é dicir, paguen as competencias que lle son propias, non lle pedimos nin máis nin menos.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.07.2019 (Rex. Nº 2110/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

10(98).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CUMPRIR O MANDATO LEGAL DE FINANCIAR INTEGRAMENTE AS COMPETENCIAS EXCLUSIVAS QUE OSTENTA EN MATERIA DE XESTIÓN DOS CENTROS DE DÍA DE TEIS, VALADARES E COIA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2111/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2019, número 2111/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O 9 de febreiro de 2017 a Xunta de Galicia publicou no DOG a Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, comunmente chamada Lei de acompañamento aos presupostos da CCAA.

En dita Lei a Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular, determina de xeito unilateral un “novo sistema de financiamento” dos centros de día e das garderías de titularidade autonómica, vulnerando claramente os réxime de distribución de competencias determinado pola LRBRL, trala reforma operada pola LRSAL.

No artigo 69 da dita Lei de acompañamento a Xunta de Galicia “crea” ex novo unha competencia-servizo que nin foi nunca municipal, nin figura recollida na norma sectorial de servizos sociais, e se fai non por medio dunha norma de rango legal que respecte a lei básica estatal 7/1985 LRBRL, e en definitiva o bloque de constitucionalidade, senón que o fai pola porta de atrás cunha lei de medidas fiscais a administrativas, impondo con carácter unilateral a asunción duns gastos sen amparo legal e, ademais, pretende obrigar ao Concello ao financiamento dos centros de día -competencia exclusiva da CCAA- con efectos retroactivos.

Con base na dita Lei de acompañamento de 2017, sen convenio algún en vigor que vincule ao Concello de Vigo e contradicindo a Lei de Bases de Réxime Local, a Xunta de Galicia practicou liquidacións absolutamente irregulares coa pretensión de que o Concello de Vigo financie competencias que non son propias, senón competencia exclusiva da CCAA.

Cunha deslealdade institucional absoluta, a Xunta de Galicia pretende obrigar ao Concello de Vigo ao financiamento dos centros de día de Coia, Teis e Valadares, sen encaixe posible nos supostos competenciais municipais en materia de servizos sociais que a Lei lle confire aos concellos.

Trala reforma operada pola LRSAL, a Lei de Bases de Réxime Local, modifica profundamente o réxime de competencias propias dos municipios, entre as que non se atopan, dende logo, a xestión e financiamento dos centros de día.

Por outra banda, o art. 27.3.c) establece a posible delegación de competencias do Estado e as CCAA aos Concellos, sempre con motivación e aceptación do municipio interesado e acompañada do correspondente financiamento, “sendo nula sen dita dotación”.

É máis, o disposto na Lei 27/2013, determina a aplicación da súa DA 9ª para os convenios e instrumentos de cooperación subscritos con anterioridade que levasen aparelado calquera tipo de financiamento por parte das entidades locais para sufragar o exercicio polo Estado ou polas CCAA das competencias distintas ás enumeradas nos arts. 25 e 27 da LRBRL, que se traducía claramente nun mandato expreso: a adaptación á Lei no prazo máximo de 1 ano, é dicir, antes do 31 de decembro de 2014. Pero a lei aínda vai máis lonxe, de non adaptarse os ditos instrumentos nese prazo, éstos quedan sen efecto.

Polo tanto, a Xunta de Galicia, gobernada polo PP, pretende, mediante unha lei de acompañamento vulnerar a legalidade, obrigando ao Concello de Vigo a asumir unha competencia que non é propia e, ademais a cofinanciala. O texto da Lei de Bases de Réxime Local é claro, as entidades locais non deben volver a asumir competencias que non lles atribúe a lei e para as que non contan co financiamento adecuado.

O propio Tribunal Constitucional xa se ten pronunciado ao respecto en reiteradas ocasións, o art. 25 da LRBRL impide que as CCAA atribúan competencias propias aos concellos mediante cláusulas xerais, abertas ou indeterminadas, de xeito que o novo art. 25 esixe que as leis sectoriais atributivas de competencias aos concellos sexan necesariamente específicas e concretas e, en todo caso, sinala que toda atribución de competencias esixe, baixo sanción de nulidade, o traspaso dos recursos adecuados para o seu financiamento.

Polo tanto, as liquidacións practicadas pola Xunta de Galicia son nulas de pleno dereito por vulneración do réxime competencial establecido nas normas legais: Constitución Española, L.O. 2/2012, Lei 27/2013, Lei 7/1985, Lei 13/2008, Lei 5/2014 e, ademais, por vulneración da garantía da autonomía local dende o punto de vista financeiro e orzamentario.

En conclusión, a Xunta de Galicia do PP, nun ataque á autonomía local sen precedentes e dun xeito absolutamente contrario a dereito, pretende que o Concello de Vigo pague todos os anos máis de 550.000 euros en concepto de

financiamento de Centros de Día e Garderías Infantís, que son de competencia exclusiva da comunidade autónoma.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

“1. Instar á Xunta de Galicia a cumprir o mandato legal de financiar integramente as competencias exclusivas que ostenta en materia de xestión dos Centros de Día de Teis, Valadares e Coia.

2. Instar á Xunta de Galicia a anulación ou revogación das liquidacións irregularmente practicadas en concepto de cofinanciamento por parte do Concello de Vigo dunha competencia que é exclusiva da CCAA.”

DEBATE:

SRA. AGUIAR CASTRO: Continuamos para bimgo, que imos facer. A Lei de 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local comunmente coñecida como LARSAL, mudou profundamente o alcance das competencias municipais en materia de servizos sociais, concretamente o artigo 25.e) establece que a competencia dos municipios en materia de servizos sociais é exclusivamente a de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situacións de risco ou exclusión social. Produciuse polo tanto unha muda súbita do réxime legal que afecta expresamente aos convenios de adhesión voluntaria por certo, que tiña subscritos o Concello de Vigo coa Xunta de Galicia para colaborar na xestión dos Centros de Día de Coia e de Teis xa que o de Valadares nin sequera chegou a ter un convenio de colaboración asinado, pero é que para maior afondamento a disposición adicional 9ª de lei mencionada, di literalmente “os convenios á entrada en vigor desta lei, para transferir competencias delegadas ou competencias distintas das enumeradas no artigo 25 como é este o caso, deberían de adaptarse ao previsto nesa lei antes do 31 de decembro de 2014, transcorrido este prazo” e é taxativa a lei, non da lugar a interpretacións, “sen terse adaptados estes convenios quedarían sen efecto”, a isto se refire tamén a Lei da Xunta de Galicia 5/2014, que leva aparelada o financiamento para o exercicio por parte das entidades locais de competencias delegadas pola Xunta de Galicia, polo tanto, queda claro que os convenios subscritos no seu día coa Xunta de Galicia, en relación aos centros de día de Teis e

de Coia, están máis que extinguidos e nunca se chegou a asinar ningún convenio posterior á data de 31 de decembro de 2014, tal e como dicía.

Queda claro tamén que a xestión dos centros de día é unha competencia exclusiva da comunidade autónoma, pois ben como vostedes ben saben o 10 de marzo de 2015, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar daquela e hoxe a Axencia Galega de Servizos Sociais, remitiu unha proposta de convenio ao Concello de Vigo para que seguira financiando estes tres centros de día, convenio que foi rexeitando de plano por este Concello e por moitas razóns, pero basicamente algunhas, en primeiro lugar porque co novo réxime competencial este Concello entendía que era imposible xuridicamente asumir tal compromiso, en segundo lugar porque o convenio era profundamente lesivo para os intereses municipais cunha imposición de cargas económicas ao Concello que resultaba inasumible dende o punto de vista financeiro e orzamentario. Ademais de pretender impoñer unhas cargas económicas pola prestación dun servizo de exclusiva competencia da Xunta de Galicia, hai que sinalar que o dito convenio carecía dunha mínima memoria económica que permitira entender en base a que cálculo a Xunta de Galicia pretendía que o Concello asumira un desenvolvo de máis de 350.000 euros ao ano, compre lembrar ademais que a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia explica claramente cal é o réxime xurídico deste tipo de prestacións e dende logo non contempla en ningún caso a participación das entidades locais no financiamento deste sistema. Pois ben, neste réxime xurídico que acabamos de resumir que implica a total desaparición de calquera contido obrigacional para o Concello de Vigo, chegaron as rebaixas do Sr. Feijóo, con nocturnidade e aleivosía e á vista de que non podía impoñer a súa vontade a través dun convenio unilateral que este Concello non quixo asinar por ser profundamente lesivo para os nosos intereses, viu o Sr. Feijóo e o día 9 de febreiro de 2017, mediante unha lei de acompañamento aos orzamentos da Xunta de Galicia e pola porta de atrás mete un artigo que chama artigo 69 e di “novo confinanciamento de servizos sociais”, inventouse unha nova competencia municipal que non existe na lei e inventouse ademais unha nova forma de financiala e con cargo ao Concello de Vigo, e nesa Lei e o Sr. Feijóo nun novo ataque a Vigo invéntase unha nova competencia de servizo que nin foi nunca municipal nin figura na norma sectorial de servizos sociais, a

xestión e mantemento de escolas infantís e de centros de día de titularidade autonómica é de ámbito supramunicipal, é dicir, os vigueses financiando cos seus impostos as competencias exclusivas da Xunta de Galicia porque así o quere o Sr. Feijóo porque volvemos a insistir, o Sr. Feijóo utiliza a súa maioría parlamentaria para facer leis anti Vigo “ad hoc” para que el invite e os vigueses paguemos.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O certo é que a política de recortes do Partido Popular no ámbito municipal sempre se despregou cunha dupla vertente, primeiro se invadía a propia autonomía local, no senso de restrinxir a capacidade de financiamento e endebedamento dos concellos e limitando polo tanto a capacidade de decisión no tocante a incremento de gastos, nomeadamente gasto social, nisto hai que facer un inciso, é certo que hai unha responsabilidade neta do Partido Popular máis tamén hai unha falla evidente da emenda por parte de novo goberno no Estado do Partido Socialista e a segunda vertente dese recortes era transferir pola forza competencias máis non así os recursos necesarios para afrontalas, é patente como xa se manifestou a diferenza entre esa política de imposición unilateral aplicada polo Partido Popular no que ten que ver co financiamento por exemplo dos centros de día que se sitúa directamente na antípoda do modelo de consenso e de acordo que no seu momento a mesma Xunta de Galicia máis con outro goberno e con outras forzas políticas nel, impulsou dende daquela o consorcio de Igualdade e Benestar, unha fórmula de colaboración co que pretendía era precisamente nun contexto de dificultades económicas axilizar a implantación dunha rede de centros de atención aos nosos maiores ou de escolas infantís etc., o que é claro é que para o Partido Popular a única competencia da Xunta de Galicia do Sr. Feijóo é o Xacobeo, non hai nin política social nin política laboral nin política industrial, todo é o Xacobeo e o país vaise reducir ao Xacobeo e imos acabar comendo Xacobeo.

En todo caso, si que dende o Bloque Nacionalista Galego si que quixéramos engadir que non se trata só de que a Xunta de Galicia asuma as competencias sobre estes tres centros de día senón é urxente que a Xunta de Galicia poña en marcha novos centros de día, novas residencias de maiores, novos pisos compartidos e asistidos para as persoas maiores na cidade de Vigo e por iso que o Bloque Nacionalista Galego imos votar a prol desta moción.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos non só a favor senón que nos gusta moito algunhas das aseveracións que se poñen na moción, primeiro porque se di que a Lei 2/2017, de medidas fiscais administrativas, esa lei omnibus que a compañía aos orzamentos da Xunta de Galicia, mete pola porta de atrás moitas cousas, entre elas a ordenación provisional que ía nesa lei, é dicir, que está ben que cando os gobernos utilizan as leis omnibus ou todas leis que hai 50.000 temas dende a regulación dos drons á regulación do xogo e cuestión que teñen que ver co capítulo I da Xunta de Galicia con compromisos que teñen coas centrais sindicais pois claro, por aí se colan cousas que non se quere debater en materia de debate parlamentario, esto non é unha cuestión menor pero tamén para nós a ordenación provisional colouse por esa vía, seguimos pensando que este non debe ser o mecanismo co que se discute determinadas cuestións.

Non só é que esteamos de acordo senón aínda que non o pareza nós temos tamén corazón, entón imos poñer enriba da mesa a emenda á totalidade que presentamos aos orzamentos deste ano, dicíamos ademais cando vimos de repente que ten que aparecer unha partida non menor 205.000 euros para as escolas infantís e 350.000 euros para os centros de día, nós dicíamos na emenda á totalidade que uns dos motivos, é dicir, é certo que o mellor non se podía ter feito outra cousa, pero dicíamos que era unha das cuestións cando se nos vendía aquí unha suba do gasto social, dicíamos que aí efectivamente aí suman custes, o que son a suba salarial dos funcionarios pero que unha parte desa suba que se nos dicía do gasto social do Concello de Vigo era en realidade unha suba en gasto social que en todo caso é o orixinario substancialmente dun inxusto pago que o Concello de Vigo ten que facer por servizos que ata de agora facía a comunidade autónoma. O que consagra esta Lei 2/2017, para cofinanciar diversos servizos públicos en materia social coa administración autonómica é que seguimos a pensar que é exactamente igual de prexudicial que o sistema que sistema que obriga aos concellos a asumir a xestión e tramitación da RISGA, nós estamos completamente de acordo, non creo que o debate sexa competencial porque os concellos son a administración que funciona como dique de contención cando as outras administracións non fan políticas sociais e hai centos de concellos neste país que están a facer e construíndo centros de día e garderías ante a inanición da administración autonómica de toda a cor. Non é malo que o Concello de Vigo faga

garderías, centros de día eu si que creo que é unha competencia municipal, o debate é o financiamento e a Xunta de Galicia o que fai é mediante esta lei di, ademais o argumento neoliberal de sempre é que para facelo sostible hai que facer copago, sexa copago ao nivel do usuario ou sexa copago do nivel dunha administración que o que estaba a facer era a suplir a falla de prazas en educación infantil, en centros de día, construíndo centros de día, é dicir, ademais de pagar as garderías municipais que tivemos que construír ante inaniación das administracións autonómicas agora nos obrigan a pagar, a copagar as de titulariedade autonómica, é un insulto á autonomía local, é un insulto á Constitución e ademais e creo que é anticonstitucional que de súpeto unha infraestrutura que non foi pactada entre as dúas administracións se asuma que teñen que ser de copago porque os concellos poden dicir “é que eu non quero copagar a túa escola infantil precisamente porque as tarefas son moito máis elevadas, porque o sistema de acceso dos pais e as baremacións son completamente contrarias, eu quero facer os meus centros de educación infantil como fan por exemplo o concello de Madrid que non quere estar sometido ao sistema das escolas infantís da comunidade autónoma que é un desastre, eu non creo que sexa malo en todo caso que os concellos sigamos asumindo isto, que lle pidamos ao ministro de Facenda que queremos que o superávit, cos remanentes poder facer esas dotacións, ao que eles lle chaman financeiramente non sostibles, dicir que unha escola infantil é unha actuación financeiramente non sostible, home cando menos gustaríame que iso estivera emendado no futuro goberno e na futura lexislación que del saía. Nós estamos completamente a favor e ademais estamos a favor dunha cuestión, xa o dixemos na emenda ao orzamento que isto non se faga e pedir que se devolvan os importes sufragados, me parece unha boa iniciativa porque nós xa considerábase dende o inicio da aplicación desta doutrina que eses cartos eran de tódolos vigueses/as que non tiña por que acabar nas arcas, xa non digo da Xunta de Galicia, é que ademais o sistema seguramente que acabarán con estes centros de día, sabemos que ao final aparecen as CLECEs, as empresas privadas que xestionan un servizo social para nós e un servizo comunitario esencial.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Imos a clarificar un pouco o debate porque non é a Xunta de Galicia quen xestiona os centros de día de Coia, de Teis e de Valadares é

o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, é un consorcio que está constituído pola Xunta de Galicia e polos concellos, é un consorcio interadministrativo ao que o Concello de Vigo está adherido dende o ano 2007 e que non xestiona só eses tres centros día, tamén xestiona escolas infantís, a rúa Palencia de Valadares e tamén o centro de atención a mulleres e vítimas de violencia de xénero. Ese consorcio que efectivamente leva moitos anos de funcionamento ao que se foron adherindo moitos concellos e que ten distintos convenios de financiamento, no ano 2016 propón unha homoxeneización nos convenios, e hai un acordo unánime de tódolos grupos políticos entre a FEGAMP e o Consorcio sobre ese convenio, a FEGAMP que está presidida por un alcalde Socialista na que están Marea, Bloque Nacionalista Galego e Partido Popular, iso sé o que pasou, hai un acordo o que pasa é que quizais non están acostumados a manexar esa terminoloxía, o consenso e o acordo, si, o Consorcio chegou a un acordo coa FEGAMP e con tódolos grupos políticos para establecer un novo sistema de financiamento nos convenios que rexe o Consorcio, é máis, acordouse e así o pon o convenio que a Xunta de Galicia tiña que instar a modificación legal para efectivamente facer efectivo ese novo réxime acordado e foi o que se fixo a través da Lei de medidas, a Lei de medidas responde, este nova artigo, á necesidade de poñer amparo legal a unha acordo unánime entre as forzas políticas e o Consorcio, iso é o que se fixo.

O concello podía ter feito dúas cousas porque así se pactou tamén, seguir co réxime dos convenios tal e como estaban asinadas ou acollerse ao novo sistema, o Concello de Vigo non dixo nada, verdade que non? Entón, o novo modelo de cofinanciamento que rexe en toda Galicia para tódolos concellos adheridos ao Consorcio gobernados por todas esas forzas políticas e ao aveiro dese acordo, tamén rexe aquí. Conclusión, a Xunta de Galicia non lle reclama nada ao Concello, llo reclama o Consorcio no que están tódolos concellos adheridos e máis a Xunta de Galicia, esa reclamación faise porque deriva dun acordo que se fixo na FEGAMP con tódolos grupos políticos. Non entendemos aquí como nos descolgamos agora dese acordo, podo entender que o grupo Socialista o faga porque lle interesa pero o resto dos grupos é que alí votouse a favor e o convenio asinouse esa reclamación é conforme a ese novo modelo de cofinanciamento ao que como digo á Xunta de Galicia o Concello nada dixo. Non é un tema competencial, todos

sabemos e coñecemos efectivamente as leis de réxime local e hai unha lei que rexe en Galicia que veu a adaptar a Lei do Estado que di que os concellos seguen asumindo as competencias que asumían antes da aprobación da lei estatal, quero dicir, non é un tema xurídico, non é un tema competencial é un tema de que hai que estar aos acordos que se asumen polas organizacións e polos partidos políticos nos ámbitos nos que se produce ese acordo, lamentablemente estase a facer aquí cuestión política dun tema que non tan absolutamente ningunha polémica, non o ten, non o deberá ter Sra. Aguiar, non deberá ter lugar a ningún debate sobre a posición do Concello dentro do consorcio e sobre a prestación dos servizos que se fan no ámbito dese convenio que está como digo dentro dun réxime que foi acordado, máis nada.

SR. AGUIAR CASTRO: O Sr. Pérez Iglesias dicirille que nós non estamos en absoluto en desacordo con achegarnos a fórmulas de convenios, de colaboración e incluso de cooperación entre administracións pero iso faise mediante un instrumento xurídico que é un convenio e que ademais é de adhesión voluntaria, é dicir, o que aquí está a pasar é que o Sr. Feijóo nos obriga el por lei a asumir unha competencia que nós entendemos que non é do Concello é que en todo caso cando queiramos nós colaborar con outras administracións ha de ser o Concello de Vigo quen decida en que competencias, con que administracións e utilizar o instrumento xurídico axeitado.

Con respecto ao Partido Popular dicirilles máis do mesmo, isto vai de competencias pero máis que nada de política e isto vai de que vos a forma de gobernar que ten o Sr. Feijóo en Galicia é a de derivar a pataca quente aos concellos e faino con todo. A fórmula do Sr. Feijóo, invita e Vigo paga, a utilizaron vostede co transporte urbano de Vigo pretendendo que pagáramos o transporte de xente de fora de Vigo, pagando horas de centros de día á xente de fora de Vigo, porque lembremos que os centros de día son unha prestación de carácter supramunicipal e atende a xente de fora da cidade de Vigo pero a fórmula é a de sempre, xa non nos sorprende, e despois vostede falsea a verdade e é que o acordo Marco entre o Consorcio e a FEGAMP é de adhesión voluntaria por parte de cada un dos concellos e nós non nos quixemos adherir a ese convenio, non nos adherimos a ese convenio e polo tanto, non hai ningún instrumento xurídico en vigor que poida obrigar ao Concello

de Vigo a sufragar os centros de día, e lle digo algo máis como non puideron vostedes obrigarnos coactivamente a pesares que nós dixemos por escrito que non o queríamos subscribir e de feito non o subscribimos, xiraron vostedes unhas liquidacións con efecto retroactivo que hai que ter narices, fan vostedes unha lei de acompañamento, un artigo 69 e ademais din “ah, e pagas tamén o de atrás” pois mire, vai a ser que non, e isto ímolo gañar nos tribunais porque isto é inconstitucional porque isto vulnera o principio de autonomía local e subsidiario de autonomía financeira e orzamentaria e isto é un agravio máis á cidade de Vigo do Sr. Feijóo, é unha mágoa que vostede seguen exercendo aquí de sucursal do Sr. Feijóo como nos anteriores mandatos, non se preocupen que os cidadáns lles darán cumprida resposta nas urnas, como xa lles deron e como é máis que evidente.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.07.2019 (Rex. Nº 2111/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(99).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CREACIÓN DE CHAN INDUSTRIAL E COMERCIAL, ASÍ COMO O ESTABLECEMENTO DUNHA LIÑA DE AXUDAS ÁS EMPRESAS INNOVADORAS, SUSTENTABLES, ECOSOSTIBLES, DE ECONOMÍA SOCIAL E PARA A FORMACIÓN DE TRABALLADORES ESPECIALIZADOS. REXISTRO PLENO 2112/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2019, número 2112/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Na última década, é dicir durante o Goberno do Sr. Feijoo á fronte de Galicia, máis de 300 empresas galegas trasladáronse ao norte do país veciño e iso non por razóns operativas ou comerciais senón pola falta dunha programación e execución de chan industrial, así como pola falta de vixilancia das regras da competencia, por parte do Goberno galego. A resposta do Goberno da Xunta foi o silencio e a inactividade ante a concesión de beneficios fiscais contrarios ás mesmas regras europeas que, nesta cidade, puxeron en xogo o tax lease na construción naval, fronte á oferta gratuíta de chan industrial en Portugal e fronte a uns menores custos laborais.

As empresas de Vigo e a súa área necesitan chan industrial no que expandir as súas actuais fábricas, necesitan chan próximo no que realizar actividades complementarias ás tradicionais e necesitan, tamén, chan para que os seus provedores poidan fornecer mercadorías nun prazo curto de tempo e reducindo o custo do stockaxe. Pero, tamén, necesitan chan industrial para desenvolver novas liñas de produto para atender ás novas necesidades do mercado ou da axenda da economía verde e sustentable. Sectores crave desta cidade, que conforman o seu ADN estrutural, necesitan a realización de actuacións por parte da Xunta de Galicia, como Administración competente. Chan industrial, axudas para a fabricación do vehículo eléctrico, compoñentes para a economía verde, almacenamento de mercadorías na contorna próxima das grandes infraestruturas loxísticas, chan comercial para empresas, chan para a industria conserveira, manufactureira, metalmecánica e outros sectores estratéxicos.

Este apoio á cidade e á súa contorna tamén o é aos traballadores posto que a rebaixa de salarios prexudica as posibilidades de desenvolvemento persoal e social das persoas que, sen que existan motivos para iso, ven involucradas nunha competencia de salarios mínimos.

Con todo, a Xunta de Galicia permanece impasible ante o éxodo de empresas alén da fronteira e ante a petición de axudas para liderar o cambio tecnolóxico e ambiental que España necesita para avanzar e liderar o crecemento de Europa. Esta inactividade é preocupante por canto que non só non se defende a un país ou a unha das áreas económicas máis relevantes do noroeste peninsular, como é a de Vigo, senón que tampouco se establecen medidas que poidan facilitar a implantación de empresas ou a ampliación dos seus centros de produción nos nosos polígonos e zonas industriais. Fronte a iso, o Presidente da Xunta celebra a implantación de empresas en municipios limítrofes con menores servizos e, por tanto, con menores custos de contribución ao sostemento dos gastos públicos coma se as necesidades socioeconómicas fosen a conta de resultados da súa empresa.

Por todo o exposto, propónse o seguinte

ACORDO:

Que se establezan medidas para fortalecer a Vigo e á súa área de influencia como o principal polo económico do sur de Galicia mediante a creación de chan industrial e comercial por parte da Xunta de Galicia así como polo establecemento dunha liña de axudas ás empresas innovadoras, sustentables, ecosostibles, de economía social e para a formación de traballadores especializados nos novos desenvolvementos.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Esta moción ten dende logo o obxectivo de promover un acordo entre todos porque entendemos que propoñemos algo que é razoable é a necesidade de dotar a Vigo de chan empresarial e que a Xunta de Galicia participe na execución, realización, posta a disposición do mercado dese solo empresarial. É un feito que á falla de solo industrial e o prezo do mesmo está derivando en que empresas que ata agora estaban ubicadas en Vigo estean levando parte das súas instalacións ao norte de Portugal, como dicía non é unha causa exclusiva pero é unha causa importante que o feito de ter máis accesible solo industrial e a un prezo asequible no norte de Portugal estea actuando como medida que está a desincentivando a implantación da actividade económica en particular no sur de Galicia.

Ante este situación que observamos, observamos que si avaliamos o estado do solo empresarial ao longo da xeografía galega atoparemos que existen polígonos industriais baleiros, existen polígonos industriais que non teñen implantación de

empresas a pesares incluso de que a Xunta de Galicia nos últimos anos ven de abordar unha política de rebaixa do prezo dese solo industrial, política que pode chegar incluso a rebaixas do 43% de media, segundo a propia información facilitada polo Instituto Galego de Vivenda e Solo e nin con esas, políticas de aluguer de parcelas empresariais para que se poidan instalar alí actividades incluso con dereito a compra nun prazo de anos determinado, que é o que estamos a observar? Que o solo empresarial está onde non existe demanda e tódolos análises, os análises que aparecen por expertos no mercado din que o solo empresarial ten que existir onde existe demanda do mesmo, isto significa polo tanto que alí onde existen altos centros de consumo sexan de particulares ou sexan de empresas e ao mesmo tempo que existan boas infraestruturas, é onde é preciso o solo empresarial. Pois nesta situación que nos atopamos en Vigo, nos atopamos que a Xunta de Galicia nesta cidade non ten un metro cadrado de solo empresarial, no Plan Empresarial de Áreas Empresariais de Galicia os únicos solos empresariais que aparecen son desenvolvidos afortunadamente pola Zona Franca de Vigo, e o único que aparece como un polígono industrial que está sen desenvolver é unha cousa que se chama chan de labrador, lembran vostedes aquel polígono cativo, vinculado á actividade empresarial das Cinco Jotas, pois ese é o único polígono empresarial que ten cualificación de executarse por parte da Xunta de Galicia na nosa cidade, esta situación é claramente irregular e polo tanto, dende este Concello xa trasladamos a necesidade de revisar ese plan de áreas empresariais de Galicia pero eu diría algo máis porque neste intre xa non é só que a Xunta de Galicia en Vigo non desenvolva chan empresarial cando aquí se precisa, senón que ademais temos en días recentes declaracións do director da fábrica de PSA en Vigo que reclama a necesidade de ampliar o polígono de Balaídos, fronte a esa urxencia por implementar unha ampliación dun polígono para cubrir algo fundamental, mellorar a interrelación dese polígono industrial existente cos veciños e claro que resolver as necesidades dos veciños é urxente e ademais resolver os problemas dos provedores de Citroën que precisan chan empresarial vinculado a ese polígono.

O Concello de Vigo propuxo, sen que a Xunta de Galicia tivera que gastar un euro, que esta actuación tivese a cualificación de urxente, promovida por unha entidade pública como a Zona Franca, e o primeiro que nos dixo a Xunta de Galicia foi que

non, e polo tanto, esa necesidade de habilitar chan empresarial de xeito rápido para estar a disposición do tecido produtivo de Vigo porque un chan empresarial entre que se habilita un mecanismo, se transforma, se urbaniza e está dispoñible, transcorre tempo e as necesidades que temos en Vigo xa son urxentes, a Xunta de Galicia fronte a esa petición o primeiro que lle da Vigo é coa porta na nariz, nos entendemos que esta situación hai que revertela, que a peza básica da actividade económica de Galicia é Vigo e que polo tanto dado que a nosa actividade económica é o sustento de toda provincia, de boa parte do tecido empresarial de toda Galicia, necesitamos que se habiliten axudas para as empresas e obviamente tamén solo empresarial en Vigo.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Podendo partillar a necesidade de dotar á cidade de máis solo industrial aínda que admitiría discusión, claro o problema das mocións con relatos tan xenéricos é que no detalle ao mellor definen cousas, porque deberíamos discutir como, onde, en que condicións precisamente o fío do que apuntaba a concelleira en relación por exemplo á ampliación do polígono de Balaídos e como se ten acometer as respostas segundo que necesidades, podendo partillar tamén o alargamento das liñas de axuda pública para estimular a actividade produtiva, tamén poñendo condicionantes de como, de que maneira, para que, con que condicións, dende logo para o Bloque Nacionalista Galego nos resulta algo chocante a moción vendo pois o uso que dende o propio Partido Socialista, desta volta, dende o Consorcio da Zona Franca se quere facer do solo industrial e temos o exemplo do parque tecnolóxico de Beade-Valadares onde xa se anunciaba queren destinar 70.000 metros cadrados a grandes superficies comerciais. Parecería que para o PSOE vigués a industria son grandes áreas comerciais como Porto Cabral, como Cruceiro ou como Recaré, nun Vigo que é potencia na construción naval, no Vigo punteiro na automoción, no Vigo punteiro tamén na industria do metal, no Vigo chamado a ser a capital galega da innovación e da tecnoloxía, o Partido Socialista parece teimar en promover apenas grandes centros comerciais maila que hoxe na nosa cidade hai 4.200 postos de traballo menos na industria que hai unha década, e dende logo esta moción tería maior consistencia e contido real se nela se demandase tamén á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado un Plan de reindustrialización para Vigo e a súa comarca con dotación

económica porque non só se precisa solo para activar a economía, para nós o que é fundamental, o que falla singularmente tamén pola ausencia de política industrial en Galicia é a iniciativa pública e un exemplo claro témolo neste momento no esmorecemento do estaleiro Vulcano.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Nós estamos substancialmente de acordo co sentido desta moción, se ben observamos nela dúas dimensións as que me gustaría facer referencia. En primeiro lugar, desenvolver Vigo e a súa área de influencia como polbo económico, para iso nós cremos que é fundamental fortalecer a eurorexión Galicia Norte de Portugal, comezando por instar ao goberno do Estado a inclusión da conexión Vigo-Porto no corredor atlántico de mercadorías porque estratéxica e é irrenunciable mentres que actitude que tivo o Goberno do Estado neste asunto, constituíu un agravio para a nosa cidade que vostedes tanto din defender e para Galicia foi un escollo verdadeiramente, ese si foi un escollo para a mellora das infraestruturas ferroviarias que conectan con Portugal.

En segundo lugar, cando falamos de fortalecer Vigo e a súa área de influencia, estamos a falar tamén entendo de área metropolitana, segundo o propio Alcalde anunciara o debate da área metropolitana se abriría despois das eleccións municipais, estamos pechando o mes de xullo, segundo o Alcalde tamén o debate está bloqueado por parte do Partido Popular, onde está entón a primeira comunicación pública por parte deste goberno de Vigo instando ao desbloqueo da cuestión da área metropolitana, pola nosa parte insistimos na necesidade de desenvolver unha área metropolitana en base a criterios de xustiza social e de solidariedade, compre pórse mans a obra. En terceiro lugar, a que nos referimos cando falamos de polbo económico, falamos do Casino que se vai a construír en terreo da Zona Franca, si da Zona Franca de Vigo á que vostede fixo alusión señora concelleira, neste senso en todo caso hai que facer un especial agradecemento ao Partido Popular por este escenario ultra liberal que se abre na nosa cidade xa que foi el en solitario quen tumbou os límites á apertura de casinos en 2015, modificando a lei de xogos e apostas de xeito que cada un dos casino xa existentes, o da Toxa e o de A Coruña puidesen abrir unha sala adicional, curiosa sala adicional que non ten porque estar no mesmo emprazamento que o Casino do que depende, salvando deste xeito tramposo o obstáculo legal que impedía a

existencia de máis dun Casino nunha mesma provincia e agora detereime brevemente na referencia a sustentabilidade que se fai no texto da moción e que non obstante a señora concelleira quizais nin se atreveu a tocar na súa defensa, chama a atención efectivamente ler deste goberno municipal o termo economía social, certamente Vigo e a súa área encabezan numerosos proxectos de economía social que comezan a desprezarse xa en Galicia pero que implicación ten este Concello co desenvolvemento da economía social? Antonte saíu no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra as bases para convocatoria de axudas municipais á creación de empresas 2019, e vaia, non figura por ningures que este Concello prime e economía social nin o emprego de base tecnolóxica, ningunha referencia. Pero quizais non hai que sorprenderse efectivamente porque tampouco existen nin sequera neste Concello unha concellería que teña atribuídas competencias concretas e específicas en economía social, nin un plan director de innovación social para emprego, centrado no desenvolvemento sustentable nas responsabilidade social e na cooperación como si desenvolveron concellos como Santiago de Compostela ou A Coruña, pero non estou a barrer para a casa, tamén o Concello de Sevilla do Partido Socialista. En definitiva, con este vimbios cando este goberno local fala de economía social cabe preguntarlles? Cantas xuntanzas tiveron vostedes co foro galego de economía social ou coas entidades que o integran? Compre efectivamente empresas innovadoras e sustentables, pero compre comezar por un Concello que coloque as persoas e ao seu traballo no centro dos sistema, ese é o eixo da economía social, abordando por exemplo a necesidade de cláusulas sociais na contratación pública ou as dificultades que presenta por exemplo a economía colaborativa cando non é tamén social como acontece agora que se achegan os días de O Marisquiño co fenómeno dos pisos turísticos ilegais, son só algúns exemplos para que poidan comezar a traballar.

SR. GONZÁLEZ CASTILLO: Non hai solo industrial en Vigo porque non hai Plan Xeral, quen é o responsable de que non haxa un Plan Xeral en Vigo? Quen é o responsable de que non teñamos un metro cadrado de solo industrial? É responsabilidade do Alcalde Socialista de Vigo, depende única e exclusivamente dun alcalde que leva gobernando Vigo 12 anos, home, se houboese chegado onte, pero leva xa 12 anos, e as empresas teñen que buscar fora de Vigo terreo

industrial. Vigo no século XX foi a cidade que máis creceu de Europa, Vigo no século XX multiplicou o peso industrial que tiña, Vigo recibiu non solo o sector da pesca que era importante, a transformación da pesca, a conserva, a industria, a industria do automóbil e todo o demais pero é que dende hai uns anos se unha industria quere vir a Vigo onde se implanta, en ningún lado porque non ten solo industrial, por que? Porque resulta que o Concello de Vigo que é o responsable de aprobar un Plan Xeral non o fixo, temos un Plan Xeral de hai 26 anos e de 26 anos para acá cambiou moito a sociedade, se implantaron empresas, e se vostede ten un cupo de terreo e o ocuparon empresas e xa non hai máis esas empresas como xa non teñen onde establecerse vance onde o haxa e vance fora, Vigo ten un Plan Xeral obsoleto, non ten capacidade para xerar crecemento e implantación de empresas e as empresas vance e entón perdemos poboación, as empresas non poden establecerse e perdemos peso industrial, cantas empresas xa non tributan por IAE? Cantas empresas vance ou se amplían cara outros concellos? A maioría das empresas que hai en Porriño, Mos, en Ponte Caldelas son de Vigo e moitas traballan para a PSA, as empresas queren crecer no Concello de Vigo pero vostedes llo impiden, as empresas como Amazon, fíxese vai a construír o súa Planta de distribución en Porriño, por que en Vigo non? Porque non hai solo industrial, onde está o apoio ás empresas? A ver se se trae emprendemento para fixar poboación e emprego, Sra. Caride por que non fixo un Plan Xeral nestes anos? Que leva 4 anos dende que o Tribunal Supremo anulou un Plan Xeral Socialista, en Vigo e un goberno socialista en Santiago de Compostela e non moveu un papel, non coñecemos nin o borrador e agora non me diga que a culpa é do Partido Popular, do Sr. Rajoy ou do Sr. Feijóo, é a súa competencia e como se pode ver son uns incompetentes e bota balóns fora, humanizan rúas para os cidadáns, que agora por certo vance traballar fora, e vance a vivir a outros concellos porque pronto seremos como Pontevedra, 4. O problema que ten Vigo é que se un goberno se adica a buscar enfrontamentos con outras administracións, que fai declaracións populistas, que acusa sen ningunha proba, que repite esas acusacións e as que son as súas competencias como é o Plan Xeral que leva 12 sen Plan Xeral, sen solo industrial, repito, 12 anos sen un metro cadrado de solo industrial, estamos paralizados, estamos ante un goberno de hibernación.

A Xunta de Galicia ten unha axencia de innovación e outra de promoción económica que axuda ás empresas desta cidade, non hai ningún proxecto empresarial importante que non conte con axuda en materia financeira, económica ou de formación ou de todas elas. Ningunha, todas elas de innovación, economía social, sostibilidade, etc. que se piden na moción xa existen e se benefician as empresas viguesas. Votaremos en contra.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Entendo que parte dos intervenientes van apoiar esta moción porque repito, é boa para Vigo se que non podo polo menos de deixar de amosar a miña sorpresa, claro, que pretende o concelleiro non adscrito do Bloque Nacionalista Galego, que a actividade comercial de Vigo marche para Mos, ese é o seu modelo, potenciar o centro comercial de Mos, porque dende logo do goberno municipal de Vigo non é, en Vigo se precisan evidentemente só para actividades empresariais industriais e tamén só para actividades terciarias, que tamén precisa estar en aqueles espazos onde existe a demanda como é Lóxico, iso si nós non estamos impulsando que o chan para actividades terciarias teña que ser axudado polas institucións públicas directamente no financiamento dos seus prezos, pero si entendemos que igual que a Xunta de Galicia está rebaixando o prezo por metro cadrado do solo industrial noutras zonas de Galicia, aquí tamén porque o chan é caro en Vigo, porque hai demanda en Vigo, polo tanto, eu entendo que vostedes do grupo Mixto van a apoiar esta moción, en defensa dos intereses de Vigo, tamén entendo que probablemente non lle deu tempo a revisar a documentación e saber o que está facendo este Concello para promover a integración de tódolos cidadáns e polo tanto descoñecen que hai 470 persoas con axudas para o emprego, que se incrementou un 124% as axudas para o emprego dende o ano 2006, que existen 187 ONGs que financia este Concello para implementar pois, obviamente tamén a integración no noso sistema produtivo e dende logo a non exclusión social e polo tanto que esas cousas non lles deu tempo a miralas, pero se me permite é que o do Partido Popular é surrealista, claro, obviamente Vigo non ten Plan Xeral pero iso non impide para nada primeiro, que a Xunta de Galicia apoie a esta cidade cando solicita a aplicación desa que denominamos Lei Vigo para desenvolver de xeito áxil o polígono de Balaídos, a ampliación do polígono de Balaídos e en vez de apoiar negan a posibilidade de que se tramite como un proxecto urxente a pesares da

reclamación de Citroën de que precisa a ampliación pero o que xa é surrealista é que nos digan que, home que o “chan de labrador”, ese solo que aparece no Plan de Áreas Empresariais de Galicia sexa prioritario para esta cidade. Creo que ao carón de vostede hai alguén que ven da consellería de industria, hai que actualizar a base de datos, porque claro non se pode estar dicindo constantemente que o Concello de Vigo non fai cousas cando a Xunta de Galicia ten instrumentos para desenvolver proxectos sectoriais e plans sectoriais, e ten que actualizar ese plan sectorial, que non lle poña paus nas rodas a Vigo, que apoie a economía desta cidade, ten un bo exemplo agora para facelo, apoiando a tramitación da Lei 3 para ampliación do polígono de Balaídos.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e unha abstencións do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.07.2019 (Rex. Nº 2112/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

12(100).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ADOPTAR UN PLAN DE CHOQUE PARA REDUCIR AS LISTAS DE ESPERA DOS PACIENTES QUE AGARDAN UNHA INTERVENCIÓN CIRÚRXICA NOS HOSPITAIS DE VIGO E Á DIMISIÓN DO CONSELLEIRO DE SANIDADE COMO MÁXIMO RESPONSABLE POLÍTICO DESTA SITUACIÓN. REXISTRO PLENO 2113/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2019, número 2113/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A xestión na área Sanitaria de Vigo, nos últimos anos, foi un completo desastre.

A posta en marcha do novo Hospital privado, as listas de espera que empeoraron e o conflito cos profesionais da atención primaria son só unha parte dos exemplos desa nefasta xestión.

O compromiso do Goberno da Xunta, coa cidade de Vigo e a súa Área Sanitaria, foi nulo. Na súa liña de desatención a esta cidade e de falta de cumprimento dos compromisos adquiridos polo Presidente da Xunta en xullo de 2.015.

Todo este conxunto agrávase especialmente cos datos oficiais do SERGAS, que coñecemos recentemente, sobre as listas de espera. Aquelas que afectan aos máis vulnerables e que constitúe un auténtico drama, a espera para ser intervidos cirurxicamente.

Os datos son tremendos, a lista de espera para entrar en quirófano nos Hospitais de Vigo é de 74 días, mentres que a media en Galicia é de 54 días. Un total de 10.851 pacientes, segundo os datos facilitados polo SERGAS, atópanse en lista de espera o que significa que o número se ha incrementado en 286 persoas con respecto a principios de ano. Lonxe de descender, aumenta o número. Un de cada tres pacientes galegos que esperan a ser operados é da área Sanitaria de Vigo.

A lista de espera para realizar unha proba TAC tampouco se salva destas cifras tan preocupantes. Para a ecografía xinecolóxica débese esperar 141 días e para un TAC, 100 días.

A todo isto débese engadir que as estatísticas oficiais non recollen do todo a realidade xa que non figuran nas mesmas a lista de espera non estrutural.

A finais do verán estas listas incrementaranse debido á política de peche de camas durante o período estival.

O Goberno da Xunta asegurara, entre outros obxectivos, que coa construción do novo Hospital privado de Vigo, as listas de espera reduciríanse. Os datos anteriores demostran a evidencia de que non foi así. A redución de camas, con respecto ao Hospital deseñado polo Goberno de Touriño, entre outros recortes demostraron que non era leste o Hospital que Vigo necesitaba.

Construír un Hospital privado e recortar os seus servizos leváronnos a esta situación tan negativa para os pacientes da nosa cidade.

É necesario pero de forma absolutamente urxente e prioritaria, que o Goberno da Xunta adopte as medidas necesarias para reverter esta situación.

Por todo isto, solicítase á Corporación Municipal adoptar ou seguinte

ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a que se asuman as correspondentes responsabilidades políticas polos xestores e en concreto esixir a dimisión do Conselleiro de Sanidade por ser o máximo responsable político desta situación. Instar á Xunta de Galicia a adoptar medidas urxentes que se concreten nun Plan de Choque con todos os medios necesarios para reducir as listas de espera dos pacientes que agardan unha intervención cirúrxica nos Hospitais de Vigo.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: A política sanitaria do Partido Popular do goberno da Xunta de Galicia en Vigo foi e é no seu conxunto certamente nefasta, a desatención pero tamén a marxinación desta cidade, deixouse sentir na parte máis sensible para os cidadáns que precisamente é a sanidade, Vigo lamentablemente se converteu para o Partido Popular e para o goberno da Xunta de Galicia nun campo de experimentación, pero tamén nun campo de castigo, a política de privatizacións que o Partido Popular no ámbito sanitario ten como guía ao longo de todo o Estado español tivo o seu campo experimental como digo, moi concreto na cidade de Vigo e non se seguíu en ningún outro sitio, o que fixo en Vigo dende o Goberno da Xunta de Galicia non ten similar nin por aproximación en ningunha cidade de Galicia. O castigo non só foi nas privatizacións senón que tivo continuidade nos recortes que creo que é unha denuncia de tódolos sectores sociais como ben sabemos. E o recoñecemento dese fracaso que todos sabíamos e que era palpable

se converteu no recente cambio de xerente, un cambio de cromos, collen ao de Vigo e o mandan para Ourense e o de Ourense ven para aquí, pobre veciños os de Ourense. Cal é a realidade en sanidade? Que Vigo ten un hospital privado, que se pagan 70 millóns de euros a unha empresa concesionaria de acordo co DOGA ano tras ano, pero tamén a realidade é que temos unha atención primaria contestada por todos, especialmente polos profesionais, eses que se puxeron a favor dos cidadás e que defenderon por enriba de todo aos pacientes, inclusive por enriba dos seus propios intereses lexítimos, que gran idea ao do Alcalde que hoxe teñan o título de Vigueses Distinguidos porque representan dunha forma moi singular o espírito de Vigo de hoxe, se mencionaba antes a Bouzas, que vergoña, pasear na festa recente de Bouzas contemplando un cartel da Xunta de Galicia dun centro de saúde que leva 10, 12 anos despois de ter cedido o terreo este Concello. Todo este panorama do que é a Sanidade na cidade de Vigo e na súa área sanitaria se adorna cunha macabra guinda, as listas de espera e é a moción que precisamente por iso traemos.

O SERGAS viuse obrigado a facer públicas a listas de espera, non podía ocultalas durante máis tempo e si é certo que as manipulou en certa medida, e a tremenda realidade é a seguinte, para entrar en quirófano en Vigo se esperan 74 días, de media, na media de Galicia son 54 días, 10.851 pacientes de Vigo e da súa área sanitaria con aqueles que compartimos a diario entre os que temos familiares e amigos, están esperando a entrar en quirófano, os datos son tremendos, un de cada tres pacientes que esperan operarse en Galicia é de Vigo, a suma de Vigo os 10.851 que esperan é igual á suma de toda A Coruña e Pontevedra. Máis datos, para facer un TAC deben de esperarse 100 días, máis de tres meses, para unha ecografía xinecolóxica 141 días, e todo isto que é a realidade de hoxe se agrava día a día, este verán coa política de peche de camas da Xunta de Galicia se agravará esta situación, e cal é a resposta política? Cambiar de xerente por non cambiar de conselleiro, como o conselleiro pode mover aos xerentes non asume a súa responsabilidade política e precisamente o primeiro que hai que facer é recoñecer a ineptitude política con respecto á política de sanidade en Vigo e na súa área sanitaria e o primeiro que hai que facer é que dimita o responsable porque non é unha cuestión de dous días, non é unha cuestión de dous meses, é unha cuestión que aquí vimos padecendo dende hai tempo e que polo tanto

pedimos un plan de choque porque é absolutamente necesario, e unha dimisión do conselleiro porque é absolutamente necesaria que non foi capaz de dar solución aos problemas de Vigo.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Partido Popular ten hoxe unha oportunidade de demostrar na corporación cal é o alcance real da rectificación despois do resultado do 26 de maio, eu non teño grande confianza en que rectifiquen, máis teñen a oportunidade de deixar de defender o indefendible, non, que é unha política sanitaria que insiste nun modelo privatizador e de recorte que só procura desmantelar a sanidade pública e que supón unha ameaza real para a saúde de tódalas viguesas/es, polo colapso da atención primaria, pola saturación do punto de atención continuada, por ese medio centro de saúde que queren impoñer en Bouzas, polo peche de camas máis tamén, por ese duplo recorte privatizar que nos supón o modelo do hospital Álvaro Cunqueiro combinando co concerto especial de POVISA onde non as/os pacientes non teñen os mesmos dereitos que os da pública e que nos custa cada ano 150 millóns de euros anuais entre o canón dunha parte e o concerto especial.

Quinto.- O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón da “Fundación Liste”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, que ostentará a Vicepresidencia segundo se determina no artigo 15.3 dos Estatutos. Os restantes dous membros representantes do Concello, segundo se indica no artigo 13.1.a) dos devanditos Estatutos, serán o concelleiro-delegado de Cultura, D. Abel Losada Álvarez e *D. Rafael Vallejo Pousada.*

Sexto.- Comunicar á Secretaria Xeral do ente “Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular que na sesión constitutiva de data 15 de xuño de 2019 foi elixido Alcalde da Cidade de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, correspondéndolle

estatutariamente a representación do Concello de Vigo nos órganos de goberno do dito ente.

Sétimo.- Designar representante do Concello de Vigo no Consello Social da Universidade de Vigo a D. Xulio Calviño Rodríguez.

Oitavo.- Designar como interlocutores do Concello de Vigo na Rede Española de Cidades Saudable a D^a Nuria Rodríguez Rodríguez, Concelleira Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, na condición de representante política e a D. Secundino Otero Failde, xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, na condición de representante técnico.

Noveno.- Comunicar á Secretaría Xeral da Autoridade Portuaria que o Concello de Vigo estará representado no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo polo seu Alcalde e representante legal, D. Abel Caballero Álvarez.

Décimo.- O Concello de Vigo estará representado no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria da Subxerencia Territorial da Dirección Xeral do Catastro da Delegación de Facenda de Vigo pola Concelleira-Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, D^a Patricia Rodríguez Calviño. Nomear suplente á directora de Ingresos do Concello de Vigo, D^a M^a Jesús Magdalena Vila.

Décimo primeiro.- O Concello de Vigo estará representado no Padroado do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia pola súa Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, D^a Nuria Rodríguez Rodríguez.

Décimo segundo.- O Concello de Vigo estará representado no Museo Do Mar polo Concelleiro-Delegado da Área de Cultura, D. Abel Losada Álvarez.

Décimo terceiro.- O Concello de Vigo estará representado na “Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana” da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) pola Concelleira-Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, D^a Patricia Rodríguez Calviño, como representante política e pola secretaria do Goberno Local, D^a M^a Concepción Campos Acuña, como responsable técnica

Décimo cuarto.- Designar como representante do Concello de Vigo na “Red Española de Cidades Inteligentes” (RECI), á Concelleira D^a Patricia Rodríguez Calviño.

Décimo quinto.- Comunicar o presente acordo aos Concelleiros, Fundacións, Padroados, organismos e entidades públicas afectados para o seu coñecemento e efectos.

Décimo sexto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Publíquese así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo goberno.

Décimo oitavo.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo; de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1985, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

28(116).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 11.07.19, REFERENTE Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DO 20-06-19, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS-DELEGADOS E DEMAIS DELEGADOS DE ÁREA, MATERIA DE URBANISMO. EXPTE. 601/1102 (REXISTRO PLENO 2105/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 11.07.19, que di o que segue:

“4.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 20/06/2019 DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIRO-DELEGADOS E DEMAIS DELEGADOS DE ÁREA. MATERIA DE URBANISMO EXPTE. 601/1102

Dáse conta da proposta de data 09/07/19, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

A concelleira-delegada de Urbanismo en data 05/07/19 (Expte. 1057/400), emitiu a seguinte proposta:

“O día 05/07/2019, a arquitecta municipal xefa da área técnica da XMU e o Xerente De Urbanismo emitiron o seguinte informe-proposta de resolución:

“Con data 20.06.2019 a Xunta de Goberno Local acordou:

“Primeiro .- Delegar nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 as atribucións nas condicións particulares que se detallan de seguido:

I.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO.

1. Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas a licenzas de espectáculos públicos e de actividades recreativas de carácter extraordinario, agás as que lle puideran corresponder á outras Concellerías Ddas en aplicación da normativa sectorial, comunicacións previas, disciplina e infraccións urbanísticas, declaracións de ruína e ordes de execución....”

No texto aprobado entre as atribucións delegadas a Concellería Delegada de urbanismo unicamente se inclúen as “licenzas de espectáculos públicos e de actividades recreativas de carácter extraordinario” e non o resto das licenzas urbanísticas (licenzas de obra, primeira ocupación, licenzas de apertura de establecementos para actividades recreativas ou de espectáculos etc). Parece un erro na redacción é deberían citarse as licenzas urbanísticas de forma xenérica. Ademais non se inclúen as declaracións responsables.

En canto as licenzas ou declaracións responsables de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario e as licenzas ou declaracións responsables para as actividades recreativas ou de espectáculos na vía pública ou espazos abertos de uso público, podería reconsiderarse que a súa tramitación sexa de competencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, en base ós seguintes motivos:

- O feito de que ditas actividades estean sometidas a declaración responsable ou licenza non quere dicir, por se mesmo, que sexan da competencia da Xerencia de Urbanismo (o Concello concede licenzas para andamios, calas, gabias, mesas e sillas, etc).

- *Por razón da materia. A necesidade ou non da existencia dun plan de autoprotección determina se ten que solicitarse "licenza" ou basta cunha "declaración responsable", o cal é unha mostra máis de que neste tipo de eventos o que debe primar é a seguridade e as actuacións a realizar en caso de emerxencia, así como a debida utilización dos bens de dominio público.*

- *A tramitación conxunta da autorización para a ocupación do espazo público e as autorizacións para as actividades a as instalacións estruturas non permanentes desmontables.(...)"*

De conformidade co informe-proposta enriba transcrito próponse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

ACORDO:

Modificar o paragrafo 1 do acordo da Xunta de Goberno local de 20 de xuño de 2019 polo que se delegan nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 as atribucións nas condicións particulares na Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, para que se inclúan o conxunto das licenzas urbanísticas, coas excepcións xa mencionadas, propoñéndose o seguinte texto:

1. *Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas a disciplina e infraccións urbanísticas, declaracións de ruína, ordes de execución e títulos habilitantes de natureza urbanística ou para o exercicio de actividades (licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables), agás as que lle puideran corresponder á outras Concellerías Delegadas en materia de espectáculos públicos e de actividades recreativas de carácter extraordinario ou as que supoñen unha ocupación do dominio público."*

A vista da precedente proposta e, de conformidade coas competencias atribuída a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación, formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Modificar o paragrafo 1 do acordo da Xunta de Goberno local de 20 de xuño de 2019 polo que se delegan nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 as atribucións nas condicións particulares na Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, para que se inclúan o conxunto das licenzas urbanísticas, coas excepcións xa mencionadas, propoñéndose o seguinte texto:

1. *Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas a disciplina e infraccións urbanísticas, declaracións de ruína, ordes de execución e títulos habilitantes de natureza urbanística ou para o exercicio de actividades (licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables), agás as que lle puideran corresponder á outras Concellerías Delegadas en materia de espectáculos públicos e de actividades recreativas de carácter extraordinario ou as que supoñen unha ocupación do dominio público.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a precedente proposta.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

29(117).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 18.07.19, REFERENTE Á PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 608/1102 (REXISTRO PLENO 2106/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 18.07.19, que di o que segue:

“2.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 608/1102.

Dáse conta da proposta de data 17/07/19, asinado pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do 2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

De conformidade ca normativa sinalada e ao abeiro dos arts. 11, 14, 16 e 17 dos Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo (DOG n.º 246, do 27/12/2012), esta

Alcaldía Presidencia, tralas consultas cos Grupos Políticos Municipais, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Nomear representantes do Concello de Vigo no Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo aos seguintes concelleiros/as:

Polo Grupo municipal socialista:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D. Carlos López Font

Suplente: D^a Nuria Rodríguez Rodríguez

Suplente: D^a Isaura Abelairas Rodríguez

Polo Grupo municipal do Partido Popular:

D. José Alfonso Marnotes González

Suplente: D^a Teresa Egerique Mosquera

Comunicar, así mesmo, ao Consorcio do Casco Vello de Vigo que a competencia en materia de Urbanismo no ámbito do Casco Vello de Vigo correspóndelle á Concelleira Delegada da Área de Urbanismo do Concello de Vigo, D^a M.^a José Caride Estévez, por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019.
Suplente D^a Ana Mejías Sacaluga.

Segundo.- Nomear representante do Concello de Vigo no Comité Executivo do Consorcio do Casco Vello á concelleira:

D^a M.^a José Caride Estévez

Suplente: D. Carlos López Font

Terceiro.- Designar Vicepresidente do Consorcio Casco Vello de Vigo ao Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Cuarto.- Comunicar este acordo ao Consorcio Casco Vello de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e, para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Quinto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sexto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade

co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

30(118).- MOCIÓN DO MEMBRO NON ADSCRITO, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A INICIAR O PROCESO DE ELABORACIÓN DUN NOVO REGULAMENTO MUNICIPAL DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, REFORMA DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2114/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2019, número 2114/1101, o concelleiro Non Adscrito, Sr. Pérez Iglesias, formula a seguinte,

MOCIÓN

PARA A MELLORA DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NO CONCELLO DE VIGO

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As transformacións que fixeron medrar e avanzar Vigo sempre tiveron un denominador común. Foron resultado do empurre popular, da forza da xente, da suma de vontades das viguesas e dos vigueses. Somos unha cidade tan diversa como combativa, tan plural como solidaria, tan complexa como determinada a enfrontar, xuntos e xuntas os retos que se nos poña no camiño. E eses elementos que nos definen teñen cristalizado tamén na existencia dun vizoso tecido asociativo, nun activo entramado de movementos sociais que dinamizan a cidade nos seus diferentes ámbitos e que son unha xenuína expresión de espazos de participación.

Unha democracia efectiva e plena ten que permitir a participación directa e protagónica da cidadanía na toma de decisións, sen limitar esta á participación nos procesos electorais. No ámbito municipal, por ser o máis próximo, ese principio tórnase unha necesidade imperativa que ademais nos últimos anos ten constituído unha reiterada e enfática demanda social.

Na cidade de Vigo temos asistido nos últimos anos a un importante retroceso no referido á promover a activa participación cidadá, sendo patente a practicamente nula disposición ao diálogo por parte do Goberno e a laminación daqueles colectivos e entidades que se amosan críticos coa súa xestión. Son, neste sentido, numerosas as críticas e denuncias formuladas por diversos colectivos e movementos sociais que advirten da necesidade de mellorar os mecanismos previstos para a participación cidadá no Concello de Vigo, para facer imperativo o seu dereito a seren escoitados e atendidos e a que a súa opinión sexa efectivamente tida en conta no proceso de toma de decisións. Emporiso, faise necesario dotar a cidade e especificamente o Concello de mecanismos máis efectivos e úteis para facilitar e dinamizar a participación do conxunto da veciñanza.

De acordo ao exposto, propónse ao Pleno a aprobación dos seguintes

ACORDOS

Primeiro.- Instar o Goberno municipal a iniciar o proceso de elaboración dun novo Regulamento Municipal de Participación cidadá, que se asente nos seguintes principios:

- a. Revitalización dos consellos sectoriais municipais existentes, e a creación daqueles que foren precisos, configurándoos como espazos efectivos para a co-decisión, dotándoos de competencias claras e asegurando a súa convocatoria regular.
- b. Mellora dos medios de acceso público á información.
- c. Creación dos Consellos Veciñais de Barrio ou Parroquia, concibidos como espazos de co-decisión nos asuntos que afecten o seu ámbito.
- d. Regulamentación específica da concesión de subvencións municipais e do seu control e creación dunha Comisión Mixta con participación de toda a Corporación.
- e. Recoller a obriga de consulta por parte do Goberno municipal ao tecido asociativo dos proxectos de investimento.
- f. Aumentar os locais municipais destinados a uso asociativo.
- g. Maior descentralización administrativa e alargamento dos servizos municipais aos barrios e parroquias.
- h. Elaboración participativa do orzamento municipal.

Segundo.- Instar o Goberno municipal á reforma do Regulamento Orgánico do Pleno para facilitar a promoción de iniciativas populares e a intervención de asociacións e colectivos nas sesións plenarias, así como para propiciar unha mellor representación da pluralidade política aumentando o dereito dos e das concelleiras

das diferentes formacións políticas no referido á presentación de iniciativas (mocións, preguntas e rogos).

Terceiro.- Instar o Goberno municipal a incorporar na proposta de orzamento municipal para o exercicio 2020 unha partida no capítulo de investimentos para a posta en marcha dunha experiencia piloto de participación cidadá, a través da que os colectivos sociais e o conxunto da veciñanza poidan decidir o uso e aplicación da mesma.”

DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: Esta primeira moción do Bloque Nacionalista Galego no Pleno da Corporación de Vigo precisamente quere versar sobre un dos asuntos que onde o Concello de Vigo rexistra neste momento un maior déficit que é o da participación cidadá, miren, eu proveño do movemento veciñal e a miña primeira militancia en tódolos seus sentidos, cronolóxica e máis tamén de identificación e unha das cousas máis importante que se aprende no movemento veciñal é a escoitar e sobre todo a escoitar a quen pensa diferente, a escoitar a quen discrepa e a escoitar e a atender a prioridade que existe nos nos barrios, nas nosas parroquias, a prioridade que existe na cidade e dende esa reflexión esta moción quere ser un convite para que deixen de terlle medo á xente, para lle deixen de ter medo á cidadanía de Vigo e iso pasa por avanzar cara unha democracia municipal máis efectiva e máis real. Foi o Bloque Nacionalista Galego no ano 91, quen impulsou o actual Regulamento de participación cidadá que colocou a cidade de Vigo na vangarda non só das cidade galegas senón tamén do estado en materia de participación e de transparencia, hoxe a cidadanía nos esixe a todos/as unha maior participación, dixen no Pleno de constitución que a tarefa que ten esta corporación municipal, o conxunto da corporación e non gobernar só para as 100.000 persoas que lexitimamente apoiaron o actual grupo de goberno se non a atender ás necesidades das case 300.000 viguesas/es e iso pasa por contar con todas/os, pasa por entender que a construción da cidade, que a definición do modelo da cidade ten que contar con todos/as.

E por iso nós propoñemos a través desta moción elaborar un novo Regulamento de Participación Cidadá que entre outras cuestións permita primeiro, que os Consellos sectoriais deixen de ser consellos ornamentais, que se reúnen unha vez ao ano

para aprobar a acta anterior e que se convertan en actos, en espazos de codecisión, en espazos de participación popular, que se melloren os medios de acceso público á información, que se cren os consellos veciñais de barrio e de parroquia concibidos tamén como espazos de codecisión nos asuntos que afectan o seu ámbito porque nesta cidade se aplicou só a Lei de grandes cidades para furtarlle competencias ao Pleno e reservarlas á Xunta de Goberno pero non se abordou a necesidade de descentralización política, tamén do Concello, recoller expresamente a obriga de consulta por parte do Goberno municipal ao tecido asociativo no caso dos proxectos de investimento para que escoitar deixe de ser unha opción senón un mandato democrático. Aumentar tamén os locais municipais destinados a uso asociativo precisamente para reforzalo, abondar na descentralización administrativa e no alargamento dos servizos municipais, nos barrios e a elaboración participativa do orzamento municipal e niso lle facemos unha proposta moi concreta xa que o concelleiro de Facenda gabábase do diálogo, no vindeiro orzamento do ano 2020 recollan unha partida no capítulo de investimentos reservada para poñermos en marcha un proxecto piloto para experimentar a aplicación duns orzamentos participativos e por último, a reforma do Regulamento do Pleno para que sexa máis doado presentar iniciativas populares par garantir o dereito a intervir neste Pleno por parte dos colectivos.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo obviamente con esta moción entre outras cousas porque coincide incluso con mocións que nós levamos ao Pleno, nós pedimos que nos orzamentos houbera unha cantidade de 2 millóns de euros, foi levada esta moción a Pleno precisamente para levar a proba, a cuestión dos orzamentos participativos, o Partido Socialista decidiu que votaba en contra e ademais dixo que os seus orzamentos eran participados coa cidadanía, lémbroo porque o Alcalde pasea pola cidade e a xente vaille pedindo as cousas que quere co cal é ridicularizar unha cousa que é tan importante como un orzamento participativo que ten que ter un regulamento, un sistema de avaliación é dicir, unha cousa que aos concellos, concellos incluso gobernados polo Partido Socialista como é Sevilla un orzamento participativo non é pasear pola cidade e recibir propostas da xente senón que é unha cousa máis seria, nós estamos completamente de acordo e foi así como presentamos a moción aquí ao Pleno que

foi por desgracia rexeitado e ademais estamos de acordo, o Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Vigo é posiblemente o regulamento máis esclerótico de tódolos grandes concellos deste país, por que? Porque se aprobou nos anos 90, é certo que hai concellos que o aprobaron nos anos 80, o calor da primeira Lei de bases, moitos concellos decidiron xa no ano 83 ter un regulamento de participación cidadá, algún deles punteiros como o do Concello de Córdoba que no ano 93 é o primeiro gran concello que ten un regulamento participativo e consagra a descentralización administrativa, nós temos un Regulamento de Participación Cidadá que só creo que di que, pasiño a pasiño a ver se podemos descentralizar. No debate que están tódolos grandes concellos europeos que é crear unidades de xestión preto aos barrios, nós xa chegamos tarde e aínda tendo un Regulamento de participación cidadá non se empregou absolutamente en ningunha das cuestións básicas, si para crear algúns consellos efectivamente que ao final non se lles quixo dar ningún tipo de efectividade, de capacidade de decisión, pero a unha cuestión que nós pedimos e non só nós pero se pediron 60.000 veciños someter a referendo o Plan Xeral, someter a referendo municipal hai concellos por exemplo que foron e solicitaron ter referendos municipais para cousas tanto para decidir o día do patrón local, caso e ademais temos aquí aprobado polo goberno de Mascas e o Concello de Palamós como para decidir unha canteira ou unha infraestrutura caso do Concello de Xinzo ou o Concello de Leizan, é dicir, consultas municipais que figuran dentro da normativa de moitos concellos, cuestións que teñen que ver coa descentralización administrativa, había consenso nos anos 80 de crear as Xuntas de Distrito en Vigo, de ter os consellos, eu estou de acordo con que haxa máis que consellos veciñas de barrio e parroquias e que xa existe na Lei de bases a creación das xuntas de distrito e os consellos sectoriais de distrito e ademais son contrapoderes moi interesantes e moitos concellos onde goberna un partido de dereita, nos consellos de distritos hai correlación de forzas diferentes e nos vocais que están nos consellos de distritos son de cores de diferentes ás cores políticas que están no Concello e os consellos de distritos xestionan recursos económicos, hai obras e investimentos que deciden os distritos, caso de Madrid, aquí o que vemos hai unha resolución que tódalas obras van a pasar por un concelleiro independentemente das concellerías, nós non entendemos esa centralización das obras nun concelleiro, nunha resolución que se

ditou recentemente e non un proceso descentralizado que orzamentos estean asociados ao territorio, nos parece que no caso das grandes cidades deste país funciona, funciona ben, e creo que unha é maneira tamén poñer no século XXI das administracións públicas e ademais creo que non se debe obviar que os mecanismos de participación tiñan que ser regulados porque vostede me di, “eu falo, eu sei o que queren os veciños de Beade porque falo coa Presidenta da asociación de veciños de Beade” ao mellor non representa a moitos veciños a presidenta dunha asociación porque non tódolos veciños de Beade teñen que estar necesariamente asociados a unha asociación de veciños, pode haber outros instrumentos de participación e polo tanto cremos que iso non hai que poñelo enriba da mesa incluso como ridiculizalo porque hai mecanismos absolutamente democráticos e ademais como digo, con regulamento que permiten aos veciños decidir, Santiago de Compostela os veciños deciden 1 millón de euros dos orzamentos, A Coruña decide 1 millón de euros dos orzamentos, o Partido Socialista non cremos que elimine este sistema de participación veciñal, creo que é un bo momento tamén de probalo e ademais de facer valer a necesidade dun novo regulamento de participación cidadá porque moitos anos despois de aprobarse, é certo que foi unha iniciativa loable que se tivéramos un regulamento, está complementemente obsoleto na realidade actual da política local.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Como nos imos a opoñer nós a mellorar a participación cidadá?

PRESIDENCIA: Deixen continuar, téñolle parado o tempo.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Agradézollo porque se hai unha deferenza de que se hai un grupo político que ten 3 minutos para propoñer unha moción eu non vou a usar 5 para contestarlle. En calquera caso nós como nos imos opoñer a iso, nós non estamos en contra en absoluto nin nos parece mal que o Alcalde e os concelleiros falen coa cidadanía, só fallaba tamén falamos nós, non se trata de substituír a interacción que teña o Alcalde coas asociacións e os veciños/as ou a que teña os concelleiros, en absoluto, do que se trata é de articular un mecanismo sistemático, organizado, democrático plural e participativo para escoitar a voz da

cidade, como fan tódalas cidades importantes como a nosa, como tódalas grandes cidades porque senón é imposible o que un cidadán nunha cidade de 293.000 habitantes poidan acercarse ao Alcalde a explicarlles os problemas que ten ou a un concelleiro non sería posible, habería que articular mecanismos para que se respecte a pluralidade que hai na cidade e se respecte a democracia e a participación cidadá. Non podemos estar en contra de elaborar un novo regulamento, de revitalizar os consellos sectoriais, de mellorar o acceso público á información, de crear consellos de barrios, de regulamentar a concesión de subvencións municipal, de recoller obriga de consulta, de aumentar os locais municipais destinados a uso asociativo, maior descentralización administrativa, non a vou a discutir, elaboración participativa de orzamento pois por que non? Porque non se vai articular un elaboración participativa se ademais o orzamento tamén fases de consultas, tamén os cidadáns/ás pode achegar, por que non? Porque non se vai poder reformar o Regulamento orgánico do Pleno para poder garantir esa pluralidade non nos parece mal, e dende logo non cremos que esta moción vaia en contra de ninguén, nós non a interpretamos así, nós non cremos que se trate de suxeitar a ninguén para que deixe de ir a ningún lado ou deixe de falar con segundo que xente, nós iso non o entendemos así, iso está ben, nós facemos o mesmo tamén, tamén falamos con asociacións e con persoas pero cremos que un concello como o noso ten que ter mecanismos de participación aínda que sexa actualizados porque os que ten dos ano 90, pois podemos convir en que pasaron moitos anos e que tamén incluso na forma en que os cidadáns interactúan coas administración e que interactúan entre si e coas empresas teñen outros medios, non. Como nos imos a opoñer, votamos a favor.

SR. LOSADA ÁLVAREZ: A verdade que despois dos 9 anos que estiven no Parlamento aguantando ao goberno do Sr. Feijóo, escoitar aquí un exdirector xeral do seu goberno un discurso asemblearista, a verdade é que me deixa en estado de shock hipoglucémico, de verdade.

Sr. Marnotes, mire, o primeiro non estamos a falar aquí, voulle adicar algunhas porque a verdade é que o merece, iso de predicar co exemplo que dicía a Igrexa Católica, a verdade que o levan a raxatabla, non se está a falar na moción do Bloque Nacionalista Galego do Regulamento do Pleno, estase a falar dun

regulamento de participación cidadá conviría aionarse para ir decatándose. Nos exemplos en canto ao grupo de Marea, efectivamente os cidadáns en A Coruña e Santiago de Compostela accederon a xestionar ou debater orzamentos participativos e tamén votaron nas últimas eleccións municipais, eu creo que convén lembralo. Falaba o Sr. Pérez Correa dalgún exemplo que eu creo que viría ben o xusto termo medio porque falou de Xinzo de Limia, que me parece moi ben que se faga un referendun para si se xestiona ou se se autoriza unha canteira e falou de Madrid, está ben 12.000 habitantes, 3.600.000, eu creo que convén situarse no ámbito que vostede coincidirá comigo que é a distribución en distritos nunha cidade de 300.000 non é en absoluto imprescindible para un correcto funcionamento da administración municipal e o sabe perfectamente ou polo menos esa é a decisión do goberno municipal de Vigo, vostede pode ter outra opinión pero volvo a repetir, lamento moito que non se fixera na cidade de A Coruña que é dun tamaño similar cando vostedes gobernaban.

Sr. Pérez Iglesias, mire, primeiro a parte melodramática da exposición porque eu recoñezo que a nula disposición ao diálogo por parte do goberno é a laminación de aqueles colectivos, entidades que se amosan críticos coa súa xestión, home o de laminación a min sóame un pouco estalinista, dáme un pouco de medo, aquí non se lamina a ninguén que eu saiba eu non sei se o Bloque Nacionalista Galego alí onde goberna lamina a alguén, aquí dende logo non se lamina a ninguén. Mire, sabe cal foi un dos momentos de maior participación cidadá na historia desta cidade? Foi cando o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego votaron un Plan Xeral e houbo 60.000 alegacións, esa foi a maior participación cidadá que se coñeceu en Vigo e que lle custou por certo aos socialistas un goberno por defender unha posición ética ante o que era un ataque absoluto en termos de burbulla especulativa por non facer outras cousas. Polo tanto, eu creo que o Bloque Nacionalista Galego clases de participación cidadá no discurso as que queira, na práctica política neste Concello poucas, se pode ser case ningunha e a proba a tiveron en que acabaron saíndo deste Pleno e da representación municipal en Vigo precisamente por darlle o apoio a un goberno municipal de dereitas que pretendía pelotazo urbanístico tras pelotazo urbanístico e os seus votantes non llo perdoaron, e iso é a participación cidadá. E os votos están aquí Sr. Pérez Iglesias e eu vou a falar de votos tamén porque é verdade que se pode falar co movemento

veciñal e se debe e hai que falar co movemento veciñal por certo, póñanse de acordo porque vostede di que hai que falar co movemento veciñal e o voceiro de Marea di que porque a Asociación de Veciños de Beade vai ser representativa dos desexos ou das necesidades da cidadanía de Beade, eu creo que hai que falar con todo o mundo, resúltame moi complicado entender que quen non fala con ninguén teña 100.000 votos, resúltame moi complicado de entender, ao mellor hai algunha teoría política que o xustifica pero resúltame moi complicado entender que quen non fala con ninguén, quen laminan non se sabe quen etc. teña 100.000 votos porque se fora así están dándolle vostedes algún adxectivo á cidadanía deste cidade e eu creo que non, eu creo que a cidadanía desta cidade sabe perfectamente o que vota, a quen vota e para que vota, eu creo que sabe perfectamente a quen, o que e para que vota.

Vostede que falou, insisto, nun ton un tanto apocalíptico a min a ONG transparencia internacional váleme, ao mellor ao nacionalismo non porque ten unha dimensión un pouco territorial, un pouco máis limitada pero a min váleme e eu vou comparar Vigo e a cidade de Pontevedra na que vostedes levan gobernando durante moitos anos en algúns con maioría absoluta e dende logo cun exemplo que pasean por todo o mundo, dende Abu Dabi ata Tokio en termos dalgunhas políticas municipais, pero eu voulle falar de transparencia, mire, a valoración global Pontevedra 20 puntos por detrás de Vigo, a valoración global constrúese con 6 items, vou falar só de dous, o primeiro a propia transparencia activa Pontevedra 12 puntos por debaixo de Vigo e 25 puntos por debaixo en termos de transparencia e de participación colectiva.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Eu lamento que as luces de Nadal non merezan o premio Hábitat da ONU como si outras actuacións urbanas noutros concellos, en todo caso o verdadeiramente dramático non é que alguén consigne que existe unha laminación efectiva do tecido asociativo senón que exista, ese é o drama desta cidade que aquí a quen non aplaude, a quen non di amén pois ten problemas e non se lle escoita, esa é a realidade e senón saian a consultalo, vivímolos neste mesmo Pleno hai un momento. En todo caso, democracia non pode ser só votar cada 4 anos, hoxe lle tocou a vostede Sr. Losada lembrarnos o resultado electoral, normalmente lle toca ao Sr. Font, felicidades por lembrarnos o resultado electoral

porque o coñecemos, en todo caso non confundan parte con totalidade e dende o Bloque Nacionalista Galego recoñecemos a súa maioría absoluta e a lexitimidade democrática que ten pero tamén recoñezan que existe máis cidade que aquela que lle apoia e por último, dende logo, sábeme mal o apoio do Partido Popular, non quero desprezalo pero en todo caso o Partido da Lei Mordaza, da reforma do Código Penal, da persecución de quen discrepa, pois soa algo oportunista.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 26.07.2019 (Rex. Nº 2114/1101), polo concelleiro Non Adscrito, Sr. Pérez Iglesias, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

31(119).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE ÁS REIVINDICACIÓNS DO COLECTIVOS DE BOMBEIROS.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O rogo do Bloque Nacionalista Galego é que se atenda ás reivindicacións do colectivo de Bombeiros da cidade, no senso de aumentar o número de efectivos e garantir a seguridade tanto dos vigueses/as como a súa propia, a comezar por seren recibidos de inmediato pola nova concelleira de seguridade.

PRESIDENCIA: Queda tomada nota do seu rogo.

32(120).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE AO ENSANCHAMENTO DA RÚA VIÑA GRANDE.

SR. PÉREZ CORREA: Rogamos que se teñan en conta as sucesivas peticións de veciños/as de Alcabre, de residentes e familiares na Residencia Santa Marta que están a solicitar reiteradamente o ensanchamento da rúa para permitir o acceso do transporte público pola rúa Viña Grande.

PRESIDENCIA: Xa se está a traballar nese ensanchamento, de feito xa se fixo e está incluso a estudar a posibilidade de que o autobús poida chegar alí con horarios establecidos coa residencia.

33(121).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE AO ARRANXE DA RÚA BAIXADA A LAGOA EN TEIS.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: O noso rogo é que se arranxe a rúa Baixada a Lagoa en Teis que leva moito tempo en mal estado.

PRESIDENCIA: Queda tomada nota do rogo.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

34(122).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE Á POSTA EN MARCHA DUN PARQUE MUNICIPAL DE VIVENDA SOCIAL.

SR. PÉREZ IGLESIAS: A pregunta do Bloque Nacionalista Galego é que dado que semana si e semana tamén asistimos a desafuizamentos na cidade sen alternativa habitacional.

PRESIDENCIA: Desculpe un segundo, son preguntas non mocións, entón o que rogaría porque se eu fago unha introdución de 20 liñas e a pregunta son dúas palabras, quero dicir, fagamos preguntas, concretemos, o que non temos é que explicar, facer o contexto de todo o queremos dicir, quero dicir, para todo o mundo o que estamos é no apartado de preguntas cando se queiran presentar mocións se presentan mocións no Pleno pero ciñámonos ás preguntas por favor.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Estou enunciando a pregunta e polo tanto vou a exercer o meu dereito como corporativo, dado que semana si e semana tamén asistimos a desafuizamentos na cidade sen alternativa habitacional como exemplifica a orde de desaloxo ditada polo propio Concello de Vigo contra unha familia na rúa Santa Marta ofrecéndolle aloxamento provisional.

PRESIDENCIA: Ten algunha pregunta ou non ten pregunta que facer?

SR. PÉREZ IGLESIAS: Se me permite concluír si.

PRESIDENCIA: Pero ten pregunta ou non ten pregunta.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Esta é a pregunta.

PRESIDENCIA: Non, ese un texto dunha moción. Ten pregunta ou non ten pregunta.

SR. PÉREZ IGLESIAS: É o enunciado da pregunta se me permite concluíla.

PRESIDENCIA: Eu lle permito que faga unha pregunta que é o que marca o Regulamento do Pleno.

SR. PÉREZ IGLESIAS: E iso estou a formular Sr. Presidente.

PRESIDENCIA: Non, está a facer un anuncio con texto. Díganos unha pregunta.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Permítame concluír, cando ten pensado o goberno local poñer en marcha un parque municipal de vivenda social?.

PRESIDENCIA: Iso é unha pregunta, perfectamente o acabamos de entender. Iso é unha pregunta o resto é un enunciado, unha exposición de motivos.

35(123).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. MÉNDEZ FUENTES, REFERENTE ÁS ESPECIALIDADES DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Pode o goberno municipal garantir que tódalas especialidades da Escola Municipal de Artes e Oficios, onde existe alumnado que o ano pasado quedou sen profesora ao pouco tempo de comezar o curso, terán continuidade de xeito normal no curso que se vai iniciar?

PRESIDENCIA: Se lle contestará por escrito igual que ao Sr. Pérez Iglesias.

36(124).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE Á RECUPERACIÓN AS ÁRBORES DA GRAN VÍA.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Vai o goberno municipal establecer algún plan para avaliar a situación e a recuperación dos castiñeiros de indias e dos tilos de toda a Gran Vía para evitar o seu deterioro e que teñan que se talados como xustificou nas obras do primeiro tramo.

PRESIDENCIA: Eu se me permite xa lle vou a contestar, os castiñeiros que foron talados contan con informes de enxeñeiros agrónomos e perfectamente se viron as fotografías de que estaban enfermos, cunha puntuación de 11 sobre 12, o resto das plantas e árbores que se retiraron do centro do bulevar están transplantados no parque de Castrelos tal e como se dixo, pero todo o que foi talado foi por seguridade, sabe por que? Porque non se pretende que haxa técnicos municipais que asuman responsabilidades, cando asinando un informe dun enxeñeiro agrónomo di que están enfermos e quero lembrarlles que xa pasaron accidentes con árbores na zona, quero lembrarllo e non se preocupen que o que se tale por mor das enfermidades das especies vaise repoñer, como leva facendo o Concello de Vigo en tódalas rúas que humanizou porque seguramente o número de árbores plantados é 4.000 máis do que houbo que retirar, sempre por cuestións fito sanitarias, non nos esquezamos e o resto está transplantado en Castrelos e será sempre con informes con que se retiren ou se talen as árbores.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Desculpe Sr. Pardo non preguntei iso, eu preguntei se vai avaliar o estado do resto das árbores de toda a Gran Vía.

PRESIDENCIA: Fíxese se fomos rápidos que lle contestamos no momento.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e dezasete minutos, da que se redacta a presente acta; como

secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.